



A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL



Marcelino Camacho:
"A reforma laboral non crea postos de traballo"
13
Bernardo Atxaga: "En Madrid sempre hai quen
quere que te pases ao castelán"
25



Ceferino Díaz:
"Moitos políticos do
PSOE galego pensan
polo que di a prensa
madrileña"
9

Non haberá planta de gas en Ferrol
7
A Academia Galega
elixe presidente, a médo do desprestixio
da institución
27

27 DE NOVEMBRO • 1997 • ANO XX • IV XEIRA

FUNDADO EN 1907

Nº 806 • 200 PTA

O sector lácteo mobilizarase o 18 de Decembro

Diante da ameaza de que se aplique a supertaxa sobre os produtores de leite galegos, o Sindicato Labrego, Unións Agrarias e USAG convocaron mobilizacións para o próximo 18 de Decembro a fin de forzar unha solución e que a administración se faga cargo da multa. (Páx. 12)

O Tribunal Superior descubre irregularidades no voto emigrante pero non obriga a tomar nengunha medida

Non pasaran cinco días desde se constituíu o parlamento cando o Tribunal Superior de Galicia decidiu dar por bono o escrutinio da mesa coruñesa do Censo de Residentes Ausentes, apesar de estimar que os razonamentos do BNG eran acertados e as irregularidades detectadas eran causa invalidante. (Páx. 4)

Documento interno do PP no que describe a súa estratexia contra os nacionalismos

As delegacións do PP do País Basco e Catalunya reuníanse o 21 de Outubro en Bilbo. Un documento de conclusións da reunión foi publicado polo xornal *Egin* e tamén enviado a *Deia*. (Páx. 15)

Cando hai paro é que o sistema falla

O parado como individuo acostuma a pensar que é el persoalmente o que falla. Sen embargo, o paro que padecen na actualidade milleiros de persoas convertiuse na mostra máis patente do fracaso dos gobernos e do propio sistema económico. Os ministros europeos veñen de anunciar en Luxemburgo a iniciación de medidas a favor do emprego, toda unha novidade para quen até agora só se manifestaban preocupados pola moeda única.



Manifestación en Caldas contra o encoro. Vários miles de persoas manifestáronse en Caldas contra o previsto encoro do Umia, apesar das adversas condicións climatolóxicas. A oposición a esta presa lembrou que a maiores da súa innecesaria instalación, abríriase para a poboación unha ameaza permanente como a que provocou varias mortes en Melilla recentemente. Durante o proceso electoral detivéronse en parte as medidas de *Augas de Galicia* para avanzar no proxecto, que agora tentará dar novos pasos. A coordinadora contra o encoro anuncia unha oposición permanente até que se suspenda o proxecto.

M. RIOPA

DE RATOS E HOMES

John Steimbeck

Un extraordinario e conmovedor relato dun dos escritores máis importantes do noso século. Traducción de Álvaro de Prado.



A Coruña e Ourense únicos topónimos admitidos

Paco Vázquez non deu entendido despois das eleccións o alicerce dos seus resultados mediocres. Cando agora o Congreso dá o penúltimo paso a prol de que sexan as formas galegas dos topónimos provinciais. A Coruña e Ourense, os únicos legalmente recoñecidos, paga a pena lembrar que o secretario xeral do PSdeG-PSOE e o que foi despois candidato á Xunta Abel Caballero, empeñáronse en Madrid en porse en contra desa iniciativa unánime do Parlamento de Galicia, nunha posición insólita que auguraba a debacle do 19 de Outubro. Presentaron unha emenda e todos os grupos votaron en contra, incluso o seu propio. Agora xa só queda o trámite do Senado para sancionar definitivamente esta decisión, que os meios de comunicación aínda non observan. Algo aínda comprensíbel nos de fóra do país, pero definitivamente esperpéntico naqueles que, igual que o presidente e o secretario do PSdeG-PSOE, contemplan a historia polo espello retrovisor. ♦

No centenario do nacemento do lingüista portugués, amigo da Galiza Especial Rodríguez Lapa

O galego moderno non poderá desenvolverse de costas ao tronco lingüístico portugués, ao que está unido por un pasado comun nen o portugués pode renunciar, sen dano gravísimo, ás aportacións do caudal da lingua da Galiza sobre o seu idioma. Manuel Rodríguez Lapa situábase con esta proposta no centro dunha disquisición copernicana ao abrir a discusión sobre os caracteres e evolución independente do galego desde o Medioevo. (8 páxinas)

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:

Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:

PRESIDENTE:
Cesáreo Sánchez Iglesias.VICEPRESIDENTE:
Xaquín Acosta.CONSELLEIRO DELEGADO:
Xosé Fernández Puga.VOCALES:
Alberto Ansedo,
Xosé M^o Dobarro,
Antón Fernández,
Manuel Veiga, Xosé Castro,
Ratón, Manuel Portas e
Xan Costa.SECRETARIO:
Xan Piñeiro.

Director:

Alfonso Eiré López

Redacción:

Gustavo Luca de Tena,
Xan Carballa, Manuel Veiga,
Horacio Vixande,
Aranxa Estévez, Carme Vidal,
Paula Castro, Paula Bergantiños.FOTOGRAFÍA:
Anxo IglesiasENCICLONS ESPECIALS:
Xosé Henrique Acuña.DISEÑO GRAFICO:
Xoselo Taboada.

Colaboradores:

MADRID:
Manuel Seoane.BARCELONA:
Iria Varela.PORTUGAL:
Gonzalo Nuno.SANTIDADE:
Maria Alonso.CULTURA:
Xoán M Estévez,
Celso López Prazos,
Manuel Vilar, Lupé Gómez,
Oscar Losada, Gonzalo Vilas,
Xosé M. Eiré Val,
Xosé M^o de Castro Erroeta,
Xesus González Gómez,
Manuel Rivas, Borobó.LETER:
Iago LucaFotografía:
Andrés Panaro,
Xosé Marra,
Voz Noticias.Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro,
Carlos Silvar, Gonzalo Vilas.Publicidade:
Carlos Martínez MuñozXefa de Administración:
Blanca CostasSubscripcións:
Lola Fernández PugaVendas:
Xosé M. Fdez. AbroladesRedacción e Administración:
Rúa do Príncipe 22, baixo,
36202 Vigo
Apartado 1371, 36200 Vigo

Teléfonos:

REDACCIÓN:
(986) 43 38 86 - 22 24 05
Fax (986) 22 31 01
Correo Electrónico:
antpog@arrakis.esADMINISTRACIÓN, SUBSCRIPCIÓN E
PUBLICIDADE:
(986) 43 38 30'Imprenta:
E.C. C-3 1958Depósito Legal:
C-963-1977ISSN:
0213-3105Non se mantén
correspondencia sobre
orixinais non solicitados.Está permitida a reprodución
sempre que se cite a
procedencia.

O Estado español figura á cabeza do paro na UE. En Europa existen oficialmente 18 millóns de parados. Nunha recente reunión de ministros en Luxemburgo analizouse a posibilidade de tomar medidas a favor do emprego.

A. IGLESIAS

A opinión dos parados rara vez coincide coa expresada polo goberno ou pola maioría dos medios de comunicación

'Ás veces danme gañas de romper o televisor'

MANUEL VEIGA - PAULA CASTRO

O matrimonio formado por Estrela Area e Xan Manuel Rodríguez reune, nunha soia familia, as vicisitudes de miles de traballadores galegos. Ela foi empregada durante catorce anos da empresa textil que a familia Regojo explotaba en Redondela, agora ten un taller propio de confección. El traballou once anos en *Reyman*, unha empresa do sector químico, xa pechada, instalada primeiro no barrio vigués de Coia e logo no Porriño. "Deixaron de pagar, despois fíxose unha sociedade anónima laboral, tampouco había cartos".

Obreiro en paro, Xan M. Rodríguez tomou outro camiño igualmente coñecido: emigrou a Xenebra e alí botou sete anos. De regreso entrou a traballar na factoría *Bandas y Montajes* de Bouzas, a vella vila mariñeira, hoxe incorporada ao conglomero urbano de Vigo. Pero o empresario non era un modelo de honestidade. Adicábase a pechar empresas e a abrirlas con outro nome, reincorporando á maioría dos traballadores, pero sen recoñecerlle a antigüidade, nen os dereitos. A nova empresa era *Habinaval*. Xan M. Rodríguez acudiu ao sindicato e conseguiu gañarlle ao patrón oito

xuizos contra outros tantos abusos. Despois da última sentenza preferiu cobrar a indemnización, antes que renganchar na empresa, onde o ambiente era insoportábel. Fuxindo do paro —el e Estrela teñen catro fillos— traballou un ano de albanel. Agora estableceuse como empresario autónomo e dedícase á venda de produtos dedicados ao agro, sobre todo produtos.

Estrela era do comité de empresa de Regojo, asistía a reunións en Madrid. Cando os empresarios abandonaron a factoría, a empresa convertiuse en Sociedade Anónima Laboral (SAL), o Estado concedeuulle un préstamo de catrocentos millóns, pero a empresa non foi adiante e o goberno intentou embargar as propiedades dos traballadores para

resarcirse do préstamos. Hai dez anos disto. Daquela Redon-

dela viviu longas xornadas de enfrontamentos coa policía. Cando se lles pregunta a Xan e Estrela a súa opinión sobre a necesidade proclamada polo goberno e os empresarios de ser imaxinativos e criar novos empregos, responden desde a experiencia de cada un. "Todo son impostos —di Estrela—, non hai axudas. Só os grandes tiran beneficio. Teño o pelo branco, loitamos como *jabatos* e para isto". Xan engade que "conta peso por peso, para ir saíndo. Os Domingos non gastamos nada". O seu medo, cando estaba no paro ou sancionado pola empresa, era sobre todo a non poder pagarlle os estudos á filla que estaba a rematar medicina.

Ao referirse aos fillos, Estrela alpori-
Pasa á páxina seguinte



Xan M. Rodríguez padeceu a reconversión da súa primeira empresa e a picaresca dos empresarios que fivo despois. Foi parado, albanel e emigrante en Suíza. Hoxe é empresario autónomo. Di que o imposto por módulos non o deixa vivir. "Conto cada peso para ir tirando".

Ven da páxina anterior

zase máis: "Non hai un posto fixo e eles necesitan facer os seus plans, casar e todo iso. Temos un pequeno de dazaioito ao que lle fan contratos de mes. Estudou até quinto de electrónica. Estivo salando porcos nove meses e logo mandárono para casa. Levou un grande disgusto. Agora cada vez que lle vence o contrato éntalle unha anguria que non mires. Penso que até se pon mao do estómago". Estrela fai unha pausa e engade: "A ese que di que *España va bien* había que darlle co televisor na cabeza. Cando falan do traballo na televisión e que me dan gañas de rompela".

"Hai moita competencia"

Carlos forma parte dun grupo de mozos á espera do comezo dun curso de formación laboral. El é o primeiro en tomar a palabra. A situación é "bastante mala. En todos os sitios piden experiencia e aos meus 22 anos xa tampouco me queren de aprendiz". Sobre o goberno e os medios de comunicación, Carlos non se quere definir: "Non estou ao tanto, non sei o que fai o goberno, nen o que di a televisión". Logo dunha pausa, engade: "Eles dicerán, pero de feitos nada". Outros compañeiros de Carlos dan tamén a súa opinión: "Hai moita competencia, moita xente para cada posto, se un ten máis estu-

dos ou máis experiencia ca ti xa cho quita". "O que hai que ter é enchufe". "Agora hai máis máquinas, antes para asfaltar unha rúa ian coarenta obreiros, agora chegan cinco". Carlos retoma a palabra para dicir que o traballo para a xente nova é moi difícil, porque "os empresarios, sempre prefiren escoller a un maior".

Opinión contraria a esta última é a de Guillermo, de 45 anos. "O do traballo xa non é que esteña fodido, é que non hai", afirma. "Os patróns coidan que lles sae máis barato un traballador novo". Guillermo é obreiro da construción, gruísta. "Os portugueses traballan pola metade, xa sei que todos temos dereito á

vida, pero se a ti che pagan cen mil, veñen eles e fan o mesmo ca ti por sesenta ou setenta, sen asegurar". Guillermo pensa tamén que "o campo que hoxe é monte, volverá a ser campo. A xente que fuxe das aldeas terá que volver".

Tampouco está contento co INEM. "Levaba cinco anos no paro, un día fun facer unha mudanza e pasouseme selar a cartilla. Alá se me foi a antigüidade". "No INEM non che fan caso ningun", engade. "Un día chamáronme para ir traballar á unha e cuarto. Fun ao día seguinte e dixéronme: *Pero vostede non tiña que vir onte?* Si, pero é que non traballan pola tarde e pola

mañán pechan ás dúas. O caso é que cando fun á empresa que chamara xa non necesitaban a ninguén".

Tamén María Teresa, de trinta e oito anos, é crítica co INEM. Cada pouco chámana para facer un curso, coa ameaza de que se non vai causar baixa automática na lista. "Téñeme dado o caso de coincidir varias chamadas para os mesmos días ou de mandarme a facer un curso que xa fixera. A última vez tiven que acudir durante cinco días a un de cociña e iso que son asistente sanitaria. Nada máis chegar colgáronme un mandil e mandáronme facer bacallau ao pil-pil". ♦

Os autores cuestionan os datos do INEM

Xunta e goberno central son incapaces de crear emprego, segundo o informe do Consello de Relacións Laborais

Por cada 100 persoas ocupadas hai 154 paradas ou inactivas. Diminuíu o persoal das administracións e das empresas públicas, incrementouse a taxa de sinistralidade laboral e a contía media das pensións é a máis baixa do estado. Son datos do Informe sobre a situación socio-laboral da Comunidade Autónoma Galega feito público recentemente polo Consello Galego de Relacións Laborais. O propio informe advirte que o incremento da taxa de poboación desocupada no ano 1996 "reafirma a clara tendencia de descenso a longo prazo" e denuncia a "incapacidade para dar saída produtiva aos recursos humanos" das economías galega e estatal.

Os datos positivos que destaca o informe, como o sensíbel incremento do comercio exterior, a redución da inflación ou a diminución da emigración, vense relegados a un segundo plano diante dos desoladores resultados en materia de emprego. O crecemento económico do ano 96, "non serviu para crebar o

proceso de perda de emprego neto que se ven dando case ininterrompidamente desde o ano 1989", tal e como indican os autores do informe.

A taxa de actividade atópase a un "nivel mínimo histórico" do 48,5%, mentres que a da UE é do 61% e a do Norte de Portugal do 59,8%. Galiza sufriu o maior descenso de todo o estado.

Os limitados datos do INEM

A taxa galega de paro, do 19%, duplica á media da UE e triplica a do Norte de Portugal, chegando ao 40,3% entre os menores de 25 anos e até o 48,6% entre as mulleres que forman parte deste grupo de idade. Deste xeito, o colectivo máis numeroso fórmano os parados que buscan o primeiro emprego ou perderon o último hai máis de tres anos. Entre ambos superan por vez primeira a barreira dos 100.000, o que ven ser un 48,5% do total.

Os autores cuestionan a veraci-

dade dos datos de paro rexistrado no INEM, xa que segundo eles mesmos afirman "non todos os colectivos teñen motivos para inscribirse —por ter unha baixa expectativa de acceder ao traballo— e ademais, algúns non son computados como parados".

De feito o INEM exclúe do cómputo aos traballadores afectados por expedientes de

regulación de emprego, estudantes de ensino oficial menores de 25 anos ou demandantes do primeiro emprego, traballadores que soliciten exclusivamente un emprego de características específicas e traballadores eventuais agrários beneficiarios de subsidio especial de desemprego.

A maior parte das contratacións realizadas foron de obra ou

servizo, seguidas da contratación a tempo parcial e a interinidade, co que se mantén a tendencia a afondar na inestabilidade laboral e rotación no emprego. Os contratos indefinidos representaron o 2,74% dos rexistrados e deles só un 0,27% foron contratos temporais convertidos en indefinidos, o que dá unha idea da eficacia que tivo en Galiza a aplicación da reforma laboral auspiciada polo goberno e asinada polos sindicatos UGT e CCOO.

O informe sinala que a contía media das pensións é a "máis baixa do conxunto das comunidades autónomas". Canto á industria, nen sequer se aprécia unha evolución favorábel da súa capacidade produtiva, que caíu no último trimestre do 1996 até mesmo acadar niveis inferiores aos do ano 1994. Ao tempo destácase a diminución apreciable de traballadores das empresas públicas galegas, nestes últimos catro anos, pasando de 14.067 no 93 a 12.010 no 96. ♦

| Tipo de contrato | Homes | Mulleres | Total |
|---------------------|-------|----------|--------|
| Por obra ou servizo | 77,0% | 23,0% | 33,00% |
| Eventual | 66,0% | 34,0% | 24,00% |
| Tempo parcial* | 41,0% | 59,0% | 16,80% |
| Interinidade* | 35,9% | 64,1% | 8,34% |
| De lanzamento | 67,0% | 33,0% | 4,62% |
| Aprendizaxe | 65,0% | 35,0% | 3,76% |
| Prácticas* | 53,0% | 47,0% | 0,83% |
| Temporal | 79,0% | 21,0% | 0,67% |
| Indefinido | 74,0% | 26,0% | 2,74% |

* O número de contratos realizados a mulleres só supera á taxa masculina nos de tempo parcial e interinidade, que se corresponden maioritariamente co sector servizos, equiparándose case os contratos en prácticas que se realizan aos recién licenciados.

No tratado de Maastricht non hai iniciativas contra o paro

Pésie á globalización que os gurús da mística económica describen, a economía —e máis en concreto as políticas de emprego— deben ser aínda analizadas por separado. Se un dado tan sobranceiro como a taxa de actividade é en Galiza un 12,5% inferior á media europea (48,5 frente a 61%) acadando así un mínimo histórico; se o paro no Estado español supera en dez puntos a media na UE, ostentando desde hai tempo a primeira marca comunitaria, cómpre colexir que a unidade europea é unha ficción, cando menos en certos ámbitos. Ou, dito doutro modo, a unidade europea só leva camiño de ser verdadeira na esfera do diñeiro, pero non na da economía real, determinada polo desenvolvemento salarial e o consecuente nivel de vida.

No primeiro círculo que nos afecta, o galego, vemos que o paro non é só consecuencia da saída de poboación do agro que non encontra alternativa na industria, senón que é tamén unha consecuencia da destrución de postos de traballo no propio sector industrial, e iso pésie a que Galiza, como se sabe, nunca gozou dun nivel de industrialización elevado. Tal constatación rebate sen dúbida algúns dos máis habituais tópicos dos analistas ao uso. Por outra parte, o feito de que aumente o paro ao mesmo tempo que diminua a poboación é argumento abondo para desacreditar a política económica dos actuais gobernos autonómico e central.

No segundo círculo, o do Estado español, resulta do máximo interese analizar o último informe do Banco de España que certifica un "crecemento importante do beneficio das empresas" e a boa marcha xeral do mundo dos negocios. Significativamente o mesmo informe pide un maior control dos salários para non perder competitividade. Noutras palabras, España vai ben desde o punto de vista da acumulación de capital, pero as rendas salariais seguen perdendo espácio na tarta produtiva. A exigencia progresista de *reparto do traballo* e de aprobación da xornada de 35 horas, debería, para acertar na diana, ser substituída pola de *reparto dos beneficios*. A realidade mostra que unha parte dos traballadores cumpre xornadas de cincuenta horas semanais, é dicir: traballa un bon número de horas extras sen retribuír, en canto outra parte carece de emprego. Abondaría con que se cumprise a histórica lei das coarenta horas para que os empresarios se visen obrigados a contratar máis traballadores e ceder, iso si, unha parte dos seus beneficios ao resto da sociedade, que, ao fin e o cabo é a que vai consumir os seus produtos. O argumento da competencia exterior non resulta válido, toda vez que os principais competidores das empresas españolas —franceses e alemáns— pagan salários ben máis elevados.

En terceiro lugar, o espácio europeo móstrase cada vez máis converxente no tocante á moeda, pero non a respecto dos salários. Paradoxicamente ten razón

Aznar cando asegura que o seu goberno non pode aceptar as receitas para a creación de emprego do último cúmulo de Luxemburgo se ademais quere cumprir cos requisitos de converxencia. Ou déficit público ou creación pública de emprego. Ou se aposta por Keynes e o estado de benestar ou polo neoliberalismo. Que non lle pidan a Aznar que crie emprego aqueles que apoian a política económica de Maastricht tanto como el. Non é, xa que logo, que camiñemos cara unha Europa de dúas velocidades. É que esas dúas velocidades resultan patentes hoxe. A entrada na UE non contribuíu a unha converxencia real. Se falamos de Galiza, as velocidades a contemplar serían tres.

Países como Francia poderían iniciar a partir de agora experimentos progresistas de creación de novos empregos, aínda que posturas como as de Jospin non son as canónicas na Unión Europea, pero é dúbido que ese modelo —unha vez que se concrete— sirva para Galiza. O noso problema non é o de levar os nenos as garderías (emprego que se pretende crear en Francia para axudar ás nais), senón o de construílas; non é o de facilitar o acceso ás bibliotecas, senón o de que haxa bibliotecas. Cando as clases pasivas, os parados, os mozos e mulleres sen emprego conforman xa a maioría da poboación galega, hai que pensar que o problema maior de Galiza non é de modelo de desenvolvemento, senón de sobrevivencia. ♦

Dalle toda a razón ao BNG pero non contempla a repetición das eleccións

O Tribunal Superior admite que o voto emigrante da Coruña foi irregular pero non o anula

✦ X.C.

Non pasaran cinco días desde se constituíu o parlamento cando o Tribunal Superior de Galiza decidiu dar por bó o escrutinio da mesa coruñesa do Censo de Residentes Ausentes, apesar de estimar que os razonamentos do BNG eran acertados e as irregularidades detectadas eran causa invalidante. Apesar diso un considerando da sentenza serviu para desestimar o recurso e non contemplar a repetición da elección. O BNG non recorrerá no Constitucional.

No ano 1979 unha serie de irregularidades detectadas obrigaron a repetir, na cidade de Lugo, as eleccións municipais. A Lei electoral considera que as mesas nas que se produce o que denomina "irregularidades invalidantes" deben obrigar, imperativamente, á repetición da votación. O groso da sentenza que ven de emitir o TXSG permítelle acreditar que se admitiron centos de votos irregularmente, pero considera que anular a mesa non é preciso porque non se aprécia que non se reflexe o que a xente quería votar. Dito doutra maneira "non varía o resultado da elección aínda que se anulen os máis de 1.700 votos declarados nulos".

A sentenza non entra en considerar outros múltiples aspectos da denuncia nacionalista, toda vez que se cinxe ao feito da admisión de máis de 1.700 votos sen certificado de censo ou só co boleto de reembolso dos gastos. Como sinalaba Alfredo Suárez Canal en recente rolda de prensa "o método do escrutinio na mesa do CERA, tivo máis irregularidades que hai que tomar en consideración: admitíanse, sen comprobar no censo nen puntealo, todos os votos que viñan con certificación do censo. Daquela podía haber votos dúplos ou triplos, porque ninguén cotexaba a persoa da dos sobres que chegaban sen documentación requirida coas que xa se admitiran". Ou sexa que a forma de escrutar na Coruña foi irregular por máis razóns que a simples admisión de votos sen certificado de censo.

Pregunta parlamentaria

O BNG anunciou que non recorrerá a sentenza ante o Tribunal Constitucional, "porque os nosos asesores legais consideran moi improbábel que se admita a trámite á luz da experiencia dos últimos anos, e porque non queremos que se presente este debate como unha perrencha por un deputado senón en aras da limpeza do proceso". Porén ven de presentar unha pregunta parlamentaria para aclarar as

responsabilidades da Xunta.

Inflado de censos, uso das oficinas do PP como locais de votación, ausencia de control pola oposición do voto de residentes ausentes, uso irregular de fondos,.... son as cuestións que se plantean nestas preguntas, que insisten nalguns datos xa coñecidos.

Inflado de censos. Dende o ano

77, en 20 anos de procesos electorais, o censo de residentes ausentes en Galiza era de 149.424 e na Coruña chegou aos 56.202. Dende o 96, cando o PP coincide no goberno de Madrid e Santiago o censo galego pasou a 232.067 e o da Coruña a 91.719. Segundo o BNG sería o primeiro paso para "cocinar un puheirazo", e pergúntase pola participación da Xunta neste proceso

Instrumentación da Administración. Denúnciase que cargos públicos, como o secretario xeral das Comunidades Galegas, Fernando Amarello de Castro, fíxese viaxes pagados pola Xunta durante a campaña electoral sen recatarse de pedir o voto.

Ausencia de control da oposición. A oposición non ten a mínima presenza que a lei considera universalmente para todo

proceso electoral, toda vez non existen garantías de non manipulación do voto noutros países ou nos consulados, nen a comprobación da persoa dos votantes, nen sequer na comprobación do censo. De feito, só na Coruña viñeron devoltos o 27% dos certificados de censo enviados (20.000 sobre 90.000) devoltos por enderezos confundidos ou destinatarios ausentes. ♦



Os comentários de Fraga. As reclamacións nacionalistas sobre unha hipotética preparación dun "puheirazo electoral", amparándose no inchado artificial do censo de residentes ausentes, indignaron a Fraga Iribarne. Unha indignación que, contrasta coa súa experiencia en operacións deste tipo, sendo como foi o muñidor do referendo de 1966, na que os votantes superaban ás veces nun 15% aos inscritos e que se saldou cun clamoroso trunfo do Si a Franco. Fraga é considerado o cerebro daquela imensa operación de maquillaxe do réxime ditatorial, e

saiu en televisión a declarar "Votar si, é votar polo noso Caudillo; votar non, é seguir as consignas de Moscú e de Praga". Daquela 19.620.877 eleitores recibiron en casa un sobre con dous boletíns: un en branco e outro co si escrito a man. Un xornalista do xornal *Le Monde* consegue votar sen problemas cinco veces en cinco coléxios diferentes. As mañás do Ministerio de Propaganda de Fraga conseguiron un inusitado 88,79% de participación cando uns meses antes a participación nunhas eleccións do tércio familiar apenas levava ao 15% do censo ás urnas. ♦


A. EIRÉ

O PSOE machica a derrota

O PSDG-PSOE aínda non aceptou o resultado das eleccións autonómicas. Non interiorizan, pései aos múltiples análises que afirman ter realizado, que xa non son a primeira forza da oposición e, menos, as consecuencias que esta situación leva implícitas. Pése a que na maioría dos medios de comunicación, incluídos os institucionais, seguen a ter a mesma consideración anterior, no Parlamento, que é onde xoga a aritmética electoral, óllanse desprazados. A súa perrencha por ter máis membros nas comisións

non semella vir tanto dada por unha cuestión de eficacia, senón por mero xesto formal ou de interese nas percepcións monetarias, dado que a maioría dos seus deputados teñen múltiples ocupacións, incluído o seu voceiro, Pérez Touriño, que pediu o reingreso na Universidade. Esquecen, ademais, que eles foron os causantes, co seu pacto con EU-EG perversor do parlamentarismo, de que exista un Grupo Mixto que agora ten dereito a un membro en cada comisión, que doutro xeito sería do PSDG-PSOE. E seguen

errando ao afrontarse ao BNG como principal inimigo, falando de novo de connivencia co PP, esquecendo a súa política na anterior legislatura cando se opuxo a cederlle a presenza nas Mesas das Comisións e no Consello de Contas aos membros do BNG. Postura antitética da que adoptaron agora os nacionalistas. Seguen a cavilar que a política se fai a base de titulares mediáticos e que o povo está tan alienado coma eles. A entrevista con Ceferino Díaz neste número é, nese senso, reveladora. ♦



Os custos sociais pagados polo país a causa da produción enerxética veríanse incrementados coa importación de residuos nucleares.

O BNG califica de absoluto despropósito impor estes vertedoiros a quen tanto pagou pola produción eléctrica

Os tres cimetérios nucleares anunciados por ENRESA deben contar coa licéncia da Xunta

✦ G. LUCA

A **Empresa Nacional de Residuos Radiactivos (Enresa)** reafirma o seu propósito de instalar tres cimetérios nucleares no país, a pesar da xeral oposición ao proxecto. A súa estratexia é acadar licencias municipais coa promesa de pagar 25.000 millóns de pesetas para o que tería que contar previamente co permiso da Xunta.

O último anuncio de **Enresa** localiza os tres vertedoiros en Fisterra, Mondoñedo e A Gudiña, clasificados baixo o eufemismo de *armacéns xeolóxicos profundos* que foron incluídos de a pouco nunha lista de vinte e cinco para todo o Estado. **Enresa** asegura que o mapa dos cimetérios propostos foi elaborado conforme a criterios xeolóxicos e técnicos despois de varios anos de estudo o que non evitou protestas tanto dos concellos designados como da *Asociación para a Defensa Ecolóxica da Galiza (Adega)*. "Máis que polas condicións físicas, estes lugares foron seleccionados d'accordo con situacións sociais e políticas que poidesen conducir á aceptación por parte da poboación -declarou Manuel Soto, secretario de *Adega*-. Na realidade, o que tratan é de buscar saídas para un problema que non está resolto, como é o dos residuos nucleares. A pretensión de que a enerxía nuclear xa é segura é falsa. Debemos prestar atención a este problema porque Fraga non descarta a enerxía nuclear, segundo ten repetido".

Os deputados do BNG Xesús Vega e Xosé Díaz din que instalación dun cimetério nuclear no país "constituiría un absoluto despropósito porque convén

non esquecer a grande importancia dos custos sociais e ambientais pagados polo país por mor da explotación de recursos naturais para unha produción enerxética que amais de superar a demanda interior existente non ofreceu vantaxes de custos á meirande parte do tecido industrial galego".

Pagar aos concellos

A axencia nuclear estatal encargada da custodia dos residuos radiactivos de alto nivel e longa duración, afirma que a instalación de cimetérios non produce cambios no medio natural. Como incentivo para os concellos, o presidente de **Enresa** promete 25.000 millóns aos incluídos na lista de cimetérios de residuos activos. A construción da instalación e do complexo sistema de seguridade está orzamentada en 127.000 millóns.

As axencias nucleares dos países da UE non contan con ningunha instalación legalizada pero a presión da industria nuclear eléctrica ten varios espazos privatizados para encerrar o refugallo de alto nivel, que deben manterse lonxe de toda clase de vida. Mentres Alemaña converteu varias minas abandonadas en cimetérios de uranio empregado como combustíbel nas centrais, Inglaterra prefere deitalo nas foxas mariñas ou en países de África central.

O 4 de Xuño pasado, o secretario de Protección Civil da Xunta declarou no Senado que a Administración autonómica non estaba disposta a admitir depósitos de residuos nucleares por catro razóns. A primeira é que o seu granito é de condición poli-fracturada e poroso o que lle da as minas de pedra unha

fraxilidade que non acae coas características esixidas aos depósitos; a segunda, son as choivas e a intensidade das correntes baixo a corteza e a terceira é o recente cambio de clasificación do nivel sísmico despois do terremoto do 22 de Maio e das repetidas réplicas que o continuaron. Outro motivo sería a alarma que promoveu na opinión pública a denuncia de que os británicos deitaban os restos da súa industria nuclear na foxa Atlántica, a oitocentas millas das súas costas pero a pouco máis de 200 da beiramar galega. Os bidons de ferro con substancias x radiactivas carecían de protección suplementar, como foi denunciado despois de varias viaxes de inspección á mérida do val atlántico. O Goberno autonómico non se manifestou sobre as prospeccións que **Enresa** realizou en Mondoñedo, A Gudiña e Fisterra aínda que o presidente en funcións da Xunta é abertamente partidario da centrais nucleares e como ministro do Interior da Ditadura defendeu a intervención do exército para rematar a central de Lemóniz.

Entre os focos de contaminación de orixe industrial do país salientan as centrais térmicas de As Pontes e Meirama aínda que son de enorme transcendencia os cambios producidos en todo o sistema fluvial polos grandes encoros construídos durante o Franquismo. A participación galega na produción de enerxía eléctrica do Estado sitúase arredor do 15%. A axencia nuclear estatal xa non emprega como hai anos o argumento do reparto de cargas por consumo de enerxía senon que busca directamente a compra de concellos concretos coa colaboración dos gobernos autonómicos. ♦

BNG e PSOE denuncian o estado das autovías e do tren

O BNG dirixiuse á Xunta para saber se o Goberno central está disposto a asumir o plano ferroviario aprobado polo Parlamento autonómico hai dous anos e se o Goberno galego vai presionar para que así sexa. Segundo os deputados nacionalistas, non hai diñeiro destinado a este plano e as previsións nos orzamentos limitáanse só a manter as infraestruturas existentes. A organización nacionalista xa presentara esta iniciativa através dos deputados do Congreso, sendo rexeita polo PP en Madrid e contradicindo o aprobado polo partido na Galiza.



Pola súa parte, o PSOE denunciou que as obras da autovía do Noroeste continúan paralizadas en Pedrafita e para isto, os socialistas presentaron un acta notarial na que consta a paralización nos tramos Agueira-Noceda e Noceda-Castro Lamas. Sinalan que as obras non se moven desde o verán e que só están presupostados para o vindeiro ano 7.500 millóns, o 10% do custo total. ♦

Sae a concurso a redacción do proxecto para o lixo no Morrazo

Responsábeis da mancomunidade do Morrazo presentaron o Xoves 20 de Novembro o estudo técnico sobre a planta de tratamento de lixo alternativa á Sogama e que o informe aconsella ubicar en Bueu, no lugar de Castiñeiras. A planta estaría situada en terreos en parte públicos e, noutra, privados, e á beira do polígono industrial e do vertedoiro de Bueu. Asimesmo, a planta ocuparía uns corenta mil metros cadrados. A redacción deste proxecto, presupostado en 600 millóns de pesetas, xa saíu a concurso rematando o prazo en Decembro. O plano, que esta subvencionado nun 70% da UE, contempla un complexo con nave de mesclas e compostúeis, cintas de selección de material inerte, zona de cribado final, oficinas, depósito de sobras en pacas e viveiro forestal. ♦

A autovía Vigo-Ourense paralisada en Barbantes

Os viciños de Barbantes paralisaron o tráfico da N-120 ao seu paso pola vila, reclamando a reposición dos danos causados pola UTE que efectúa as obras da autovía Vigo-Ourense actualmente detidas. Estes danos provocaran na primavera pasada danos pola enxurrada de lama e pedras, e o desaloxo de varias vivendas. A empresa adicase agora a "coser con formigón" unha fenda detectada na montana de San Trocado, o que segundo os viciños demostra que non se fixo un estudo serio do chan denantes de pór en marcha o proxecto. A empresa anunciou que esta paralización provocará un novo retraso de seis meses na autovía. ♦

O Congreso non vai financiar contratos de traballo para Santa Bárbara

Durante o debate dos orzamentos, cos votos en contra do PP e a abstención do PSOE, o Congreso dos Deputados rexeitou as enmendas do BNG coas que se solicitaba a dotación presupostaria para contratos de traballo para a factoría de Santa Bárbara e o asteleiro ferrolán de Bazán. Nunha das propostas rexeitadas demandábase que os orzamentos do vindeiro ano incluíran unha partida de 1.100 millóns de pesetas para a construción dos fusis *celme 556* en Santa Bárbara co obxectivo de garantir a viabilidade da factoría coruñesa. O Congreso tamén rexeitou a emenda pola que se solicitaba a dotación de 5.000 millóns para a construción no asteleiro ferrolán de Bazán das fragatas F-100. Unha terceira enenda do BNG dirixida á sección de Defensa dos orzamentos, na que se demandaba unha partida de 500 millóns para a rehabilitación dos bens culturais desafectados por este Ministerio foi tamén rexeitada. ♦

O castelo de San Felipe albergará un centro cultural

A Xunta, o Ministerio de Defensa, o concello de Ferrol, a Autoridade Portuaria e Bazán fixeron pública a súa intención de converter o castelo de San Felipe nun grande centro cultural. Aos 19 millóns cos que se iniciou a súa rehabilitación sumaránse en breve outros cen. Esta fortaleza que foi prisión militar no franquismo seguirá sendo propiedade de Defensa e albergará o Arquivo da Rexión Militar do Noroeste. ♦

OPINIÓN

A IMAXE DA RELIXIOSA, RECENTEMENTE FINADA, TERESA DE CALCUTA, CONTRADISE CON ALGUNS DADOS RELEVANTES DA SUA BIOGRAFÍA. O AUTOR DESTE ARTIGO, PUBLICADO NO ÓRGANO DE CCOO, GALICIA SINDICAL, RESALTA O CONTRASTE DA "FAMA" DA NAI TERESA, CO ESQUECEMENTO DE RELIXIOSOS CLARAMENTE COMPROMETIDOS COA CAUSA DOS POBRES, COMO LEONARDO BOFF OU SAMUEL RUIZ.

LICIA SINDICAL, RESALTA O CONTRASTE DA "FAMA" DA NAI TERESA, CO ESQUECEMENTO DE RELIXIOSOS CLARAMENTE COMPROMETIDOS COA CAUSA DOS POBRES, COMO LEONARDO BOFF OU SAMUEL RUIZ.

A ESCANDALOSA NAI TERESA DE CALCUTA

SENÉN MURIAS

Acaba de falecer outra santa mediática, grande estrela mundial da caridade e do fundamentalismo conservador desde que en 1975 saltou á fama mundial logo de ser portada da revista norteamericana *Time* e protagonista dun programa televisivo de Malcolm Muggeridge.

A Nai Teresa realizou efectivamente obras meritórias, abundantemente anunciadas, polas que foi obxecto das máis altas condecoracións e premios, da axuda dos poderosos, da beizón das autoridades eclesiásticas. Outros católicos contemporáneos (e agnósticos e ateos e persoas doutras confesións), que fixeron unha inequívoca opción polos pobres e marxinaos, non tiveron tanta sorte: Helder Cámara, Leonardo Boff, Samuel Ruíz. Algúns, como monseñor Romero e Ignacio Ellacuría e os seus compañeiros deron a vida pola súa opción de compromiso. Pero non recibiron condecoracións. Recibiron a condeza das autoridades eclesiásticas, que a miúdo os converteu en presa fácil dos militares e dos escuadrons da morte. Lembran o dedo acusador de Xoán Paulo II contra Ernesto Cardenal axeonllado?

Seguramente, a diferenza está en que a Nai Teresa se dedicou aos pobres pero nunca denunciou os causantes da pobreza; ela practicaba a caridade, e os outros a solidariedade. E non é que a caridade estea mal: a caridade aparece á primeira vista como algo positivo. O problema radica en que a caridade, na súa práctica real, non só non é complementaria da solidariedade e da xustiza social, senón que se enfrenta veementemente a estas, tal como fixo a propia Nai Teresa. Así practicada, a caridade serve para dar carta de natureza á inxustiza.

Traballadores da axuda humanitaria na India teñen comentado a frustración que lles causaba este tipo de traballo caritativo (exemplo: as casas para leprosos da Madre Teresa tiñan capacidade para 200 persoas, dos 2 millóns de leprosos existentes na India). E, significativamente, moitas axencias occidentais de axuda ao desenvolvemento non aceptaban financiar as obras da monxa albanesa. Pois a axuda, para ser eficaz, ten que ser complementaria e acompañante doutras medidas.

A CARIDADE NECESITA POBRES. É evidente que os problemas de opresión, de violencia colectiva, de aniquilación que padece o Terceiro Mundo requiren sobre todo solucións políticas, desenvolvemento, capacitación: respostas políticas comprometidas, á altura dos graves problemas que se pretenden enfrentar.

A caridade necesita pobres non así a xustiza, que os redime, e fai innecesarios os misericordiosos.

Desde a caída do Muro de Berlín e a conseguinte desorientación ideolóxica, asístese a unha verdadeira eclisión nos medios de comunicación do eloxio da caridade e de certas Organizacións Non Gubernamentais. Pero para nada se fala xa da necesidade dunha Nova Orde Económica Internacional. Neste contexto, como di Manuel Vicent, a glorificación mediática en vida e morte da relixiosa de Calcuta e

a súa exaltación "polo establecemento capitalista mundial supoñen a consagración planetaria da escola económica de Chicago, que reserva aos marxinaos da terra os remedios de sopa e policía".

UN DEUS A MEDIDA DOS PODEROSOS. A Nai Teresa enfrontábase aos efectos pe-

ro non ás causas. Non só nunca puxo en dúbida a orde social e política, senón que combatu todo o proxecto político de loita contra a desigualdade e a inxustiza e expresou repetidamente a súa simpatía polos conservadores e reaccionarios de América Latina e de Europa. Era unha cristiá exemplar, pero o seu Cristo era o Cristo sufrido e sacrificial que acepta a vontade de Deus e, por conseguinte, "guiábaa un culto á paixón que non intenta evitar o sufrimento e a dor, senón que se reconforta neles".

Ela consideraba o sufrimento como un don de Deus, e dicía: "Hai algo moi fermoso en ver os pobres aceptar a súa sorte, sofrila como a paixón de Cristo. O mundo gaña moito co seu sufrimento". Nada ten que ver o seu Cristo co Xesús de Nazaret subversivo que optou polos pobres e denunciou os poderosos como causantes da pobreza e que por iso o mataron. Por algo a súa orde, as *Misioneras da Caridade*, se estendeu en máis de cen países pero non en Latinoamérica: do que ela culpou á "teoloxía da liberación".

Tivo excelentes relacións cos poderosos e cos ditadores. Lonxe de incomodalos, fixo ostentación dos seus protectores, a un tempo ricos, autoritarios e sen escrúpulos. Por exemplo, en 1981 viaxou a Haití para aceptar a *Lexión de Honra*, a máis alta distinción do país, das mans da cleptocrática familia Duvalier, semiproprietaria

e torturadora do país máis pobre de Iberoamérica. Ela agradeceu a distinción nun discurso entusiasta no que explicou que o ditador Jean-Claude Duvalier ('Baby Doc'), e a súa muller Michèle non só "amaban os pobres", senón que ademais eran "adorados por eles". Noutra ocasión, en 1992, entreviú no proceso doutro dos seus amigos, Charles Keating, un dos máis grandes defraudadores da historia dos Estados Unidos. A súa estafa no asunto coñecido como o "escándalo das caixas de aforros" norteamericanas permitiulle facerse con 252 millóns de dólares, roubados principalmente a pequenos aforradores. Keating, que conducira anteriormente unha campaña contra a pornografía, ofrecéralle á Nai Teresa 1.250.000 dólares e o uso do seu avión privado. A cambio, a santa mediática non dubidou en usar o seu prestixio a prol do estafador e enviou unha carta ao

tribunal pedíndolle clemencia para un home que "tiña feito moito para axudar os pobres". Un dos procuradores respondeu reclamándolle que devolverse os car-

tos que recibira de Keating, que proviñan do roubo, pero ela refusou facelo.

FUNDAMENTALISTA RELIXIOSA, ANTIFEMINISTA RADICAL. A súa sintonía con Xoán Paulo II era total: no seu fundamentalismo relixioso, no seu reaccionarismo político, no seu antifeminismo radical. Até o punto de que o Papa enviouna repetidas veces a lugares problemáticos como representante del, e fixo o papel de voceira papal contra o divorcio e contra a prevención e interrupción do embarazo. Xuntos combateron a "teoloxía da liberación" e outras "herexias progresistas".

En 1995 celebrouse en Irlanda o referendo para derogar a prohibición de divorcio. Era o único país europeo que a mantíña e o asunto resultaba politicamente delicado, xa que coas negociacións do Ulster os protestantes temen un maior control das súas vidas por parte do clero católico. A Nai Teresa, que non era irlandesa, fixo un chamamento a votar "non". Algúns meses despois, nunha entrevista a *Ladies Home Journal*, declarou sobre a ruptura matrimonial da súa amiga Lady Diana: "Está ben que se acabara. Ninguén era verdadeiramente feliz" como se ve, sermóns para os pobres, indulxencia para os ricos.

PRIORIDADES DUNHA PRÉMIO NOBEL. Vivía na India que, aínda que foi pioneira no uso de anticonceptivos, segue a ter un dramático alto índice de fecundidade e unha alta densidade de poboación. Non obstante, declaraba que "nunca haberá demasiados bebés, porque nunca hai demasiadas froes ou estrelas".

A caridade xogaba un papel instrumental ao servizo do seu dogmatismo relixioso. Cando ensinaba ao xornalista inglés Christopher Hitchens unha das súas casas de acollida de nenos onde nen se intenta a educación e rehabilitación dos rapaces comentoulle: "Vexa vostede, así é como en Bengala loitamos contra o aborto e a contracepción". Noutra ocasión, nunha conferencia que pronunciou en Oxford en 1988, dixo que nunca confiaria a adopción dun dos nenos das súas casas a unha muller que abortara ou usara anticonceptivos, xa que "tal muller non pode amar". E no discurso que pronunciou ao recibir o Premio Nobel da Paz (1979) declarou que a interrupción voluntaria do embarazo era "o principal perigo que ameaza a paz mundial" nun mundo onde apenas 500 millóns de persoas viven confortablemente contra cinco mil millóns de indixentes, onde as fortunas das 358 persoas máis ricas é superior ao ingreso anual dos 2.600 millóns de persoas máis pobres, onde o paradigma neoliberal e as súas consecuencias fan que o número de refuxiados polos conflitos pasara de ser dun millón en 1960 a 27 millóns en 1995.

Seguida por un contexto de reis e dignatarios, afastados convenientemente os leprosos e mendigos, deuse sepultura en Calcuta á primeira dama mundial da caridade.

O Vaticano xa anunciou que acelerará os trámites para a súa beatificación (se Monseñor Escrivá de Balaguer fixo milagres, con moita máis razón a Nai Teresa, non si?). ♦



Teresa de Calcuta con Ronald Reagan.

'A Nai Teresa dedicouse aos pobres pero nunca denunciou aos causantes da pobreza'



Fraga e o secretario de Enerxia favorecen asi a opción doutra central semellante en Bizkaia

A Xunta e o Goberno central renúncian á construción da planta regasificadora do Ferrol

♦ G. LUCA

O Goberno central e a Xunta queren renunciar ao convenio para a construción da planta regasificadora para o Ferrol e favorecer unha planta opcional no porto de Bilbo que atendería as necesidades da costa Norte peninsular. A Xunta limitase a prometer facilidades ás empresas privadas que queiran investir na estación de gas de Caneliñas (Ferrol), mentres na regasificadora bilbaina interveñen o Goberno basco e o Central.


O secretario de Estado de Enerxia declarou esta semana en Santiago, na compañía de Fraga, que o Goberno central está en condicións de conceder todas as licencias para o descargador de gas do Ferrol, a condición de que sexan empresas privadas as que se animen a capitalizar as instalacións ao abeiro da futura Lei de Hidrocarburos. Esta declaración interprétase como unha renuncia de feito ao compromiso da Xunta e o Goberno central de construír a estación de descarga de Caneliñas: para a demanda de todo o norte peninsular abundaría cunha planta única e tanto o *Ente Vasco de la Enerxia (EVE)*, dependente do Goberno de Gasteiz, como *Repsol*, con maioría do Estado, están decididos a levar adiante o proxecto de Bilbo.

A planta do Ferrol considérase unha peza clave para o futuro da central térmica de As Pontes, da que hoxe dependen a Alúmina de Cervo e Megasa de Narón. En todo caso, o gas descargado ao pé do Cabo Prioriño permitiría ás empresas desta área deprimida fornecerse de enerxia por autogeneración. A rede convencional do gas non pode atender estas industrias de grande consumo de enerxia polo que precisan unha grande central de descarga en costa.

Xa que está próximo o remate da torbeira de As Pontes, a continuidade da termoeléctrica podería segurarse con carbón ou gas pero os actuais prezos competitivos do carbón procedente do Leste, que alimenta en parte a central, tenden a subir. O terceiro recurso de xeración calórica da térmica de As Pontes sería a enerxia nuclear, excluída pola moratoria asinada polo Goberno central en convenio coa UE pero non por iso menos interesante para as eléctricas. Fraga está contra a moratoria, defende esta forma de produción de enerxia e adoitara repetir que xa é inócua gracias aos adiantos técnicos.

Avantaxes comparativas

En todo caso, a Xunta non defende as vantaxes comparativas de dispor dunha planta de transferencia de enerxia de grande capacidade no porto do Ferrol. "O encarecemento tarifario por imputación de custos



O gas estaba previsto no plano da Xunta e o goberno central como recambio da mina esgotada das Pontes. MANUEL SENDÓN

de transporte podería penalizar o uso do gas polas empresas galegas", advirte o deputado do BNG Xosé Díaz no texto dunha proposición non de lei na que insta á Xunta a tomar medidas para a urxente posta en marcha da regasificadora do Ferrol. O deputado lembra "o contrasentido do sistema tarifario eléctrico uniforme, vixente no Estado, tan

prexudicial para o país, que ten que sacrificar as súas vantaxes comparativas en nome da solidariedade territorial e da unidade de mercado".

O parlamentario nacionalista recorda que o ministro de Enerxia do Goberno central e o actual presidente da Xunta asinaron no ano 1990 o convenio para a ga-

sificación da Galiza. Dentro deste plano estaba a instalación na praia das Caneliñas, á beira do cabo Prioriño dunha planta de recepción, almacenamento e distribución de gas licuado, que tiña un investimento previsto de 31.000 millóns. A execución destas estruturas para o plano de gasificación do país tiña de prazo o ano 1994. ♦

Nestes días incertos de cesamentos e nomeamentos, pouco a pouco aparecen desexadas algunhas incógnitas. Confírmase que Manuel Fraga Iribarne (Vilalba, 1922) é o candidato proposto polo Partido Popular para ocupar a Presidencia da Xunta de Galiza. Caen por terra todos aqueles rumores que falaban dun tapado, da cama reservada nun hospital de Navarra para truculentas operacións, dun golpe de última hora desde Madrid ou dun retiro relumbrante como cabeza do Senado español.

É segura a perda da edición do DOG pola Voz de Galicia á maior gloria e lucro do Correo Gallego. Total unha *peccata minuta* duns catrocentos millóns de ingresos anuais asegurados durante catro anos. Nada que ver neste transvase comercial co apoio discreto e comedido da cabeceira compostelá ao Partido Popular desde tempos inmemoriais. Aí queda a entrevista de dobre páxina realizada a Pérez Varela en defensa do seu honor e avoengo democrático. O panexírico foi publicado en resposta a unha documentada e cribel información sobre o pasado pro-golpista do pequeno Goebbels. O afán posto polo xornal santiagués na apoloxía do poder lévao a publicar os desmentidos oficiais mesmo



A política do contrapeso

antes de dar conta dos feitos que producen a resposta partidario-institucional.

Outro feito consumado é o reparto por familias, clans ou entes fácticos de todo o pastel autonómico. Os conselleiros son nomeados por procedencia xeográfica e atendendo ao criterio do contrapeso. Se Cacho nomea en Educación e Agricultura, entón a Baltar correspóndelle Pesca e Cultura, a Guiña tócalle Obras Públicas e Interior, e por unha regra de tres simple Romay gaña en Sanidade e Industria.

O cambio de membros xa está preparado. Por capricho e como norma de conduta varios miles de quilogramos de papel de saudos, oficios, notas interiores, tarxetas d'evista e sobres oficiais irán parar ao lixo contaminante ao quedaren obsoletos ante as novas denominacións previstas para as consellerías.

Desta volta só resta por coñecer o nome dos titulares dos departamentos autonómicos, algo de nula transcendencia, vistos os precedentes e enteirados da resultante do reparto ponderado pactado entre os *falcóns* ou popularmente chamados *corvos*. ♦

A Mesa denuncia a actuación de Telefónica e fala co director de Retevisión


A Mesa pola Normalización Lingüística ven de manter unha entrevista co director de Retevisión, Xosé López Aguiar co fin de promover o uso do galego nesta empresa de telefonía que comeza a operar na Galiza a partir de Xaneiro. A MNL valorou a actitude de López Aguiar ao lle presentar a súa proposta de normalización lingüística - campañas publicitarias, toponimia, comunicacións escritas, atención ao público... - e recriminou a postura de Telefónica que mantén unha clara discriminación ao respecto dos galego-falantes. As persoas que queiran recibir de Telefónica as facturas en galego teñen que solicitarlas e négase a atender asimesmo aos galego-falantes que usan o servizo de atención ao público dicendo que está centralizado en Madrid. Como solución posíbel a Mesa propón que se "habiliten servizos de atención desde Galiza ou contrate persoal que poida dar este servizo en galego desde o lugar onde a empresa o sitúe". ♦

Os veciños farán que se cumpra a lexislación nos locais nocturnos

A Plataforma para a Defensa Medioambiental, criada por representantes dunha vintena de asociacións de veciños o pasado domingo día 24 en Compostela, quer facer que se cumpran os horarios de peche dos locais nocturnos á vez que demandarán dos concellos que se persigan aos infractores, para o que piden que actúen de oficio os fiscais provinciais. Os representantes dos veciños lamentaron que non se esté a cumprir a lexislación referente a ruidos nen se controlen aos infractores mentras anunciaron que van solicitar da Xunta que poña en funcionamento as chamadas patrullas verdes. ♦

As mocidades de Esquerda Nacionalista-Mocidade denuncian a precariedade no emprego

Os días 22 e 23 de Novembro celebrouse no Instituto Xelmírez, en Santiago, a IV Asemblea nacional das mocidades de Esquerda Nacionalista. Nesta xuntanza os seus membros debateron sobre asociacionismo, antimilitarismo, ecoloxismo e emprego. Do debate saíu unha denuncia da precariedade do emprego, das novas formas de contratación en precario e da súa influencia social. Asimesmo elixiuse unha nova mesa nacional e como portavoz nacional a Xoan Carlos Bascuas. ♦



Factoría de Celulosas en Pontevedra.

A. IGLESIAS

Ence verquía cinzas e SOGAMA propuxo botar residuos líquidos As minas abandonadas de Riotinto, en Touro, contaminan afluentes do río Ulla

♦♦ PAULA CASTRO

Hai sete anos ADEGA realizaba unhas análises no río Brandelas, das que se tiraba o alto grao de contaminación que sofria este afluente do Ulla a causa das filtracións de auga procedentes das minas de cobre de Riotinto abandonadas hai uns dez anos. Por se isto fose pouco, as vetas abertas das minas foron aproveitadas por ENCE para botar as cinzas resultantes de queimar a pasta de papel e en Abril do ano 96, SOGAMA presentou un proxecto no concello para verquer tamén os residuos líquidos da pranta de Cerceda. Os viciños veñen de organizarse nunha coordinadora e esperan coñecer os resultados definitivos das novas análises realizadas nas augas do entorno.

Até hai uns anos, as augas decantadas na foxa que rodea a zona Norte da mina de Arinteiro eran recollidas por unhas bombas de succión que posibilitaban unha certa rexeneración ao filtrarse na terra. Pero cando un empresario de aglomerados, Paco Gómez, adquiriu parte dos terreos, decidiu retirar as bombas producíndose un incremento dos niveis de contaminación que afectou non só ao río Brandelas senón mesmo aos pozos de consumo particular.

A contaminación chegou tamén ao río Laña, un regato que desemboca nun afluente do Ulla, cando o concello removeu a terra para construír unha piscina de uso público. As augas tinxíronse de marelo e mesmo afectaron á vida animal e vexetal da zona, como xa o fixeran as filtracións no Brandelas.

Xan Louzao, responsábel local do BNG, explica que os viciños comezaron a organizarse cando descubriron que Ence transpor-

taba en camiños, desde Pontevedra, as cinzas resultantes de queimar a pasta de papel. "Non se sabe nen desde cando o facían nen as cantidades verquidas, pero non notificaran as súas actividades ao concello de Touro nen solicitaran o permiso pertinente. A Garda Civil chegou a paralisar esta actividade mesmo detendo a dous camiños que se dirixían á mina para botar os residuos", indica.

Desde ENCE asegurouse que as cinzas, ao ser residuos orgánicos, permitirían rexenerar a zona, sen embargo, Louzao afirma que "non se sabe como reaccionarán con ese tipo de terra e tampouco se coñece o grao en que pode afectar aos ríos circundantes". Diante deste descubrimento, a asociación de viciños denunciou o caso e se organizaron nunha comisión, para analizar até que punto estes residuos contaminaban, conseguindo de principio que se ordenara a paralización dos verquidos de Celulosas.

A mina esténdese nunha superficie que se achega ás 400 hectáreas e todavía quedan á vista as foxas das que se tiraba o cobre a ceo aberto. A grande superficie de terreo e o grao de abandono no que se atopa foi o que facilitou o verquido de todo tipo de residuos nas distintas zonas da explotación mineira.

Residuos de Sogama

En Abril do ano 96, SOGAMA entregou no concello de Touro un proxecto no que se previa aproveitar a mina para verquer os residuos líquidos da pranta de Cerceda. Segundo os autores do proxecto, ao separar a materia orgánica do resto, facilitaríase a progresiva recuperación dos terreos da mina. En todo caso o concello non se pronunciou sobre este plano aínda que non parece moi favorábel á súa aplicación e polo momento, está paralizado.

Para abordar un plano de recuperación integral dos terreos afectados pola mina sería necesario contar con aportacións da Unión Europea e das administracións central e autonómica xa que o concello por si mesmo é incapaz de abordar os elevados custos que suporía a súa rexeneración. De principio, Xan Louzao considera que habería que paralisar todo tipo de verquidos e facer funcionar de novo as bombas de succión para logo pór en marcha actuacións máis concretas. ♦



Facer as Américas

LA VOZ DE GALICIA publica un comentario de Carlos Ruiz Rodríguez sobre o fallo do TSX en relación co voto emigrante. "As 1.451 papeletas anómalas que chegaron de fóra son unha minúcia pero todo un síntoma de como se gastan os recadadores de papeletas. Nen inflúen no resultado global nen alteran a idea de que o emigrante sufragista é popular. Leva razón o Tribunal Superior de Xustiza. Pero os argalladores dese voto tarado non sabían que esas papeletas carecerían de influencia no resultado. O dolo (intención de delinquir) existeu. A falcatruada é evidente aínda que ficase en tentativa. Por iso extrana a reacción de quen achaca ao denunciante a intención de obstruír o voto da emigración, no canto de lle dar un tirón de orellas ben dado aos recolectores de votos que enviou o PP á facer as Américas". ♦

O clube das autonomías incómodas

"Galiza regresa aos mapas", di o semanario EL TEMPS nun editorial que titula *A lección galega*. "Até o de hoxe, Galiza formaba parte das autonomías discretas, de esquema bipartidista (populares e socialistas) que non causaba problemas. Mercé ao ascenso do Bloque Nacionalista Galego, o país entra de vez no clube das autonomías incómodas, das que molestan, que por certo acaen coas nacionalidades históricas. É o que non comprenden todos os que contestan o ascenso da esquerda nacionalista galega con propostas de reforma electoral para por límites ao nacionalismo. As voces do PP e do PSOE que así se manifestan en coincidencia de criterio, aneian o retorno á España indivisíbel. O seu concepto de España é incompatible co modelo de Estado plurinacional, pluricultural e plurilingüístico, que é o único modelo no que os cidadáns e as diferentes nacións que integran o Estado poderían sentirse cómodas. O

caso é que non lles gusta este modelo. Toleran a presenza dos nacionalismos cando non teñen maioría absoluta, pero non o aturan cando teñen voz, cando medran electoralmente e participan na política estatal (...). Desde o punto de vista de Valéncia é interesante ver que o bloque nacionalista e de progreso que representa o BNG ten meridiana mente claro que o seu adversario é o PP. Durante toda a campaña, Beiras mantivera unha man tendida á esquerda estatal pero brandía o puño pecho sempre que se refería a Fraga. O enfrontamento aberto co PP foi unha característica constante no BNG, posición que lle permitiu aglutinar non só os votos nacionalistas máis decididos senón os que cren nunha Galiza de progreso". ♦

Cruzada contra o independentismo

A revista vasca HERRIA EGUINEZ trata do encausamento de Herri Batauna. "Como quedou demostrado coa difusión da Alternativa Democrática, as ideas poden defenderse pero no momento en que o Estado advirte o mínimo risco de que esas ideas podan materializarse, todos os poderes máis rancios prescindén da carauta e non dúbidan en atacar a ameaza dos separatistas. Políticos, xuíces, forzas armadas e medios de comunicación, coa axuda mesmo dos espíritos, foron urdindo a cruzada contra do independentismo basco representando neste fin de século pola esquerda abertzale, co fin de liquidar de vez unha ameaza que molesta máis da conta e establecendo data lugar e hora para a culminación dos seus propósitos (...). Oficialmente o Estado español é unha democracia e suponse que nas democracias non se perseguen as ideas políticas. Pero este Estado que permitiu a guerra suxa, que cada ano é denunciado por Amnistía Internacional coma torturador e no que a corrupción campa sen freo, a inquisición contra os que defendemos determinadas ideas segue a funcionar aínda que agora baixo a aparencia de tribunais coma a Audiencia nacional ou o Supremo (...). O procesamento da Mesa Nacional de HB non foi aillado. As novas medidas represivas, especialmente contra a mocidade, a intransixencia do Goberno español para os dereitos humanos dos presos políticos, a reedición da política de aillamento da esquerda abertzale, a conculcación teimuda do dereito de autodeterminación van na mesa dirección: agravar o conflito con máis violencia de Estado no canto de procurar solucións". ♦

INTERLINGUA TRADUCCIONS S.L.



Traducción directa e inversa e interpretación: galego, inglés, francés, alemán, italiano, portugués, ruso, español, etc.

Traduccions técnicas e xuradas.

Rúa Santa Marta 38 Baixo 36202 Vigo. Teléfono e Fax: (986) 43 52 59

Anunciarse en A Nosa Terra é vender.


Chame ao (986) 43 38 30 e solicitenos as tarifas publicitarias.

Ceferino Díaz

'O PSdG-PSOE non actua en Galiza, conténtase con representala'

➔ ALFONSO EIRÉ

ALGUÉN COMPAROUNO CO ANXO DE SAN AGOSTIÑO QUE TEIMABA EN VALEIRAR O MAR NUNHA PUCHARCA DA PRAIA. CEFERINO DÍAZ SEGUE EMPENADO EN "GALEGUIZAR O PSOE", DESDE QUE DESEMBARCOU NO PARTIDO PROCEDENTE DO PSG. SEMPRE LLEDAN A RAZÓN DA LETRA PERO INTERPRETAN OUTRA POLÍTICA. CONGRESO TRAS CONGRESO FOISE ALONXADO DA DIRECCIÓN E O PARTIDO DAS SUAS TESES. DESPOIS DO BATACAZO ELEITORAL LIDERA IDEOLÓXICAMENTE AO DENOMINADO SECTOR CRÍTICO.



A. PANARO

Hai oito anos que González Laxe agoiraba, nunha entrevista publicada nestas mesmas páxinas, que o grande batacazo do PSOE se produciría nestes comicios. Atinou?

Hai catro anos, despois das eleccións, fixemos un congreso. Nel realice unha análise que serve perfectamente para hoxe. O resultado era previsíbel pero non rotundidade da derrota. Os problemas, que algúns sempre os queren circunscribir á coxuntura da campaña ou dun candidato, na miña análise aparecían como problemas estruturais, de proxecto. Ao non arranxalos non se podía agardar outros resultados.

Cal é a alternativa dos chamados críticos?

Máis que unha alternativa perfectamente elaborada nós afirmamos que fronte ao batacazo electoral é necesario facer un congreso para darlle voz ás bases. Cumpre redefinir o PSdG-PSOE pois non funciona como tal: non funcionan as estruturas, non funciona a organización. Non sequer existe organización. Os militantes hai tempo que non participan nen en definir a política nen en elixir aos que deben realizala. É necesario mudar o xeito de facer política e tamén trocar aos que dirixiron a anterior, pois se esta fracasou, tamén fracasaron os que a levaron a cabo.

O PSdG-PSOE carece tamén, desde hai moitos anos, dun proxecto político propio. O PSOE ten un proxecto para España, o PSdG-PSOE ten proxectos claros nos municipios, pero non ten proxectos para Galiza. O PSdG-PSOE non viu en Galiza un campo necesario para facer política, como un país a transformar, senón, unicamente coma un país a representar. Nós non podemos ser unicamente o PSOE, temos que ser o PSdG tamén.

Os avatares históricos

Até que punto a situación que está a vivir hoxe o PSdG non é herdeira daquel congreso de Ourense cando vostede rachou a unidade dos hoxe chamados críticos e apoiou a Francisco Vázquez?

O problema non foi o congreso de Ourense. Chegamos a ter un proxecto para Galiza e un Goberno amparado en 28 deputados. A dirección actual terá que explicar por que, pésie á confianza que lle otorgou o povo galego, se desfán dos protagonistas daquela operación. Non o entendo. Aos dous meses estaba González Laxe na mesma situación que está Abel Caballero hoxe.

O problema comeza en Lugo. Prodúcese o enfrontamento pola capitalidade e o PSdG renuncia a todo o conquistado con anterioridade. O PSdG-PSOE xoga un papel fundamental na constitución

da autonomía galega. Daquelas, as dúas forzas fundamentais hoxe na política galega, BNG e PP, a primeira estaba nas *Bases Constitucionais* e a dereita na *España o único importante*. Hoxe ambos e dous están a xogar claramente no espazo autonomista e o PSdG-PSOE non foi capaz nen de capitalizar a súa historia nen de ocupar ese espazo. Avergñámonos do noso pasado, como tamén o facemos do *Goberno Tripartito*. Non sei por que. O povo valorou positivamente a nosa estadia no Goberno galego, até o punto de que a dereita española tivo que desprazar a Fraga para que non seguise adiante esta fórmula. Desde aquelas, nen na campaña seguinte, nen agora, o PSdG-PSOE reclamou o protagonismo daquel Goberno.

Pero ao Tripartito non o cargan só desde Madrid, senón que é o propio PSdG o que se pon en contra sua.

Nunca foi entendido nen na prensa nen na dirección do PSOE de Madrid. Hai un feito: mentres Laxe foi presidente nunca foi recibido por Felipe González. Pero si foi entendido polo povo galego. A dirección do PSdG, Paco Vázquez, asume as teses de Madrid e enteramos a González Laxe, como persoa e ao *Goberno Tripartito* como política colectiva. Non é que esteñamos mudando continuamente de persoas, senón que políticas que o povo perci-

be como positivas son arreducadas e encausadas.

Os galeguistas chegaron a ter no PSdG-PSOE o control do partido...

Chegamos a ter moito peso e utilizámolo para aprobar o Estatuto, pero tan pronto veu o contencioso da capitalidade pasáronnos factura e sacáronnos de diante. No Congreso de Lugo xuntáronse as decisións de cortar os desexos do PSdG-PSOE de camiñar cara unha maior autonomía de Madrid coas teimas dalgúns políticos galegos. A campaña do Estatuto e das primeiras eleccións fixémoslas basicamente co apoio dos socialistas cataláns. Resultaba perigoso e aproveitouse a división para retirar aos galeguistas da dirección. Nesta decisión tivo moito que ver Madrid. Detrás da operación estaba Paco Vázquez que, aínda que perdía a secretaría xeral, seguía a ter un grande poder.

Pero en Ourense é vostede o que lle da a Francisco Vázquez de novo a dirección.

Sabia, porque tiña información e polas presións a que estaba sometido, que non íamos gañar o congreso. Por iso o que tento é que gañaran eles pero condicionados por nós. Non teño a comprensión dos meus amigos que non acreditaban que Madrid nos impediría gañar. Prodúcese o

fiasco e Madrid fai o que lle peita. Pero o resultado non satisfai a ningún.

Ollamos como no Congreso de Lugo foi Madrid quen puxo a dirección, no de Ourense do mesmo xeito, aínda que víñeran chamados por Francisco Vázquez. Non é unha utopía pensar na autonomía do PSdG-PSOE?

É politicamente posíbel. Madrid interfire porque ten aquí elementos que lle fan o xogo. Madrid non vota, pero hai moita xente que vota o que quer Madrid que vote e hai moitos intérpretes desa vontade. Cando te ameazan fano con Madrid. Saben que moita xente nosa vota por cumprir con Madrid.

Afirmaba anteriormente que Felipe González non recibía a Laxe como presidente e aí están as direccións postas por Madrid...

Madrid non nos apoia, pero tampouco pede que se carguen a Laxe. Os de aquí cárganse a Laxe para contentar a Madrid, pero Madrid non fai un boicot activo.

Cada vez que vostedes fan política propia non lle gusta a Madrid.

Non, unicamente no Tripartito. Pero nós non soubemos explicalo, faltounos pedagogía. Non foi a dirección do PSOE a que estaba en contra, senón a prensa de Madrid. En Madrid, como se viu nestas eleccións a respecto de Esquerda Unida, seguen xogando sempre con esquemas españois. Moitos dos nosos políticos teñen o mesmo pensamento que o da prensa madileña.

O da prensa non é un pensamento autónomo, obedece a unhas razóns económico-políticas. Vostedes seguen a repetir desde hai máis de oito anos, despois de cada elección, a mesma cantilena: hai que galeguizar o partido, aproban documentos e seguen a facer a mesma política.

O problema non é de palabras. É de definición política, de definir o proxecto e despois buscar as persoas que crean nel. No congreso de A Coruña presentamos unha ponencia na que se explicaba moi ben a situación. A última hora e como lles resultaba moi incómodo que no pleno tivese moitos votos, decidiron aprobala para que non se discutira. Foi incorporada pero non valeu para nada. Estou aburrido de que os papeis non sirvan para nada. O que ten que xestionar os papeis é quen cre neles. Non se pode afirmar que se vai galeguizar o partido e seguir defendendo *La Coruña*. Un secretario xeral dun partido galego non pode ser localista, se é localista non é galeguista —ser galeguista é ter unha comprensión de Galiza como unidade política—, e non é unicamente Paco Vázquez quen ten esta atitude. El gosta moito da política española e da política local. Liberémolo da pesada carga da política galega para que se realice. Hai máis de trinta persoas que poden substituílo con garantías. O que non se pode é dar só tres minutos no Comité Nacional para falar e logo afirmar que non houbo críticas nen se presentaron alternativas, como fixo Vázquez na última reunión. ♦

ENSINO

Denúncian aos Maristas de Tui por completar 2º de Primária con dous nenos que xa pasaran ese nivel

Repiten curso para que o coléxio teña subvención

⇨ A. ESTÉVEZ

O centro dos Maristas de Tui matriculou rapaces en cursos que non lle correspondían para conseguir o concerto económico coa Xunta, segundo denunciou a CIG o Mércores 26 de Novembro. O coléxio, propiedade da orde relixiosa, abriu as súas portas no curso 1996-97 coa oferta de primeiro e segundo curso de Educación Primária. Durante ese mesmo curso, a delegación de Educación confirmou as irregularidades nas matriculas pero sinalou que xa estaban subasadas. Casos semellantes déronse noutros dous centros do Baixo Miño.

Segundo Xosé Manuel Méndez, secretario local de Ensino en Tui na CIG, a creación deste centro privado na vila arrinca da campaña das últimas eleccións municipais. "Diz Guedes, actual Delegado do Goberno na Galiza e nacido en Tui, prometeu para o concello un centro de prestixio. Co cal, xa estaba dando por feito que as escolas públicas da vila non teñen un nivel aceptábel", di. Tanto Méndez como Quique del Bosque, un dos responsábeis da CIG-Ensino na comarca, reseñan que as prazas escolares están cubertas pola rede pública en Tui. "Incluso houbo aulas que tiveron que pechar pola falta de alumnado, polo que nunca estivo xustificada a apertura do centro Maristas", engade Xosé Manuel Méndez.

Para acadar un concerto económico coa consellería de Educación aténdese a varios criterios, entre os que se atopa a demanda de prazas nesa zona, a atención a persoas desfavorecidas economicamente ou o requisito de ter implantados ciclos completos. O centro Maristas comezou a súa andaina só cos dous primeiros cursos de primaría. Na súa publicidade de apertura anunciábase que se trataba dun centro concertado. "Isto foi denunciado en Educación como publicidade engano-



O coléxio dos Maristas comezou o seu funcionamento no curso 1996-97.



Enrique del Bosque e Xosé Manuel Méndez, da CIG-Ensino, denunciaron as irregularidades no centro de Tui.



sa. Os responsábel provincial de Educación confirmou que non había concerto con Maristas e que tiñan instado aos directivos do centro a non enganar na publicidade", conta Xosé Manuel Méndez. Alguns meses máis tarde o coléxio pasou a ser concertado por decisión de Educación.


En Maio deste ano a central nacionalista denunciou o caso de dous nenos que tendo xa cursado segundo de Primária noutra escola, estaban no centro Maris-

tas neste mesmo nivel. O feito foi posto en coñecemento de Educación, que en Xuño respostou que xa se subsanara este "erro de matrícula" e que os nenos estaban escolarizados no nivel que lle correspondía. "O que aínda estamos esperando que nos expliquen e, como no mes de Maio, os nenos están en segundo de Primária e en Xuño está todo solucionado. Como un neno fai un curso nun mes cando nen sequer existe terceiro de Educación Primária no centro? Se isto

mesmo acontece nun centro público, ábrese un expediente", pergúntase Xosé Manuel Méndez, quen descoñece a atitude dos pais dos alumnos neste caso. "O certo é que hai un sector da poboación que, gracias a publicidade e ao espectacular aumento de axudas da Xunta para o ensino privado, teñen a teima de que os seus nenos non vaian á escola pública", sinala.

A explicación dos feitos dada por esta central sindical refírese á necesidade dos coléxios privados de ter concertos económicos que subvencionen os centros. "O perigoso é que situacións excepcionais fanse norma xa que isto repítese noutros centros. No coléxio relixioso *La Milagrosa* de Tui completaron as aulas de segundo ciclo de Educación Infantil con nenas de dous anos, ás que non lle correspondía ese nivel e algo semellante acontece co centro *San José da Guarda*", conta o responsábel local da CIG-Ensino. ♦

O BICO NO CERNE



X. M Garcia Rivera Alcalde de Foz

'Os concellos de Lugo que non son da corda de Cacharro teñen problemas'

A que se debe a súa protesta diante da Deputación?

O Concello de Foz tiña concedida unha subvención de 45 millóns para un complexo deportivo por parte da Deputación: isto antes das eleccións municipais. Logo dixeron que para que se fixera efectivo tiñamos que quitar un poste e ampliar os terreos. O Concello así o fixo e continúan dando largas.

Anunciou que vai ir ali os xoves até que Cacharro o reciba.

Decidín ir ali todos os xoves e estar aí de once a doce non só a que me reciba senón a que me asine un documento confirmando que vai dar eses cartos. Vou continuar así até que remate a lexislatura se a cousa non se soluciona antes.

Hai petición formal de entrevista?

Claro que a hai e non a conceden, din que a axenda está completa. Chego, subo, digo que estou para falar dese tema e espero. Polo de agora non recibin nengunha resposta.

Fala de discriminación por ser un dos poucos concellos en Lugo que non goberna o PP?

Salvo seis, os outros cincuenta e nove son do PP. Antes non o cría pero agora estou convencido de que existe discriminación. Non pode haber concellos de primeira, de segunda e de terceira.

O PP de Foz apóiaio?

Sacou unha nota dicindo que apoiaba o fondo pero non a forma. Dixeron que eu quería nomear a Cacharro *persoa non grata* e iso non foi certo porque teño respecto pola institución que representa.

Ten apoio doutros gobernos municipais?

Estou recibindo a solidariedade de moitos alcaldes que me chaman e me dan a razón. Alguns deles son do PP, dos outros, había un do BNG que xa non existe e nos do PSOE claro que teño o seu apoio. Moitos tiveron problemas, en Castroverde, en Fonsagrada... cando non están na corda de Cacharro hai problemas. ♦

Ocupan un lugar secundario en Hispánicas

Os titulados na antiga Filoloxía Galego-portuguesa sintense discriminados

A homologación do título de Filoloxía Galego-Portuguesa con Filoloxía Hispánica desmarca aos licenciados do galego e do portugués e colócaos nun campo de traballo onde as preferencias son para o castelán. Os titulados e tituladas afectados son os que estudaron segundo os planos vellos. A "antiga" carreira de Filoloxía Galego-Portuguesa converteuse en dúas titulacións pero a nengunha delas quedan adscritos os anteriores licenciados. A AGAL (Associação Galega da Língua) vai presentar un recurso en nome dos afectados diante do reitor da Universidade de Santiago, Dario Villanueva e engade que a homologación fíxose "co silencio cómplice do Instituto da Língua, o departamento de

Galego da Universidade e a consellería de Educación".

Segundo os membros da asociación, a homologación con Filoloxía Hispánica "pretende acabar con calquer vestixio do que foi a antiga titulación de Filoloxía Galego-Portuguesa. Isto colócanos en clara desvantaxe tanto perante os novos titulados en Filoloxía Galega e Filoloxía Portuguesa como perante os vellos e novos titulados en Filoloxía Hispánica propriamente dita, pois nen temos o título de uns nen a experiencia, meritos e carga lectiva dos outros. Esta situación farase efectiva xa no vindeiro ano, cando se licencien as primeiras promocións de Filoloxía Galega e Filoloxía Portu-

guesa dos planos novos", sinalan. Jose Henrique Peres Rodrigues, membro da AGAL, conta que se apresentou hai uns días para unha praza de Filoloxía Portuguesa e de que nada lle valeu a experiencia. Unha rapaza, titulada en portugués pola Universidade de Salamanca aínda que sen experiencia, acadou o posto.

A AGAL, que convocou unha reunión informativa para todos os titulados e tituladas que se vexan afectados por esta orde, indican "que todo está tramado desde hai tres anos polos organismos defensores do galego normativo tendentes a esmagar todo o que soe a galego-portugués, ao veren que o galego

acastelanado está a perder usos claramente na vida real".

Eleición de linguas

Por outra parte, tamén os CAF de Santiago denuncian a introducción obrigatoria da lingua e da literatura española en Filoloxía Galega "e en todas, incluídas a basca e a catalán". Hai anos que se reclama, especialmente desde a Real Academia da Língua Española que o castelán se inclua nas filoloxías. Con esta nova orde, estas áreas quedan substituídas por "língua española" e "literatura española". ♦

COMARCAS

A alta porcentaxe de voto ao PP na provincia de Lugo coincide co despovoamento xeralizado

Cacharro, rei do deserto

♦ MANUEL VEIGA

A provincia de Lugo nunca foi homoxénea. Adscrita a dúas diócesis distintas, a de Lugo e Mondoñedo, a súa xeografía e economía son aínda máis diferentes. No sul predomina a cultura do viño que aproxima estas comarcas ás limítrofes de Ourense, máis unidas que separadas polas riveiras do Sil e do Miño. No centro e parte do norte, o signo distintivo é o leite. No territorio lugués, máis extenso que o das tres provincias vascongadas, aínda se diferencian dous entornos máis: a costa e a montaña. En opinión de Xan Carlos Carreira, inxenheiro agrónomo e ex-concelleiro nacionalista na capital da provincia, Lugo reúne o maior potencial de Galiza, tanto agrícola como forestal, sen esquecer o turístico. Sen embargo, unha viaxe en automóbil permite cruzar hoxe a provincia en calquera das súas direccións, percorrendo tramos de máis de vinte quilómetros sen encontrar un só veciño. Lugo, como grande parte de Ourense, está a converterse nun deserto humano.

O predominio do Partido Popular, o máis acentuado de Galiza, instalou a esta forza no 90% das alcaldías e mantén desde hai anos o poder inmutábel de Cacharro Pardo na Deputación. Esta marca política, coincide con outra: Lugo conta coa pirámide de envellecemento da poboación máis elevada de Europa. Vilas históricas como Monforte ou Ribadeo deixan ver, cada vez máis, a extraña fasquia dos núcleos urbanos abandonados. (O concello de Monforte planteou este ano un conflito coa oficina do censo ao negarse a recoñecer o seu descenso de habitantes, que por primeira vez baixaría dos vinte mil). E iso máis ser a cidade dos Lemos nó de comunicacións ferroviarias e paso do acceso central a Galiza desde a meseta, o único que non precisa de cruzar barreiras montañosas. Ribadeo, pola súa parte, é lugar de privilexio para as relacións con Asturias e ten en servizo, desde hai anos, unha ponte sobre a veiga do Eo que facilita notablemente as comuni-



Francisco Cacharro, presidente da Deputación lucense.

A. IGLESIAS

cacións. A costa luguesa, máis o enclave de *Alumina*, e a menos desenvolvida de Galiza. O resto da provincia está a ver arrasada a súa produción principal, a do leite e os seus derivados que tivera un grande auxe a partir dos anos sesenta. Nen a propia capital se salvou de perder os seus contados puntos industriais, caso do matadoiro de *Frigsa*.

A ruína é rentábel

Francisco Cacharro Pardo, antigo inspector de ensino primario, educado no franquismo

e home de notábeis lagoas culturais, é o político de máis peso na zona, superior incluso ao que emana da Xunta de Galiza. O que para os aduladores de Cacharro é intelixencia e olfato político, para os seus detractores non é máis que falta de escrúpulos á hora de chantaxear a todos os que se relacionan con el. A división que provoca a súa persoa entre a burguesía comercial da capital non é significativa se se compara cos enfrontamentos — sempre disimulados ante a opinión pública— entre os mem-

bro do seu propio partido nos distintos concellos. Cacharro administra persoalmente o reparto do canon eléctrico, xerado pola riqueza enerxética dos encoros da provincia, que sen embargo non é abondo para taponar a xigantesca débeda da Deputación.

A desertificación económica que condeá á fuxida a todas as persoas en idade de reiniciar a súa vida noutro lugar é a condición necesaria para que o PP sega logrando elevadas porcentaxes de voto na provincia. ♦

A medida leva a que dous edís deste concello se pasen ao Grupo Mixto

O BNG do Morrazo paraliza a contratación da sobriña dun concelleiro de Moaña

Tanto o alcalde de Moaña, Xavier Abalo, como a dirección comarcal do BNG desaprobaron o proceso de selección para a praza de animación socio-cultural no concello. Destas probas saíu eleixida a sobriña de Xosé Sequeiros, portavoz e concelleiro de Xuventude, que presidía o tribunal que xulgou a selección. Tras a decisión da organización nacionalista, Sequeiros Santiago e Xabier Antepazo Xil pasáronse ao Grupo Mixto.

O alcalde da vila amosouse inclinado a anular a contratación da seleccionada aínda que esa

decisión deixouna en mans da comisión de goberno. Tanto Sequeiros como Antepazo abandonaron o grupo municipal nacionalista calificando a medida de Abalo como de "persecución política por seren críticos", o cal é negado pola dirección do BNG.

A dirección comarcal do BNG sinalou como razón para desaprobalo a atitude de Sequeiros o principio de que os cargos nacionalistas non participen en tribunais de probas selectivas nas que están implicados familiares. Así mesmo, tras a decisión dos dous con-

celleiros de pasarse ao Grupo Mixto, pídenlle a dimisión. Sequeiros sinala na súa defensa que non estaba enterado de que a súa sobriña fose unha das aspirantes á praza. A organización nacionalista considera as actuacións como "falta de ética" e, aínda sen dubidar da boa vontade do portavoz do goberno de Moaña, deciden dar marcha atrás ao proceso. Foron algúns dos aspirantes á praza de animador quen se queixaron de que un dos avaliadores das probas fose parente dunha das persoas presentadas para o posto.

A marcha ao Grupo Mixto de Sequeiros e Antepazo, responsable de Facenda, deixa ao BNG con tres concelleiros en Moaña. Os dous xustifican esta decisión como produto dunha "campaña de desprestixio". Xosé Sequeiros está en contra de revisar o proceso de selección porque o considera legal mentres para a dirección local e comarcal do BNG é preciso facelo por "unha cuestión de ética política cara a sociedade" máis que o portavoz do goberno municipal actuara correctamente na avaliación das probas. ♦

Botan ao ex alcalde de Castroverde do pleno no medio dun debate

Miguel Rodríguez, ex alcalde de Castroverde polo BNG, foi expulsado do pleno do concello que se desenvolvía o Venres 21 de Novembro. Rodríguez propuxo que se redactaran de novo as bases para cubrir a praza de secretario municipal por opinar "que estaban feitas a medida". O actual alcalde, Xosé María Arias, ordeoulle varias veces que marchara do sala mentres Rodríguez argumentou que estaba apresentando unha alternativa e non "faltado á orde". O ex alcalde decidiu quedar na sala sentado no lugar reservado para o público ao tempo que o actual rexidor pedía a intervención da policía para botalo. Antes que isto acontecera, Miguel Rodríguez, que acusou a Arias de ter medo ao debate, decidiu marchar sendo seguido por varios simpatizantes que se atopaban na sala de plenos. ♦

Un miliário romano servía de pasal no río Limia

Un miliário, pedra que os romanos usaban para sinalar as distancias nas calzadas, foi descuberto no río Limia, no que viña sendo utilizado como pasal para cruzar o río. Os peares servían para unir as parroquias de Ribeiro e Lobios de Sever, pertencentes aos concellos de Bande e Porqueira, respectivamente. O descubrimento foi realizado por un membro da asociación *Terras do Millo de Porqueira*. Actualmente os máximos mandatarios de ambos concellos están a discutir quen se queda coa citada peza arqueolóxica. O alcalde de Bande, Amador de Celis pretende que pase a formar parte do museo etnográfico de Porto Quintela, situado a carón dunha excavación romana, na que se traballa actualmente. ♦

Denuncian expedientes aos policías locais de Marin menos "aos afíns ao PP"

O Xoves 20 de Novembro CCOO de Pontevedra denunciaba a apertura de expedientes a máis da metade dos axentes locais do concello que preside o *popular* Augusto Casal. A central sindical sinalou que os policías non sancionados eran ademais os "máis afíns" ao partido político que goberna o municipio, o PP. A denuncia xurde pola presión do responsable de persoal, Santiago Pazos, quen presentou a súa dimisión como responsable da policía pero non de persoal, para que os policías cumpran cun mínimo de sancións a vehículos ao longo do día. Cada un, segundo os denunciados, ten a orde de poñer nove multas ao día. ♦

Xóvenes Agricultores e as cooperativas quedan á marxe

O sector lácteo convoca unha mobilización para o 18 de Decembro

◆ P.C.

Diante da ameaza de que se aplique a supertaxa sobre os produtores de leite galegos, o Sindicato Labrego, Unións Agrarias e USAG convocaron mobilizacións para o próximo 18 de Decembro a fin de forzar unha solución e que a administración se faga cargo da multa. Pola súa banda, Xóvenes Agricultores desvenceillouse das convocatórias porque ao seu entender aínda non se esgotaron todas as vías posibles de negociación. Unha postura similar adoptaron as cooperativas, que esperarán até coñecer os resultados dos seus contactos coa administración antes de apoiar novas mobilizacións.

O Sindicato Labrego Galego apresentou na Mesa do Leite a proposta de levar a cabo mobilizacións a mediados de Decembro, na reunión celebrada por este organismo o pasado mércores 26 de Novembro. A secretaría Xeral do SLG, Lidia Senra, considera que esta nova convocatória é necesaria "para forzar unha solución que evite que sexan os produtores os que se fagan cargo da multa e poidan seguir producindo". Os únicos que apoiaron esta proposta foron os sindicatos Unións Agrarias e USAG.

Pésie a Mesa do Leite decidir por unanimidade, na reunión celebrada o pasado mércores 29 de Outubro, que se convocarian mobilizacións conxuntas se nunha semana non eran recibidos polo presidente da Xunta, Manuel Fraga Iribarne, e pola ministra de Agricultura, Loyola de Palacio,



Manifestación contra a cuota en Santiago en Decembro de 1996.

A. IGLESIAS

transcorrido cáseque un mes sen obter resposta algunha, Xóvenes Agricultores manifestáronse contrarios á manifestación, por entender que non se esgotaron as vías para a negociación. Alén diso, ao longo destes días, tanto a ministra de Agricultura como o presidente da Xunta ratificáronse na súa intención de facer que sexan os produtores sobrepassados os que se fagan cargo da multa.

Desde o SLG enténdese que é imprescindible que se adopten "as medidas políticas necesarias para solventar o problema da supertaxa, consolidar a produción e incrementar anualmente a cuota galega até acadar o nivel europeo", tal e como indicou Lidia Senra.

Sen embargo, cooperativas de produtores como UCAFE, non apoiaron a convocatória por entender que é prematura, ao igual que AGACA, que esperará a coñecer os resultados dos seus contactos coa administración pa-

ra adoptar as medidas oportunas.

Pola súa banda, as empresas do sector lácteo, que manterán unha entrevista con Loyola de Palacio a próxima semana, xa advertiron que no caso de que en Madrid se lles comunique o pago da multa, farana recair no sector produtor. Lidia Senra indica ademais, que a ministra de Agricultura pode que obrigue ás empresas a reter o pagamento do leite aos gandeiros que estean sobrepassados. Unha solución que afectaría fundamentalmente ao sector lácteo galego e que trataría de "ir a por nós".

A secretaría xeral do SLG explica que é moi posible que a comunicación da multa chegue aos produtores coincidindo co Nadal polo que entende que as mobilizacións deben iniciarse con anterioridade. Máis non haber unha convocatória unánime, a Mesa do Leite continuará traballando para acadar os obxectivos básicos que se teñen acordado. ◆

Acordo sobre o emprego na U.E.

MANUEL CAO

O asinamento dun acordo entre 14 países da UE para a redución do desemprego nos próximos 5 anos é consecuencia directa das condicións impostas por L. Jospin para asinar o pacto de estabilidade que permitirá poñer en marcha o euro nos prazos previstos. O goberno español, demostrando un grao de amateurismo e autismo político sorprendente, foi o único que se desmarcou totalmente do acordo acolléndose á cláusula de exclusión (opting-out) por primeira vez desde que España é membro da UE. Realmente, é preocupante a maneira que ten este goberno de negociar sexa cos seus aliados internos (CIU, PNV, CC) ou cos gobernos ou institucións internacionais (Cuba, UE, etc.) tributaria, tal vez, da cultura autoritaria franquista que latexa en varios integrantes do mesmo. Certamente, non é o mesmo realizar determinadas promesas en economías cun 10% de paro que noutras cun 20%, máis isto nunca xustifica abandonar aos desempregados a súa sorte e aumentar a súa desesperación individual e colectiva. Doutra banda, isto ven a demostrar que os esforzos en materia de converxencia nominal teñen unha indesexada contrapartida na imposibilidade de dispoñer de fondos para atallar os desequilibrios da economía real.


Polo demais, o acordo representa a posta en marcha por primeira vez dunha serie de medidas que profundizarán nas políticas sociais europeas aínda que sexa cun grao de concreción e indefinición importante. Establécese o compromiso de ofrecer a todos os mozos, antes de pasar 6 meses no paro, unha oportunidade de emprego, formación, reciclaxe, prácticas laborais ou calqueira medida favorecedora da súa inserción laboral; para os desempregados adultos máis ou menos o mesmo pero antes de 12 meses. Outras propostas en materia fiscal, educativa e reorganización do tempo de traballo completan uns acordos que establecen un exame cada ano dos resultados previstos no plan pruriano "castigándose" os incumprimentos con recomendacións e sancións morais. Parecerán pouco ambiciosas e imprecisas as medidas aprobadas en Luxemburgo pero constitúen un impulso ás políticas activas que os axentes sociais de cada país poden utilizar presionando ao goberno e á sociedade para que se tome en serio o problema do desemprego. Velaf como os sindicatos e os grupos políticos da esquerda atoparon unha vía fácil de crítica razonada ao goberno de J. M. Aznar.



‘As medidas aprobadas en Luxemburgo constitúen un impulso á sociedade para que se tome en serio o problema do desemprego’.

Unha vez máis, vese claro como na UE as decisións non son impostas deixando aberta a posibilidade de que algún país se autoexclúa. Non ten moito sentido que España adopte posicións de automarginación por asuntos como este, pois máis cedo que tarde terá oportunidade de establecer estrexeiras de negociación que requirirán dunha forte presión e do apoio de outros países para defender intereses tan ou máis importantes. Para Galiza, é importante o problema do desemprego, pero tamén o serán outros que están por ser renegociados proximamente (cota láctea, fondos estruturais, etc.). A actitude do goberno español non agoira nada positivo para a nosa terra sendo recomendábel manterse en estado de alerta e mobilización pois, por agora, o poder político do noso país segue detentado por grupos despreocupados polos nosos intereses. ◆

A HISTORIA DE GALICIA
ILUSTRADA A TODA COR DESDE A
PREHISTORIA ATÉ OS NOSOS DÍAS.



PRESENTACIÓN

EN

SANTIAGO

MÉRCORES 3 DE DECEMBRO

ÁS 20,30 HORAS

NO SALON DE ACTOS DA CAFETERIA

"AIRAS NUNES"

CO INTERVENCIÓN DE:

BIEITO ALONSO

XUSTO G. BERAMENDI E

MANUEL PORTAS

ORGANIZA A ASOCIACIÓN CULTURAL

"O GALO"



Cal é a súa análise da situación laboral?

Vivimos nun contexto internacional de dominación do capital financeiro que ten cada vez máis un carácter especulador e corrupto. Unha corrupción que xa non é como a de antes senón que se xeraliza como forza de dominación e de goberno. Dentro deste contexto internacional, o crecemento no Estado é reducido e o índice de paro moi alto, o 21% da poboación activa. Aos máis de 3 millóns catrocentos mil parados hai que sumar que o ano pasado fixéronse 8 millóns e medio de contratos dos cales o 96% son temporais, o 70% de menos de tres meses, e destes a metade de menos dun mes. A economía marcha mal e non ben como defende o goberno Aznar. Nun período que califican como de auxe económico resulta que o paro apenas diminúe. O ano pasado o número de parados era de 3 millóns e medio e este ano supera os 3 millóns catrocentos mil.

Tampouco é verdade que esta última reforma teña mellorado a situación e niso as cúpulas dirixentes de UGT e CCOO teñen unha grande responsabilidade. Non se crean postos de traballo e os que se crean non deixan de ser en precario. Estase a facer unha política neoliberal e a situación vaise agravar nun prazo relativamente breve de tempo debido a privatización das empresas públicas para, entre outras cousas, cumprir os criterios de converxencia europea. A política de sumisión ao gran capital, a alianza estreita entre o gran capital español e o alemán observouse de xeito claro, por exemplo, nas votacións da cumbre de Luxemburgo.

Vostede é crítico co papel que están a xogar no estado CCOO e UGT. Perderon estas organizacións a súa función sindical?

As cúpulas dirixentes, que eu non confundiría cos afiliados, estanse degradando. Negociar hai que negociar, pero sempre desde o equilibrio entre as forzas. Os traballadores están abaixo e a patronal e os gobernos ao seu servizo -antes o do PSOE e agora moito máis o do PP- están por riba. Para reequilibrar estas forzas non hai outra posibilidade que mobilizarse. Se negocia con desequilibrio de forzas o que hai sempre é unha entrega do máis débil ao máis forte. Neste sentido as cúpulas dirixentes dos sindicatos fixeron moitas concesións. Eu son dos que creo que os acordos de certa envergadura hai que sometelos a discusión. A dirección non pode apoiar nengun acordo sen ter consultado antes aos traballadores. Non basta con facer un brindis ao sol. Non temos porque tratar co gran capital sen presionar. Non podemos ir a negociar co goberno para facernos unha foto de familia.

Bota en falla un maior grado de democracia interna?


Un sindicato de clase debe ser profundamente democrático. Hai que facer asembleas e referendos. Cando as direccións negocian medidas, poden facer preacordos, pero despois hai

Marcelino Camacho

'A Historia non vai perdoar ás direccións de CC.OO. e UGT'

✦ PAULA BERGANTIÑOS

"AS CÚPULAS DIRIXENTES NUNCA DEBERON ASINAR AS REFORMAS DO EMPREGO E DAS XUBILACIONES", SINALA O MEMBRO FUNDADOR E EX SECRETARIO XERAL DE COMISIONS OBREIRAS, MARCELINO CAMACHO. CO CARNÉ NÚMERO 1 DE CC OO NO PETO DENUNCIA QUE "SE PERDEU A DEMOCRACIA INTERNA NO SINDICATO" E QUE "AS CÚPULAS DIRIXENTES FREAN A MOBILIZACION".



A. IGLESIAS

que consultar aos traballadores. O conxunto dos traballadores son os que deben decidir se se asina un determinado acordo ou non. Naturalmente

as direccións terán que negociar no seu nome, pero deben de telos sistematicamente informados e non tomando ningunha decisión sen que exista

un preacordo asembleario. Non chega con que se pronuncien certos aparatos, como poden ser unha dirección rexional, a dirección dunha federación, ou

a cúpula dirixente. Nunca se deberon asinar acordos como este último que rebaixa as pensións dos xubilados do futuro ao aumentar o número de anos cotizados. O certo é que se suprimiu o funcionamento asembleario e que os sindicatos reúnen moi de cando en cando. E non sendo en casos moi excepcionais a dirección do sindicato frea a mobilización. A Historia non vai a absolver as direccións de UGT e de CC.OO. por facer esta política.

Cal está a ser o papel destes sindicatos durante o goberno Aznar?

A última contra-reforma, que non reforma, comprendía dous aspectos fundamentais que son o acordo sobre as pensións e a redución das contra-prestacións por despidos inxustos. Iso nunca debeu asinarse. Nos últimos anos houbo cinco contrareformas. Cando se fixo a primeira, en 1977, había 684.000 parados, agora na quinta temos case tres millóns e medio. E necesario cambiar de política e se é preciso cambiar a eses homes que están comprometidos co que non foi unha unidade de acción, senón unha unidade para a inacción. É certo que existiron loitas por sectores, os traballadores da Citroen en Vigo ou no Estado os de Sintel, pero isto non é suficiente. Se estes conflitos responden a unha política neoliberal xeral hai que facer unha presión xeral. Ten que existir solidariedade entre os distintos sectores. O que pasa e que para non producir unha indigestión van agredindo un a un. Se tocan a todos á vez produciríase unha resposta xeralizada que traería consigo un coste político para o goberno. O que está claro, e xa llo dixen ao ministro Arenas, é que coas medidas que están tomando nunca van crear emprego pleno. Os seus planos non corresponden ás necesidades do Estado e dos traballadores. Non hai máis que ver as reconversións que están facendo as empresas.

Como valora os resultados do último cume de xefes de Estado sobre emprego celebrada en Luxemburgo?

O goberno español quedou moi aillado. Coa única xente que coincidiu foi fundamentalmente cos alemáns. Non deixa de ser curioso que Kohl, un reaccionario, coincida co suposto goberno de centro que preside Aznar. A maior parte dos estados que conforman a Unión Europea apoiaron unha serie de propostas que tampouco foron nada fundamental, porque por exemplo non se posicionaron sobre a xornada de 35 horas. O que está claro é que na situación actual non se vai conseguir pleno emprego namentras cada traballador non faga menos horas para que poidan traballar máis persoas. E non se trata rebaixar o salários, porque a produtividade das novas tecnoloxías da para mantelos.

Que opinión lle merece a coalición baixo a cal o PSOE, Esquerda Galega e Os Verdes acudiron as últimas eleccións galegas?

Gústame as oliveiras, pero cando son verdes. Nunca cando son amarelas. ♦



A. IGLESIAS

O Ourense está controlado por unha empresa do Grupo Zeta e o Celta quer derrubar Balaidos

O espectáculo futbolístico xoga fóra da realidade

♦ PUCHEIRO

O accionista maioritario do C. D. Ourense é a empresa ISO, vinculada ao Grupo Zeta, que ten como principal negocio a organización de eventos deportivos. Esta circunstancia non impide que esta sociedade deportiva receba inxeccións de diñeiro da Deputación, Concello e Caixa de Aforros de Ourense, institucións públicas. A confusión entre o público e o privado dos clubs de fútbol é tal que os directivos do Celta son quen de reclamar a demolición do Estadio de Balaidos e a construción dun novo campo e o goberno municipal de facerlles caso.

O deporte espectáculo está a sofrer unha profunda variación, mesmo legal, e a situarse como un dos fenómenos sociolóxicos máis importantes da sociedade actual que é preciso arrombar cos tópicos do pasado convertidos en consuetudinarios. O franquismo ollaba o deporte como "escola de boas costumes, de disciplina, de enerxía e de salubridade. É, á vez, un xeito de descanso activo fronte ao descanso pasivo, xeralmente con tendencias viciosas", segundo se afirmaba na exposición de motivos da Lei do 23 de Decembro de 1961. Os clubs de fútbol eran a expresión legal da ideoloxía do lexislador. Coas quinielas e coa lotería formaban parte fundamental do aparato ideolóxico da dictadura: participación, identificación, esperanza, todo o que os cidadáns non podían realizar ou canalizar naquel rexime de ausencia de liberdades.

Hoxe os clubs de fútbol de Primeira e Segunda División xa non son "de todos os sócios", nen se pode seguir a afirmar que "representan a toda a cidade". Coa lei de Sociedade Anónimas Deportivas (SAD) convértese en empresas, aínda que un pouco especiais. Pero, o que daquela só podía interpretarse como "empresas sen ánimo de lucro", hoxe constitúen un dos principais entarimados do negocio comunicacional, que ten os espectáculos deportivos coma unha das súas actividades principais. O establecemento das televisións dixitais conferíulles aos clubs de fútbol un valor estratéxico.

Tanto é así que diversas empresas, todas elas relacionadas coa comunicación, comezaron a mercar clubs de fútbol para asegurarse a retransmisión de espectáculos deportivos ou a negociación en posición de forza con outras cadeas. Era a repetición do que estaba a pasar noutros estados de Europa e nos EEUU.

A restrición imposta por lei de que nengunha "persoa física ou xurídica pode poseer accións en proporción superior ao 1% do capital de forma simultánea en dúas ou máis S.A. Deportivas que participen na mesma competición", como dispón o artigo 22.2 da vixente Lei de Deportes estatal, está a ser conculcado segundo as últimas investigacións.

O Consello Superior de Deportes (CDS) está a investigar ás empresas que se fixeron co con-

trol de varios clubs, nomeadamente do Badajoz, Málaga, Mallorca, Sevilla, Hércules e Ourense. A investigación céntrase en saber se as distintas sociedades que mercaron a maioría das accións destes clubs están ou non relacionadas cunha mesma persoa, António Asénsio. Dase a circunstancia de que a maioría destas empresas teñen a sé social no mesmo edificio que o Grupo Zeta de Comunicación.

O Ourense en mans de ISO

Estas investigacións deron como resultado coñecer a composición do accionariado do Ourense SAD. O capital maioritario (130 millóns de pesetas) está en mans da empresa Internacional Sport Organization (ISO) da que figura como administrador o presidente de Zeta, António Asénsio, xunto con outros membros do mesmo grupo,

Javier López e Codina Dalmau.

Outro dos accionistas maioritarios é Xosé Luis Baltar, presidente da Deputación de Ourense. Baltar, que foi quen negociou con Asénsio, mercou persoalmente 43 millóns de pesetas en accións. Segundo a súa afirmación con cárego ao crédito que lle concedeu Caixa Ourense. Destes 43 millóns iniciais xa vendeu 23 millóns. Os 20 restantes ofercellos á Deputación.

O Deportivo, pola súa banda, é a única SAD que aínda non fixo público a composición do seu accionariado, nen sequer os inspectores do CDS o puideron examinar. A Liga abriulle un expediente e multouno cun millón de pesetas, pero Lendoiro recorreu ao Tribunal Superior de Xustiza que aínda non dictaminou en cuestión. ♦



Descalificado dunha oposición en Outeiro de Rei por non ver dun ollo e ter má letra

Xosé Francisco Rodríguez, un mozo de Ferrol, ven de denunciar na Fiscalía da Audiencia Provincial de Lugo, as supostas irregularidades cometidas no proceso de selección dun administrativo para o concello de Outeiro de Rei. As probas tiveron lugar entre finais de Outubro e comezos de Novembro, e delas resultou seleccionado Xosé Luis Pardo Ferro, fillo do tenente alcalde do concello de Outei-

ro Rei, Xosé Pardo Lombao. Presidia o tribunal que ia xulgar os exames o alcalde do PP, Antonio Varela Rodríguez estando acompañado por tres funcionarios e un vocal que representa á Xunta. A má caligrafía de Rodríguez, produto da súa falla de visión nun ollo, foi a razón para ser descalificado destas probas.

O primeiro día de exame, Xosé Francisco Rodríguez consultou se o seu problema de má letra causarlle perxuízos. Respostáronlle que as probas ían ser lidas en público e que non había problemas. Durante o proceso, os opositores tiveron constancia da información aparecida en *El Progreso* do día 27 de Outubro na que se sinalaba que o fillo do tenente alcalde era o mellor situado tras as dúas primeiras probas. A terceira proba era unha redacción. As mellores calificacións tamén foron para Pardo Ferro. "Entre os opositores isto causou sorpresa e eu, crendo que merecía máis nota, solicitei as copias do meu exame, do dunha compañeira que o fixera moi ben e a de Pardo Ferro. Denegáronnos baseándose no dereito á intimidade máis que a lectura do exercicio fora pública", sinala

Xosé Francisco Rodríguez.

Xosé Francisco Rodríguez converteuse con Xosé Estévez, representante da Xunta, ao saber que fora el quen atopara "un grave erro" no seu exame. As explicacións non satisfaceron ao opositor. "A conversa acabou sendo unha rifa e Xosé Estévez rematou por dicirme que se arrepentía de terme aprobado. Incluso mencionoume unhas ameazas telefónicas como se eu tivera algo que ver", comenta o denunciante, que solicitou a recusación de Estévez pero non lle foi concedida aínda que este non interviría a petición propia na avaliación do recusante. Cando chegou o momento de ler o exercicio de Rodríguez, Estévez asegurou que cunha letra illexíbel a norma era declarado "non apto porque un funcionario ten que saber ler e escribir correctamente". Xosé Francisco ofreceuse para lelo ben pero non o aceptaron. "Estaba claro que a lectura ía ser pública e eu non me esmerei en facer unha boa caligrafía porque me custa moito pola falla de visión", sinala. O Mércores 26 foi declarado á Audiencia Provincial de Lugo. ♦

Día contra a violencia sexista cun balanço de 57 mortas este ano no Estado

O Martes 25 de Novembro celebrouse o Día Internacional contra a Violencia Sexista nun ano no que xa morreron 57 mulleres por agresións no Estado, segundo as cifras do Ministerio de Interior. Perto de dezanove mil mulleres denunciaron ter sido vítimas da violencia por parte de homes, o que supón un incremento importante con respecto as denuncias de anos anteriores. Máis isto, traballadoras sociais e colectivos feministas advirten da feble actuación da xustiza contra os delitos de agresión e violación contra as mulleres e solicitan, de novo, a creación dunha fiscalía específica para estes casos. Argumentan, ademais, que o número de vítimas mortais supera ás causadas polo terrorismo no Estado. As *Mulheres Nacionalistas Galegas*, que peden unha lei galega contra a violencia sexista, sinalan que gobernos que din defender a vida "non defenden o dereito a vivir das mulleres". Na Galiza, as denuncias das mulleres por violencia no fogar ascenden a preto de 600, cifra que só representa unha pequena porcentaxe da violencia real. ♦

Marcha a Alcalá de Henares en solidariedade con dous insumisos

A ANOC organiza unha marcha para o vindeiro 13 de Decembro á prisión de Alcalá de Henares para solidarizarse cos dous insumisos arosanos que cumpren condeas ali: Elias Rozas e Ramiro Paz. Estes dous estudantes marcharon do cuartel semanas despois de comezar o servizo militar. A ANOC convoca a todos os mozos e mozas antimilitaristas a participar na marcha. A viaxe custa 3.000 pesetas e hai autobuses que parten de varias vilas, tanto do Norde como do Sul da Galiza. ♦

Manifestación contra a presenza de barcos da OTAN na Coruña

A carreira pedestre organizada pola flota de barcos pertencentes á OTAN e que atracaron hai uns días na Coruña foi denunciada por *Galiza Nova* como "unha manobra para amosar os efectos positivos do organismo militar na cidade". Os mozos e mozas nacionalistas acudiron con pancartas contra os gastos militares ao evento, que se celebrou o Domingo 23 e que estaba respaldado polo concello. Só trinta e cinco veciños e veciñas da Coruña inscribíronse a proba. ♦

Negan a autoría do documento das delegacións de Euskadi e Catalunya pero non renegan dos contidos

O PP propugna a utilización social do terrorismo contra os nacionalismos

♦ B. LAXE

As delegacións do Partido Popular do País Vasco e Catalunya reuníanse o 21 de Outubro en Bilbo. Un documento de conclusións desta reunión foi publicado polo xornal *Egin* e tamén enviado a *Deia*. Nel apóntase a filosofía do que logo tentou ser a reforma das asignaturas de Humanidades, principalmente da Historia e a utilización do fenómeno terrorista de Euskadi para combater aos nacionalismos periféricos. O PP nega que se redactase o documento en cuestión, pero non descalifica unhas propostas que, na práctica, son a política que está a aplicar a dereita española.

O Partido Popular está realizando unha "explotación intelixente e medida do sentimento de repulsa a ETA e dos nacionalismos", polo que a loita contra ETA "debe de ser unha das principais bazas eleitorais do partido, sacando o máximo proveito posíbel do clima cada vez máis antibasco existente na sociedade española e adoptando unha actitude claramente temporizadora ante a existencia do terrorismo. Hai que apostar por unha política enteiramente baseada na vía policial que rexeite as iniciativas de grupos como Elkarri, pois estas sácanlle protagonismo ao proxecto do PP". Así valora o PP, no punto segundo do documento redactado polas delegacións vasca e catalana, a "crecente polarización ao carón do PP do sentimento de repulsa a ETA e aos nacionalismos".

Neste documento, que desde PNV e PSOE en Euskadi lle dan toda verosimilitude, afirmase que os nacionalismos están estancados en Euskadi e Catalunya, "segundo as sondaxes", valorando moi positivamente o "propósito de implantar Izquierda Unida en Catalunya, co que se contribuirá a dar unha ambientación cada vez máis española á política catalana".

Tamén se afirma no documento que as tensións "máis aparentes que reais", con CIU e PNV, poden producir incluso efectos positivos para o PP ao non dar unha "imaxe pública de supeditación a respecto das posicións dos nacionalistas". A oposición á *Lei do Catalán* e ao *Goberno Tripartito* en Euskadi amplificará esta sensación ao tempo que "non pon en perigo a maioría nas Cortes".

Correxir o enfoque da educación

Nesta reunión entre as direccións do PP basco e catalán chegaron á conclusión de que era preciso "correxir o enfoque nacionalista que actualmente se está dando á educación", através de directrices que "insistan na necesidade de adoptar e priorizar criterios uniformistas e unitaristas na impartición da his-



As manifestacións de Xullo contra o asasinato de Miguel A. Blanco, son manexadas polo PP en clave antibasca.

toria de España". Deciden tamén que hai que tomar medidas para frear en Euskadi "a educacións en vascuence".

Afirmar que é preciso contrarrestar aos nacionalismos periféricos coa "implantación dun nacionalismo de Estado e a potenciación dos valores españois tradicionais, incluso, con certa discreción, dos valores asociados co réxime anterior inxustamente vilipendiados".

Neste senso, o PP "valora moi positivamente a evolución ideolóxica de intelectuais que, até hai pouco, estaban na órbita socialista e incluso nacionalista" e que actualmente se están achegando á órbita do PP, "sendo Jon Juaristi e Fernando Savater casos dignos de mención". Así mesmo, valoran moi positivamente a evolución da industria de comunicación, "apontándose a peculiaridade de contar no País Vasco co

apoi do maior grupo de prensa escrita (Grupo Correo)".

Igualmente perciben "un claro auxe mediático do partido, e dos valores que defende, en todos os medios non nacionalistas despois dos trágicos sucesos de Xullo [morte do concelleiro de Ermua]". Tamén ollan como "aspectos positivos para a cultura española a construción en San Sebastián dunha praza de touros".

En Catalunya peden apoio e financiamento para as asociacións de Defensa da Lingua, a Miguel de Cervantes, e relacionarse "máis estreitamente co foro de Babel que, pesie a estar na órbita comunista-socialista, traballa no mesmo sentido (español) e co mesmo espírito". O PP tamén decide que en Catalunya se deben de fomentar os contactos coas "Casas Rexionais", ao tempo que apuntan as deficiencias existentes nos medios de comunicación de Catalunya onde o PSC-PSOE exerce unha supremacía case monolítica ante o desespero do mundo catalanista". Tamén deciden que hai que frear as "pretensións económicas nacionalistas dos medios de comunicación de fóra de Catalunya".

Noutra orde de cousas, o documento apunta a necesidade de que non se lle devolva o patrimonio histórico a partidos e sindicatos nacionalistas, maiormente a Esquerra Republicana de Catalunya, que cifran para este partidos nuns 7.500 millóns de pesetas. Ao mesmo tempo vaticinan a desaparición de Iniciativa per Catalunya, o estancamento do PSC-PSOE e o afundimento de CDC cando desapareza Jordi Pujol. ♦

A. EIRÉ

Se non fose vero sería ben trobato

José Antonio Ardanza, presidente do Goberno basco afirmou que "podía chegar á convicción moral" de que as informacións contidas no presunto documento do PP poden identificarse plenamente cos contidos que defende ese partido, pedíndolles que "máis que renegar do documento o fagan dos contidos do mesmo". Tamén os socialistas bascos coinciden en darlle credibilidade ao documento. O secretario xeral do PSE-EE, Redondo Terreros, recordou que algúns dos postulados que se recollen no suposto informe explican a política que leva a cabo algúns dos dirixentes do PP.

Mentres os populares negan que ese documento sexa autógrafa, nos círculos ben informados de Euskadi afirmase que a filtración procede do enfrontamento existente entre a liña de Mayor Oreja e a de Álvarez Cascos, en puxa dentro do partido. Sexa ou non sexa certa esta filtración, o documento adáptase claramente ao exposto polo ministro de Interior nas súas conversas cos grupos parlamentarios: non lle importa a existencia do terrorismo se o nacionalismo basco non ten un apoio maioritario; a súa existencia é beneficiosa para o PP, así que toda iniciativa non policial vai en contra dos intereses da dereita española.

Por outra banda, dase a circunstancia de que propostas que aparecen no documento en cuestión pasaron a ser política fáctica do Goberno: campaña pola unificación histórica, debate na televisión comparando franquismo con socialismo, apoio ás organizacións anticatalanistas, connivencia coas posturas máis antinacionalistas da esquerda, merca de intelectuais para que lles sirvan de correa de transmisión ideolóxica, potenciación de grupos de comunicación afíns... ♦

Expulsan nun día a 115 inmigrantes marroquies de Alxeciras

Cento quince inmigrantes marroquies que chegaron a Alxeciras o Domingo 23 de Novembro, foron repatriados o Luns 24 tras ser tramitados os expedientes de expulsión en vintecatro horas. Setenta deles chegaran a bordo dunha embarcación, cuxo patrón, de Huelva, foi detido por un delito contra os traballadores. Outros vinte chegaron á cidade nun automóbil, cuxo condutor, un gaditano, tamén foi detido e outros seis chegaron como polizóns nun buque. Ademais a policía descubriu a inmigrantes de Marrocos nun camión o mesmo día. A rápida tramitación dos expedientes explicase, segundo fontes policiais, polo colapso na comisaría de Alxeciras, que non padecera en anos a chegada de tantos inmigrantes ao mesmo tempo. ♦

Demisión de dous altos cargos en Portugal nunha semana por impago de impostos

Á demisión do número dous do Goberno portugués António Vitorino -persoa de confianza do primeiro ministro, António Guterres- despois de ter sido feito público o impago de impostos municipais por valor dunhas 300.000 pts. súmase a saída do cargo do gobernador civil de Beja, António Salério acusado no xornal *Público* de ter sido intermediario dos terreos comprados por Vitorino no Alentejo. Os acusados falan dunha campaña organizada contra os socialistas mentras a oposición califica as demisións de "exemplares". Outro socialista, o alcalde de Cascais, esta vendo tamén o seu posto perigar por non ter pagado uns impostos nun par de anos. ♦

O Colectivo de Gais e Lesbianas contra a proposición de unións do PP

A proposición de lei do PP para regular as unións civís foi admitida a trámite no Congreso dos Deputados co apoio de CIU e PNV mentras os colectivos homosexuais e os grupos da oposición mostraron o seu rexeitamento. Os colectivos de gais e lesbianas xa manifestaron que a iniciativa do PP era unha maneira de adiar a lei de parellas de feito á que o partido do goberno español non se quer enfrontar. As críticas chegaron tamén pola falta de viabilidade do proxecto que faría perigar o sistema da Seguridade Social xa que reconece calquer sorte de convivencia. ♦

Trataron de subornar a unha asociación ecoloxista luguesa para que non protestaran contra a compañía

A petroleira Shell acusada de xenocidio en Nixeria

► P.C.

Ao sueste de Nixeria, unha étnia formada por 500.000 persoas, os Ogoni, nun país no que habitan 100 millóns, está sufrindo as consecuencias de vivir sobre unha bolsa de petróleo. Marxinación interna, degradación medioambiental e estrangulación da economía tradicional son algunhas das características do seu actual modo de vida desde que a Shell Oil Company descubriu o xacemento de cru que hai no seu sochán. Un membro do *Movimento para a Supervivencia do Povo Ogoni* (MOSOP) achegouse á Galiza a pasada semana para denunciar a atitude xenocida da Shell en connivencia coa ditadura militar do xeneral Sani Abacha, que preside o goberno nixeriano.

"Buscan beneficios sen ter en conta as condicións de vida da xente e por eles son mesmo capaces de matar", conta o membro do MOSOP, que prefire non identificarse nen dicir onde estará ao día seguinte para evitar que a Shell ou membros do goberno nixeriano poidan represaliar. Desde unha perspectiva galega o seu extremado celo por manterse no anonimato pode resultar excesivo e só se comprende cando Iván Prado, membro da Asemblea lucense contra a OMC, ase-

gura que mesmo unha asociación ecoloxista luguesa recibiu unha carta da propia Shell facéndolles a amábel invitación de abandonar as súas protestas en contra da compañía petrolífera a cambio dunha sustanciosa cantidade de cartos. Á Shell preocúpalle a máa imaxe que sobre as súas actividades poden dar as organizacións que colaboraron para que o representante da étnia nixeriana puidera visitar Galiza, entre as que se atopaban INTERED, Cristiáns na Sociedade, Comité Oscar Ramos, COSAL, CNT e a propia Asemblea lucense.

Persecucións

Para poder realizar a súa visita en calidade de embaixador do povo Ogoni, este representante do MOSOP tivo que saltarse os controis militares que rodean as demarcacións do seu territorio ao igual que a propia fronteira nixeriana. "O goberno de Nixeria está ao servizo da Shell e trata de impedir que acheguemos a nosa mensaxe de denuncia contra as actividades de ambos ao resto do mundo", afirma.



O goberno militar de Nixeria, na foto a capital Lagos, é denunciado polos ogoni de exterminio da poboación indíxena.

O MOSOP artéllase como movemento de resistencia contra as actividades da Shell Oil Company e mesmo conseguiu paralisar o labor extractivo da compañía. Segundo este membro da organización, cando a Shell comezou a tirar petróleo elevouse o nivel de contaminación, provocando unha choiva ácida que destrizou os

cultivos. A degradación medioambiental produciu tamén enfermidades entre a poboación o que levou aos Ogonis a reunirse para buscar solucións aos problemas que se lles presentaban.

A primeira via pola que optaron foi a de entregar un documento á compañía petrolífera no que se resumían as súas peticións, pero a resposta que obtiveron foi a represión armada. Isto xerou, no ano 1993, un enfrontamento bélico do que o membro da organización Ogoni matiza que "daquela non só mataron á xente, senón que mesmo destruíron as nosas vivendas". O exército nixeriano ocupou o territorio para impedir a organización e mobilización dos Ogonis, pero pésie todo non o conseguiu.

O 4 de Xaneiro de 1993, a Shell iniciou as obras dun gasoducto atravesando o territorio. "Destrozaron as terras coas excavadoras e as mulleres saíron a protestar, pero en lugar de escoitalas provocaron unha masacre. Non hai diferenza entre o goberno e a Shell, por iso o povo decidiu que había que totalos. Orga-

nizámonos e fomos ás prantas de extracción, rodeamos aos traballadores e obrigámoslos a abandonar as instalacións, pero non fixemos uso da violencia en ningún momento", asegura.

Desde aquela, a Shell non conseguiu reiniciar as actividades extractivas, pésie ao que mantén a presión sobre o povo Ogoni. Na actualidade espállanse polo mundo arredor duns 100.000 refuxiados políticos e entre os mortos provocados pola represión da petroleira e o exército atópase o escritor Ken Saro-Wiwa, que foi aforcado xunto con outros 8 activistas do MOSOP en Decembro do 1995, acusado de ter asasinado a catro xefes Ogoni pro-gubernamentais.

Por iso, os Ogoni, que coñecen o poder da Shell, temen ser recoñecidos alá onde vaian, como os dous refuxiados que viven en Lugo e que se negaban a aceptar a invitación dos organizadores dos actos nos que participaba o activista do MOSOP porque temían que se tratara dun axente do goberno nixeriano. Cando finalmente acederon a asistir, pasaron uns 15 minutos facéndose preguntas entre eles para identificarse antes de dar un só dado persoal ou falar amistosamente sobre os problemas que sofre o seu territorio. ♦

Pola súa posición xeográfica, Cuba é un destino turístico por excelencia e ponte natural entre as Américas e Europa. Brindar a posibilidade de trasladarse a outros puntos de América e do Caribe é un dos máis importantes propósitos de

CUBANA DE AVIACIÓN



DR. TEIXEIRO 20, ENTRECHÁN
TELF.: (981) 58 14 15 - FAX: (981) 58 82 23
SANTIAGO DE COMPOSTELA

VO REGULAR DE CUBANA DE AVIACIÓN
SANTIAGO DE COMPOSTELA - HABANA
- SANTIAGO DE COMPOSTELA

permanente todos os Sábados ás 12,30 horas
por 82.000 pta. (válido até o 31 de Outubro).

SOLISON
LOS VIAJES
DR. TEIXEIRO 20,
ENTRECHÁN
15701
SANTIAGO
DE COMPOSTELA
TELF.: (981) 58 14 15
FAX: (981) 58 82 23

RODRIGUES LAPA

1897 - 1997



A NOSA TERRA
Nº 206 • 27 • NOVEMBRO • 1997

O portugués amigo da língua galega

O galego moderno non poderá desenvolverse de costas ao tronco lingüístico portugués, ao que está unido por un pasado común nen o portugués pode renunciar, sen dano gravísimo, ás aportación do caudal da lingua da Galiza sobre o seu idioma. Manuel Rodrigues Lapa situábase con esta proposta no centro dunha disquisición copernicana ao abrir a discusión sobre os caracteres e evolución independente do galego desde o Medievo.

A posición de Rodrigues Lapa, lexitimada polo seu enorme prestixio científico e o feito de ser o filólogo portugués coa máis rica e orixinal bibliografía galeguista, cambiou a teoría da interferencia histórica Galego-Español (o realismo lingüístico imposto por unha situación política desigual co resultado da castelización progresiva) por outra de reintegración a un tronco lingüístico común no que o Galego podería defender con eficacia mellorada o seu campo propio.

A teorización tiña o valor político dun reactivo que escindía irreversiblemente a filoloxía galega, mesmo con rectificacións de enorme transcendencia, como a de Carvalho Caleiro, autor da nova gramática e primeiro catedrático de Galego.

Cando se cumpren cen anos do seu nacemento en Anadia, na Galiza dúas homenaxes en Compostela e Vigo servirán en Decembro para evocar unha figura en exceso esquecida por razón deste esgazamento polémico. Nos congresos que xa conmemoraron a data en Anadia e Braga, a presenza de galegos -ademais de varios dos que aquí escriben estiveron Constantino Garcia e Jose

Luis Rodrigues- serviu para deixar á vista que a súa obra continua a favorecer a comunicación simétrica que el promovía.

Da súa presenza na Galiza sobresaí a súa extrema curiosidade polo país, o recoñecemento do noso pasado literario, a perpétua embaixada das nosas letras na que se conformara, o compromiso cos ideais do galeguismo e toda unha mancha de amigos que continúan lembrando a súa obra e a súa dignidade.

No 1932 Rodrigues Lapa aparece retratado ao pé dos galeguistas na homenaxe que se lle tributa a Castelao en Nabela, Lugo. Comezaba entón unha intensa relación do investigador portugués co movemento galeguista amparado tamén nas súas inxerencias culturais que o levaron a aprofundar nos estudos de literatura medieval e na divulgación das nosas letras contemporáneas.

Calificado como home honesto por todos aqueles que o coñeceron, Rodrigues Lapa sufriu a represión da ditadura portuguesa sendo afastado da Universidade, logo preso e despois exilado no Brasil, a seguir da que foi a súa consigna vital: "O deber do escritor é, sempre foi, nos grandes momentos de crise nacional, dar o corpo ao manifesto, servir as aspiracións do povo, conungar con ele no seu anseio de liberdade e justiça".

Da súa autoría quedannos obras fundamentais como *Vilancicos. O vilancico galego nos séculos XVII e XVIII* (1930) *Lições de Literatura Medieval* (1933), *Estilística da Língua Portuguesa* (1945), a edición das *Cantigas d'escânho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses* (1965), os *Estudos Galego-Portugueses* (1979) ou mesmo as súas lembranzas recollidas en *As minbas Razões-Memórias de um idealista que quis Endireitar o Mundo*. No seu centenário viron en Portugal tirouse do prelo unha antoloxía das súas cartas na *Correspondência de Rodrigues Lapa. Seleção 1929/1985* (Minerva-Coimbra 1997) e a *Fotografia* a cargo de José Ferraz Diogo, publicada pola Câmara Municipal de Anadia e a Casa Rodrigues Lapa. ♦

2

Castelao e a Galiza
MANUEL RODRIGUES LAPA

3

Francisco Fernández del Riego:
"Lapa identificouse co galeguismo dos anos trinta"

CARME VIDAL

"Vencellados a aquel profesor mozo"

SALVADOR LORENZANA

4

Rodrigues Lapa e a preocupación pola nosa literatura

FRANCISCO SALINAS PORTUGAL

5

O poder faústico dun home contra as "reticencias"

CARLOS P. MARTÍNEZ PEREIRO

6

Propagandista da Galiza pelo mundo

JOSÉ M. MONTERO SANTALHA

7

Condição de galego

ISAAC ALONSO ESTRAVIZ

8

Cartas a Fermin Bouza-Brey e Abelardo Moralejo

COORDENACION:

Carme Vidal

FOTOGRAFIA:

Arquivo A Nosa Terra e Manuel Rodrigues Lapa, *Fotobiografía* de José Ferraz Diogo





A NOSA TERRA
N.º 806 • 27 • NOVEMBRO • 1997

RODRIGUES LAPA

1897 - 1997

2

Lapa porta a bandeira na homenaxe a Castelao celebrada no 1932 en Nadelá, Lugo. Na imaxe aparecen, ademais de Lapa e o propio Castelao, Otero Pedraio, Francisco del Riego, Antón Vilar Ponte, Ramón Suárez Picallo, Lúgris Freire e Plácido R. Castro.



Castelao e a Galiza

■ MANUEL RODRIGUES LAPA

No día 20 do mês pasado, entre un bando de galeguistas de Ourense, fui asistir em Lugo à homenaxe da Galiza ao seu grande artista Alfonso Rodríguez Castelao. Este, acompañado dos colegas deputados, Soárez Picalho e Otero Pedrayo, viera de Madrid, de prósito, *sofrer* a consagração. Fomos esperá-lo a uma encruzilhada, onde se deveria formar o cortejo que entraria em Lugo. Vicente Risco ou Ánxel Casal, já não sei bem, apresenta-me o herói do día: um homem alto, vestido de luto, portador de óculos, por trás dos quais espreitam uns olhos extraordinários, húmidos de ternura: uma simplicidade e uma simpatía comunicativas e um entusiasmo viril de galego, ao dizer-me, convictíssimo:

—Galiza começa a renascer!

Depois de tirarmos um grupo fotográfico, com *cara de riso* receita por Castelao, abalámos para Lugo, entre nuvens sufocantes de poeira, que nunca mastiguei de tão bom grado. Havia na cidade uma animação desusada, embora o gentio lucense, conhecidamente fleumático, não saudasse ruidosamente a caravana. A primeira cerimónia oficial foi a recepção no Palácio Municipal, onde se entregou ao artista, em meio de estrepitosos aplausos, um álbum artístico. Castelao, comovido, diz umas quantas coisas a agradecer. Soárez Picalho remata com três vivas atroadores.

Seguiu-se o banquete no vasto comedor do hotel Méndez Núñez. Encheu-se de centenas de convivas. Tive a fortuna de ficar sentado próximo de Castelao, que, com um companheiro de antiga boémia, fala singela e saudosamente da fome de outros tempos. Um homem encantador, sem artificio nem *pose*, que se senta àquela mesa ritual como se estivesse na sua ca-

sa de jantar. A meio do almoço irrompe na sala um coro galego. Não sei o que tem a gaita que me revolve todas as fibras da sensibilidade. Aquele *aturuxo*, sorte de clamor guerreiro, alegre e irónico, não consegue, muito ao contrário, distrair a minha comoção, que me vai, a meu pensar, molhando os olhos. Castelao diz-me: —*É moi ledo, non é?* Respondo-lhe: —*Pra min é moi triste.* E logo ele: —*Pra min tamén.*

Começam os discursos. O Dr. Cadarso, reitor da Universidade de Santiago, Otero Pedrayo, Soárez Picalho, Paz Andrade saúdam com eloquência Castelao. Estou pasmado, parece-me estar em Portugal: porque tudo aquilo é puro lirismo, que flui, ligeiro e fácil, da boca untuosa de Pedrayo, forte e retumbante do negro vozeirão de Picalho. Afirmações de fervoroso galeguismo. Castelao agradece. Tem a sedução das palavras simples, pitorescas, que vão direitinhas ao coração. Quando se diz, imitando Ortega y Gasset, *um galego quimicamente puro*, todo dedicado à causa da Galiza autónoma, uma tempestade de aplausos abafa-lhe as palavras. Há lágrimas em muitos olhos. Acaba o banquete. E eu, que tencionava a penas ser naquela festa um espectador atento, venho derreado das emoções da famosa jornada. Senti-a como se fosse galego. Um meu companheiro de camioneta, vendome silenciosos, ruminando o meu sonho interior, compreende-me e diz-me melancolicamente esta maravilhosa cousa: —*Andamos desviados...* Assim é, irmão galego, andamos estúpida e incompreensivelmente separados, nós, que tão bem nos entendemos e tanta falta fazemos uns aos outros!

Foi na abastada e risonha vila da Estrada que tive a súbita revelação do génio artístico de Castelao. Bouza-Brey, moço admirável, galeguista intransigente, mostrou-me o famoso álbum *Nós*. Fiquei abalado: o simbolismo forte de alguns desenhos, o realismo pungentíssimo de outros, a ternura inefável de uns

poucos, fazem desse álbum o verdadeiro poema da Galiza sofredora, a historia trágica da *terra assobalhada*. As legendas, escritas num galego fremente, de delicioso humorismo às vezes, completam o quadro (...)

Mas nem tudo felizmente é amargura e frustração no álbum de Castelao. Sente-se nele a predilecção amantíssima dos *nenos*, dos meninos galegos, que, no justo dizer de alguém, são os mais lindos do Mundo. E é consolador verificar que os *nenos* que Castelao desenhou há catorze anos são hoje homens de vinte e pico e constituem — admirável mocidade! — o maior esteio do galeguismo. a obra do grande artista tem pois frutificado. Honra lhe seja (...)

Faltou apenas mencionar um desenho n.º 36, que poderíamos incluir na secção e tipos populares, que é dum realismo surpreendente e faz lembrar cenas de Dickens e Daudet: a mulher chora diante do cadáver do marido, a boca torcida de pranto, e diz com um supremo consolo e bastante orgulho: —*Ai! meu hominbo, e que bonito vás co traxe das romerías!* À porta, a turba dos vizinhos que vêm ver, uns sérios e compungidos, outros indiferentes ou mesmo sorridentes; a cabeça espantada dum garoto fura por entre as saias das mulheres.

Posto isto, digam-me se não esta sendo de grande urgência a realização duma *Semana Galega* em Portugal (Porto e Lisboa), projectada há tempos, mas malograda por não sei que desgraça, que sempre persegue estas puras manifestações do espírito. Com uma *Semana Portuguesa* em Santiago de Compostela, feita com decência e bom gosto, estaria dado o primeiro passo para o necessário e indispensável entendimento entre os dois povos. Que isto se realize quanto antes; a ocasião não pode ser melhor. ♦

Seara Nova, N.º 309, 1932.



‘Levo no meu fardel de exilado todos os ideais que iluminaram a minha mocidade e que, já agora, não-de ser o consolo e o brasão da minha velhice: um amor entranhado do povo e da sua liberdade, duas coisas que andam a par, como irmãos siameses, impossíveis de separação’.

Rodrigues Lapa
Rumo ao Brasil 1957



Francisco Fernández del Riego 'Lapa identificouse co galeguismo dos anos trinta'

"Era un home de total honestidade" di Francisco Fernández del Riego do seu amigo Manuel Rodrigues Lapa. Presentoullo Bouza Brei a comezos dos anos trinta e desde aquela comezou unha amizade que se perpetuaria no tempo, afondando na relación simétrica que procuraban para a cultura galega e portuguesa. Del Riego fala de dúas etapas marcadas con claridade na biografía de Lapa e destaca a primeira na que asume os ideais do galeguismo.

Lapa aparece na primeira foto localizada na Galiza na homenaxe a Castelao no 1932. Participou do ideário dos galeguistas de entón?

Chega a Galiza tratando de buscar a posibilidade de que o trovador Taveirós nacesse nunha localidade perto da Estrada, naquel momento era ali xuíz Fermin Bouza Brey que o acompañou e presentoumo a min. Fun xa con el á homenaxe que se lle fixo a Castelao en Lugo, en Nadela onde aparecemos retratados naquela foto de grupo. Rodrigues Lapa identificouse moito co movemento galeguista daquel momento. Porque na súa biografía hai dúas etapas, a primeira moi longa na que mantivo unha tese ben distinta á da última cando chegou a considerar que o galego era un dialecto do portugués. A primeira etapa é totalmente distinta como podo demostrar documentalmente a través da súa correspondencia. A polémica foi a última hora e de forma sorpresiva porque se contradi con todo o anterior.

Vostede ten contado a súa permanente relación con el, con encontros na Galiza, en Portugal ou no Brasil.

Tiven unha relación permanente con el de tal xeito que ia todos os anos a pasar oito días ao seu quintaliño de Anadia e ademais acompañoume a visitar unha grande parte da zona de Coimbra e tamén á Costa de Caparica onde el tiña unha casa; fixemos unha chea de excursións porque el tiña grande interese en que eu coñecese o máis fundamental do Portugal norteño. A pesar de se mover no mundo lisboeta era un home de Anadia, no centro de Portugal, e

sostiña que o galego non se ceñiu á zona Miñota senón que incluso proseguíu até cerca de Coimbra. Seguíu mantendo relación con el cando marchou a Brasil como profesor visitante, onde sostiña que quería ver como respondían os brasileiros diante da litera-



tura galega. Deulles a ler a literatura contemporánea e había sorpresa neles. No ano 1954 atopámonos en Sao Paulo e el foi a agardarme porque sempre estivo interesado cos pro-

blemas de Galiza. Mostrou un grande interese pola biblioteca Penzol e convidámolo para que pronunciase unha conferencia inaugural e tamén se lle convidou para que establecese relación cos estudantes de Filoloxía que ían aparecendo na Galiza. Augurou naquel momento que Santamarina sería un home de futuro, coma foi.

El via na Galiza, Portugal e Brasil un mundo amplísimo con diferencias fonéticas e grandes semellanzas. Chamáballe a atención de locucións que continuaban vivas na Galiza e desaparecían en Portugal.

Era singular que un portugués se relacionase de maneira tan intensa con Galiza?

Non era tan revelador, foi por ser un home moi consecuente neste aspecto e un grande investigador pero había figuras da literatura totalmente identificadas co problema galego, por exemplo Teixeira de Pascoaes ou Leonardo Coimbra e logo moitos historiadores e arqueólogos tiñan tamén relación con nós. Máis que agora. Había periódicos portugueses que facían suplementos literarios con colaboracións galegas. Está a própria *Seara Nova* do que foi director Rodrigues Lapa con colaboracións de xente de aquí e moitas máis. Tamén na *Águia* cando entrou en contacto con eles Risco.

Cando se lle pagaron os dereitos de autor polas Cantigas dixo que quería invertilos nunha viaxe por Galiza coa súa muller e o seu fillo. E a min díxome que quería deixar a súa biblioteca a Anadia, onde agora hai unha fundación co seu nome, pero que a biblioteca filolóxica quería entregarla á Biblioteca Penzol. Mesmo o fillo di que ali, na Costa de Caparica, están os pacotes aínda sen transportar cos libros que el quería que viñeran para Galiza. Lapa era un home de total honestidade, consciente do que quería e ao servizo da súa ideoloxía. El dicía que había que baixar a cabeza e non estaba disposto. ♦

Lapa
semellábanos a
feliz conxunta
do investigador e
do escritor.
Sentía o belo e
expresábo con
sinxela
elegancia, con
precisión e
claridade.

Vencellados a aquel profesor mozo

■ SALVADOR LORENZANA

Sendo estudantes en Compostela, o nome do xoven romanista Dr. Rodrigues Lapa estaba xa nas nosas conversas. Na biblioteca do "Seminario de Estudos Galegos", do piso baixo de Fonseca, catro ou cinco rapaces universitarios comentábase a tese defendida no libro *Das orixens da poesía lírica em Portugal na Idade-Média*, que remataba de saír do prelo.

Sentiámonos vencellados, con indisimulábel simpatía, a aquil profesor aínda mozo que nos amosaba unha nova visión da nosa poesía medieval. Lapa semellábanos a feliz conxunta do investigador e do escritor. Sentía o belo e expresábo con sinxela elegancia, con precisión e claridade. A istas dotes amecía, naturalmente, o coñecemento das cousas que é a ciencia. Mais pra chegar ó cono-

cemento das cousas, non abonda con ler moito e estar dotado de aguda intelixencia; compre, asimade, poñerse de algún xeito en contaíto con ise mundo.

Sempre que lémos ou pensamos en Rodrigues Lapa, temos de voltar atrás. Párasenos o tempo e recuamos. Hai algo que nos leva ás nosas primeiras curiosidades pola literatura, a uns anos de rapaz feito de leituras desordeadas e hoxe xa confusas. Todos temos cometido o pecado -ou a virtude- de lér sin orde e de presa, si cadra decatándonos de que non teríamos tempo de o lér todo. Foi nisa época na que, un algo sin nos dar de conta, percuramos a leición e o mestre pra adprender sobre dos orixes literarios do nosos país. E chegamos denantes ó libro que ó autor.

No lonxano do tempo, no caos das pri-

meiras leituras encol da literatura galego-portuguesa medieval, está o nome de Rodrigues Lapa, coa Galicia que dóe e canta. Apenas un ano despóis da aparición de "Das orixens", conocimos personalmente 'o seu autor. Foi na vila luguesa de Nadela, na ocasión de se celebrar un homenaxe a Castelao na cidade murada.

Corridos anos, emprincipiamos unha xa longa relación epistolar. No entanto, Lapa fixo catro viaxes a Galicia, e nas catro ocasións andivemos a percorrer camiños por terras pontevedresas e compostelás. No ano 1954, de volta de Buenos Aires e Montevideo, demoramos no porto de Santos, un dos máis belos que temos coñecido. O brazo de mar que o forma, nun trazado anguiante, é unha maravilla. Semellaba que o ár se tivese parado. E ali, no peirao, estaba á nosa espera a figura amiga de Rodrigues Lapa. Na súa

compaña fixemos unha breve visita á cidade, e logo dunha paseata polas beiras do grande arreiro, rubimos a San Paulo para pasar o día. No altoplano entestado á mar a calor era forte, pero tendía a se adelgazar. Así, San Paulo e Santos que é o seu porto; dúas poboacións afastadas por sesenta kilómetros, onde os climas son distintos. En contraste coas demáis cidades brasileiras, de feitío predominantemente portugués, San Paulo semellounos unha cidade cosmopolita.

Pasou o tempo. Un día calquera, o romanista convidanos a ir á súa vila natal? "Espéroo na Anadia. Estamos perto de Buçaco, que é sin dúbida a floresta máis bela de Portugal. Conversaremos sobre temas galego-portugueses". (...) ♦

Texto tirado de "Rodrigues Lapa e a Cultura Galego-Portuguesa" *Grial* Nº 4



A NOSA TERRA
Nº 806 • 27 • NOVEMBRO • 1997

RODRIGUES LAPA

1897 - 1997

4



Rodrigues Lapa mantivo unha interesante relación cos escritores galegos. Na foto con Otero Pedraio, Fernández del Riego e Sebastián Martínez-Risco, cando este era Presidente da Academia Galega.

Rodrigues Lapa e a preocupación pola nosa Literatura

■ FRANCISCO SALINAS PORTUGAL

A língua literária não pode ser mera transplantação do idioma falado, mas é sim uma operação delicada, difícil e de disciplina constante e aperfeiçoamento, que responde em cada momento às solicitações da cultura e da vida social.

[“Ainda a recuperação literária do galego”, 1975]

O público galego, ou mellor, o público galego que habitualmente segue a vida cultural de dentro e de fora do País, lembra e cita Rodrigues Lapa como un dos vultos do chamado reintegracionismo e como un dos teóricos e críticos do noso lirismo medieval. Se as súas aportacións no campo da literatura medieval son incuestionábeis, contodo, poucos se teñen dado ao traballo de, vendo os seus escritos, comprobaren, que os posicionamentos lingüísticos de Lapa son algo máis do que receitas ortográficas que entrarían nunha especie de neocolonialismo, que obviamente todos rechazamos, e que antes son fruto dunha atenta observación da realidade cultural galega.

As posicións públicas de Rodrigues Lapa, desde os anos trinta até a súa morte, son dun exquisito respecto pola Galiza, e polo tanto, dun exquisito respecto polas súas manifestacións literarias e quen quixer ver algunhas daquelas preocupacións galegas poder encontrar nun libro publicado en 1979 (*Estudos Galego-Portugueses*) unha escolma significativa para podermos avaliar o polígrafo portugués liberto canto posíbel do amor irracional e exacerbado e da crítica, próxima do insulto, absolutamente inmerecida (sentimentos de irracionalidade que desde a Galiza teñen acompañado sempre a sombra de Rodrigues Lapa). Tal e como escribiu na *Seara Nova*, en 1935, “nós non nos sentimos en condicións de tornar feliz a Galiza; e, aínda que o estivessemos, preferiríamos que ela fabricasse por si mesma, com o noso apoio moral, a súa felicidade”.

Ora, esta honestidade cívica é parella á honestidade intelectual con que o polígrafo portugués se refere a aspectos lingüísticos e literarios dunha lingua e dunha literatura que, sendo galegas, tamén considera súas. E considera-as patrimonio propio non por vo-

luntarismo produto dunha etérea e resesa sentimentalidade saudosista (a que, diga-se tamén, son moi afeizoados galegos e portugueses), mas pola convicción produto da análise científica da realidade cultural do país e pola constatación de que, para alén de diferenzas políticas, a intercomprensión galega e portuguesa está garantida polo elo da lingua e por unha similar cosmovisión.

No artigo en que aquelas palabras que citei se inseren “Centenario de Pondal” encontramos mostras desa dedicación do mestre Lapa por Galiza como unha interpretación do sentido da obra pondaliana (sentido non necesariamente nen estritamente literario) ou a necesidade de levar a cabo, por exemplo, unha edición de Pondal idea que tiña surtido nas conmemoracións daquel centenario (a iniciativa de 1935 tivo que agardar máis de 50 anos para termos a magnífica edición crítica feita por Manuel Ferreiro). Mas o polígrafo portugués itrepretou Pondal subliñando que o bardo bergantiñán tiña sabido “contemplar o pasado mas com o fito nas energías da vida; preferir à quietação apagada da matéria a soberba intranquilidade do espírito”. Consecuente con as súas posicións ideolóxicas aproveita para chamar a atención sobre un programa literario e cívico porque para Lapa, a poesía de Pondal é “todo um programa de regeneração espiritual e uma cartilha de liberdade cidadã”.

Mas, se Pondal tiña despertado o seu interese, o que non admira dadas as posicións de Pondal a respecto do relacionamento de Galiza e Portugal, xa antes, en 1932, e tamén na *Seara Nova*, a personalidade e a obra de Castelao (“Castelao e a Galiza”) foran obxecto da análise do mestre da Anadía. Con efecto, aproveitando unha homenaxe que se lle fai ao rianxeiro en Lugo, coa presenza de Suárez Picallo, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Anxel Casal, ou o reitor da Universidade de Santiago, Rodríguez Cadarso, os lectores da revista coimbrá terán ocasión de descubrir o retrato, no seu lado máis humano, do mestre do nacionalismo galego, e, en simultáneo, seguiren unha aguda crítica do album Nós que viña de ser publicado e que Lapa coñecera da man de Bouza Brey. Diferentes estampas son aquí comentadas pondo de manifesto non só a paixón con que o autor da *Estilís-*

tica da Língua Portuguesa encaraba a nosa produción cultural, como tamén a agudeza con que analiza a arte de Castelao.

Porén, non só Castelao e Pondal, como outro dos clásicos, Curros Enríquez, chama a atención do filólogo portugués, e iso a propósito da versión ao galego, feita por Curros, dun poema anterioro “Zara”, dado a coñecer por Vázquez Cuesta en *Grial* (1968), indicando, a opinión da estudiosa lusitanista, que a versión de Curros “até consegue ultrapásalo (o orixinal)”, opinión coa que, loxicamente, discorda Lapa, aproveitando para tecer as súas reflexións sobre a constitución dunha lingua literaria (reflexión obsidante, certamente polémica e en consecuencia non necesariamente compartida, nos últimos anos da súa vida).

Que ese interese polos literatos galegos non era algo episódico e circunstancial, demostra-o coa referencia a moitos dos nosos escritores: Carré Aldao, Viqueira, Otero Pedrayo, Noriega, Rosalía, Blanco-Amor, Tetamancy, Sarmiento, Eladio Rodríguez, Franco Grande ou Carvalho Calero, Lurgis Freire ou Anón (“Anón e as saudades de Portugal”); Vicente Risaco ou Ramón Piñeiro; A. Fole ou Álvarez Blázquez; Guerra da Cal ou Aquilino Iglesia Alvariño; Celso Emilio ou Manuel María; X. Alcalá ou Basilio Losada..... Nomes e máis nomes que, por unha ou outra razón, con maior ou menor acerto, van aparecendo nos escritos que Rodrigues Lapa dedicou á Galiza, que unidos ao seu inxente e recoñecido labor de edición e estudo dos poetas medievais e de divulgación da nosa prosa comun galego-portuguesa fan con que Rodrigues Lapa sexa un estudioso galego máis e as súas posicións e preocupacións sobre a recuperación literaria do galego vaian alén de pose de erudito filólogo, mas asenten sobre un coñecimento da nosa realidade histórica e literaria e fan verdade a idea de “que sempre considere a Galiza, essa terra maravilhosa, desgraçada e incompreendida, como sendo a minha própria terra”.

E para nós, para os que admiramos o seu valor cívico, a súa honestidade intelectual, o seu rigor filolóxico, o Profesor Rodrigues Lapa permanece como discutida, si, mas leal, figura do noso pensamento contemporáneo. ♦

Para os que admiramos o seu valor cívico, a súa honestidade intelectual, o seu rigor filolóxico, o Profesor Rodrigues Lapa permanece como discutida, si, mas leal, figura do noso pensamento contemporáneo.



A NOSA TERRA
Nº 806 • 27 • NOVEMBRO • 1997

O poder faústico dun home contra as 'reticências'

■ CARLOS PAULO MARTÍNEZ PEREIRO

Ninguén ba discutir o rigor e a competencia e—o que é máis raro no mundo fechado dos "scholars" e filólogos— a alta e aguda sensibilidade poética de Rodrigues Lapa. Sen falar no desasombro con que rompe a muralla de silencio imposta polas convencións e pola rutina pra decir o "indécibel" e publicar o "impublicábel" dos nosos cancións ancestrais. Todos lle seremos eternamente debedores por ter tido a coraxe de levantar a maldición que recata sobre os trovadores do mal dizer, a ben decir "poetas malditos", senón no seu tempo, polo menos despois que os preconceitos moralizantes lles amordazaron a voz violenta, por tantos séculos.

(...) Trabalho que é feito de coñecimento, intuición e invención. E que reconcilia crítica e creación, frecuentemente en polos tan opostos, nun mesmo horizonte de experiencia estética e humana.

[De "Os poetas malditos do mal dizer", Augusto de Campos (Grial, 1966)]

O panexírico de Manuel Rodrigues Lapa exixiría de quen isto escribe unhas capacidades de louvor encomiástico a respecto da súa invulgarmente exemplar vida e obra que, con certeza, está lonxe de posuír en medida e xusteza suficientes. É por esta razón que prefire acudir, para o definir neste exordio, á exacta síntese panexírica do Dom Casmurro do grande mestre da literatura brasileira, Machado de Assis: "uma grande alma, espírito ativo, coração reto".

De todas as maneiras e procedendo pola vía selectiva do exemplo, quereíamos restrinxirnos nos parágrafos ao comentario dalgúñas das súas obras máis significativas e (re)coñecidas, centradas na literatura medieval galego-portuguesa. Obras en que a sobrecarga de volición humana que as percorre aparece como máis un ingrediente na consecución da apropiación para os presentes e da recuperación para o futuro do noso compartido pasado literario.

O labor do Mestre de Anadia a respecto da literatura foi inmenso, como é facilmente perceptíbel para calquer lector ou estudioso das literaturas galega e portuguesa. Do conxunto publicado dese inxente labor, nós quixemos incidir en dúas obras que nos (con)formaron persoalmente —e achamos que, de maneira colectiva, tamén a moitos outros— e que, sen dúbida, (re)presentan paradigmaticamente as constantes do seu modelico traballo investigador e divulgador. Un traballo que sempre obedeceu, ademais, a unha actitude de teimosa honradez e de profunda sabedoría.

As *Lições de Literatura Portuguesa. Época Medieval*, aparecidas en Lisboa en 1934 e en varias ocasións "revistas e acrescentadas" (de 1981 é a 10ª edición da Coimbra Editora), supoñen aínda hoxe unha apaixonada aproximación ao período medieval galego-portugués e unha significativa mostra da alta di vulgación en que o saudoso profesor tamén se empeñou ao longo da súa dilatada vida académica.

Se, por un lado, a amenidade e o amor polos temas revistos fan das *Lições* un case perfecto vehículo para emprendermos como lectores a 'viaxe dos séculos recuados en nós', por outro lado, a complexidade e o rigor do seu longo discurso e mais a pertinencia dos xuízos críticos e das avaliacións estéticas que o acompañan mudan o ensaio en preciso e precioso te-

lescopio para salvar as distancias das realidades literarias e das mentalidades humanas actuais e das de hai oito, sete ou seis séculos. En poucas ocasións a lectura dunha obra permite, con tanta facilidade, converter en virtuais contemporáneos a mulleres e a homes que o tempo, o espazo e o contexto afastaron.

Deixando a un lado a posíbel exaxeración, ora derivada da miña indisimulada admiración polo conxunto dunha moi sólida obra e pola persoa que pacientemente a elaborou, ora debedora do modelo encomiástico en que conscientemente nos queremos mover, está fora de calquer dúbida que as *Lições* lapianas manteñen toda a vixencia exemplar —nos dous sentidos do termo— a respecto dos que coidamos seren os principais motores de toda a súa actividade docente e investigadora: o valeroso establecemento de novas liñas de pensamento para romper coas series repetidas e a íntegra loita pertinaz contra calquer involuntaria amnesia ou voluntaria marxinação literaria.



Nesta mesma liña de tratamento de calquer "amnesia in litteris" insérese a "vulgata" en que se constituíu a magna edición das *Cantigas d'escarbo e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, vinda ao lume en 1965 e fixada definitivamente cinco anos despois (Editorial Galaxia, Vigo, 1970, 2ª ed., revista e acrescentada), hoxe novamente asequeíbel na fermosa reedición, realizada pola Editorial Ir Indo e polas Edições João Sá da Costa, baixo os auspicios do Instituto Rodrigues Lapa en 1995.

Lendo as palabras que encabezan estas liñas do poeta brasileiro Augusto de Campos, óbviase unha glosa redundante; non obstante gostaríamos de insistir aquí só en dous aspectos, de entre outros moitos posíbeis, da hercúlea edición das nosas cantigas satíricas medievais.

En primeiro lugar, no que supuxo a súa edición de loita contra as 'reticências' físicas e mentais imperantes a respecto dos textos obscenos, groseiros e irreverentes da sátira medieval. Un labor que durante moitos anos e con moi escasas excepcións estivo presidido por preconceitos moralizantes, limitadores tabús e inquietantes moralizacións, foi varrido coa súa titánica edición, resgatando do purgatorio do silenciamento mediático e dos infernos da secundarización e o desprezo ava-

liativo unhas cantigas extraordinarias a que, desde hai varias xeracións, podemos acceder mercé á sabia mediación filolóxica e a apurada comprensión poética do Mestre Lapa.

En segundo lugar, tras facilitar aos lectores de poesía o guía imprescindíbel para compartir a "ineffabile allegrezza" do *Paradiso* dantesco en que situou con sólidos alicerces a produción dos outrora 'poetas malditos', ás *Cantigas* poderíamos aplicar aquelas palabras —dedicadas orixinariamente á obra de Leonardo da Vinci— das *Lezione americane* de Italo Calvino: "o exemplo máis significativo de loita contra a lingua para apreixar algo que se escapa á expresión" e, acrecentaríamos nós, especialmente á percepción, tanto na súa clarificación das "palavras cobertas", como na recuperación apropiadora dos sentidos e aplicacións da "aequivocatio", peza basilarda da sátira galego-portuguesa.

Nestes conturbados tempos en que unha resesa concepción politicamente unitarista e ideoloxicamente reaccionaria da historia (tamén da literaria) pretende máis unha vez imporse desde unha visión depredadoramente redutora e escasamente mascarada de cientifismo e de equilibrio obxectivo, teño sinceras saudades —con todas as limitacións e prevencións que se queiran a respecto de algúns explicábeis excesos 'defensivos' ou 'reactivos'— da honestidade intelectual e da valentía argumentativa do Profesor Lapa.

Venme á cabeza algún inxusto reproche que se lle fixo por estar pretensamente imbuído dun estreito nacionalismo portugués cando —sen entrarmos noutras consideracións sobre a bulimia asimiladora da historiografía literaria nacionalista española, de teor 'esencialista' e 'eterno'— a realidade me trae ao recordo a súa apaixonada defensa da importancia, da tradición e da presenza 'galega' na xénese, no devir e na produción do trobadorismo galego-portugués, así como, no sentido da dedicatoria que abre a edición das cantigas satíricas

("À Galiza de sempre, raiz anterga da nosa cultura, adico afervoadamente iste libro"), o apoio con que respectosamente acompañou a resistencia da lingua, da literatura e da cultura deste noso vello país —o que fai dificilmente comprensíbeis algúns dos disabores e anatemas con que, por veces, foron recibidas as súas intervencións.

En fin, para alén de reflectir especularmente nos seus resultados as constantes do que foron a súa humanidade e a súa actitude cívica, subxectivamente coidamos e obxectivamente ponderamos que a característica máis relevante e máis definitoria do conxunto da obra de Manuel Rodrigues Lapa radica na súa portentosa capacidade de recuperación do pasado literario. É máis, no amplo e suxerente campo da filoloxía e da literatura, o saudoso profesor aparece dotado aos nosos ollos da capacidade faustica para resucitar coas súas roupas orixinais preciosos obxectos literarios que se quixeron 'mortos'.

Eis a valiosa e impagábel herdanza que nesta efeméride quixemos salientar: as súas obras seguen a responder contundentemente á famosa pregunta lendaria, formulada pola 'raíña' Cleopatra ao rabino Meir, sobre se os mortos resucitaban nus ou coas súas roupas orixinais. ♦



Rodrigues Lapa na Costa da Caparica en Xullo de 1937. Acompañando o texto, músicos medievais.

O padre beneditino Martín Sarmiento era galego fronteiriço que, talvez por isso mesmo, sempre se afirmou irredutivelmente galego e implacável para todos quantos ousassen diminuir a sua terra e a sua gente. Eu compreendo esse tipo de homens, porque há muitos anos descobri também em mim vocação galega e amor entranhado por este velho e formoso país. Será porque também eu seja um fronteiriço? Com efeito, os limites da Galiza, na remota Idade Média, iam até Coimbra, usque ad Mondecum, como diz o velho poema latino. Ora eu encontro-me próximo da cidade, do lado norte. Como vêem... é preciso ter cuidado com estes arraianos!

Rodrigues Lapa
Grial, n.º 27, 1970



A NOSA TERRA
N.º 806 • 27 • NOVEMBRO • 1997

6

RODRIGUES LAPA

1897 - 1997

Rodrigues Lapa dirixese aos estudantes galegos en Compostela o 25 de Abril de 1964.

Propagandista da Galiza pelo mundo

■ JOSÉ MARTINHO MONTERO SANTALHA

Rodrigues Lapa, que tanto amou a Galiza e tanto trabalhou pela cultura galega, é pouco conhecido entre nós. O sectarismo anti-português que nestes últimos anos prevalece no grupo dominante na política cultural galega (o "galeguismo oficial") provocou, entre outras consequências, que se agravasse ainda mais o já tradicional desconhecimento da cultura luso-brasileira determinado pela nossa dependência espanhola. Isto afectou também a obra e da pessoa de Lapa. Não é casualidade que tenha falecido sem receber da Galiza algum reconhecimento público (nem sequer um doutorado *honoris causa*, e de verdade que não será fácil achar um não galego que mais o mereça).

Pior ainda: as suas ideias foram tergiversadas e ele viu-se caluniado repetidamente como se fosse um inimigo da nossa identidade linguística. Frente a esses ataques escrevia em 1981, com a sua característica dignidade moral de respeito aos adversários: "Há uns bons 60 anos que me venho ocupando do problema galego, em termos de muita simpatia por um povo irmão [...]. Os meus escritos estão patentes a quem os queira ler" (*Grial*, n.75).

Desses muitos escritos que Lapa dedicou à Galiza, selecciono a seguir alguns trechos, a maior parte deles tomados da sua colectânea intitulada *Estudos galego-portugueses* (1979), em que juntou vários artigos seus sobre temas galegos.

A "descoberta" da Galiza

Os galegos sabemos que, infelizmente, para muitos portugueses, mesmo cultos, a Galiza é simplesmente uma parte mais da Espanha. Lapa descobriu cedo que, para um português, o nosso país era muito mais que isso; foi na sua mocidade, pelos anos 20, e desde então a dedicação aos temas e problemas galegos converteu-se para ele, como confessa, num "vício" e num dever moral ao mesmo tempo:

"andava eu a preparar a minha tese de doutoramento [...] e convenci-me inteiramente de que, para nos conhecermos bem, teremos de conhecer a Galiza, onde está a nossa mais profunda raiz [...]. Nesse mesmo ano de 1930, em que publiquei a tese, saía também dos prelos da *Seara Nova* um estudo meu sobre *O vilancico galego nos séculos XVII e XVIII*. Daí em diante nunca deixei de me ocupar da Galiza, que é para mim um vício e uma necessidade; e também um dever moral" (*As minbas razões*, 1977).

A partir desse momento a Galiza ia arreigar tão profundamente no seu coração que já nunca na sua longa vida deixaria de estar

presente na sua obra e nas suas actividades, como uma espécie de necessidade interior mas também por um sentido de dever moral, segundo o seu próprio testemunho. Até sentia honor e orgulho em declarar-se galego, por ter nascido em Anadia, uns 25 quilómetros para o norte do rio Mondego, que era o limite meridional da antiga Gallaecia romana, e uma vez, quando Fernández del Riego o qualificou carinhosamente como "Galego honoris causa", Lapa replicou que esse título "não me satisfaz inteiramente: eu não quero ser Galego honorário, mas simplesmente ordinário, no bom sentido do termo" (*Grial*, n. 75).

Em 1932 vem por primeira vez à Galiza, com ocasião da homenagem tributada a Castelao em Lugo. Quando retorna a Portugal publica na revista *Seara Nova* um emocionado artigo com as suas impressões, logo reproduzido na revista *Nós* (1932).

Foi nesse mesmo momento —e não na sua ancianidade, como alguns disseram aqui na Galiza, pretendendo desautorizar a atitude de Lapa como "uma teima senil"— quando começou a preocupação pela língua da Galiza, e o seu convencimento de que o único modo de supervivência para ela era conservar a unidade lusófona, especialmente no campo ortográfico.

A Galiza, país lusófono

O problema linguístico da Galiza esteve presente numa conferência proferida no ano 1933 que se tornaria famosa por outras causas. Ali intentou convencer os portugueses de que o nosso futuro não lhes pode ser indiferente:

"Há povos que tem uma alma dilacerada e confusa: são aqueles que, pelos acasos da história, da história feita pelos grandes homens, são obrigados a falar duas e mais línguas: uma, a verdadeira, a que se mamou dos seios maternos, a outra, que é imposta oficialmente pelo conquistador. Temos aqui à porta exemplos desse formidável equívoco; um deles, a Galiza, interessa-nos particularmente, por se tratar de mais de dois milhões de bocas que falam como que às escondidas o português. [...] para cima da risca prateada do Minho vivo e sofre um grupo de dois milhões de homens, que falam a nossa língua e sen-

tem a nossa alma" (*As minbas razões*).

O seu labor de propaganda da cultura galega e de informação sobre a nossa identidade começou também então e perduraria durante toda a vida. Nas suas mesmas aulas universitárias, tanto em Portugal primeiro como mais tarde no Brasil, achou jeito de introduzir a nossa literatura:



"não podendo, como desejava, fazer na Faculdade de Letras uma série de conferências sobre literatura galega, aproveitei o curso de Literatura Portuguesa Medieval para pôr os alunos em contacto com alguns nomes: Rosalia Castro, Pondal, Cabanilhas, Otero Pedraio, etc." (*Estudos Galego-Portugueses*)

No seu livro mais popular, *Estilística da língua portuguesa*, repetidamente editado —uma espécie de *bestseller* em Portugal durante anos—, incluiu exemplos literários de autores galegos contemporâneos, ao lado de portugueses, brasileiros e africanos. Xavier Alcalá, Blanco Amor, Cabanilhas, Carvalho Calero, Castelao, Díaz Castro, Dieste, Fole, Novoneira, Otero Pedraio, Pondal e outros escritores galegos têm citações nessa obra.

Desde o mútuo conhecimento em 1932, Lapa manteve a amizade com Castelao, com quem se sentia irmão em ideias e atitudes. Quando Castelao faleceu, Lapa preparou um número extraordinário, verdadeiramente magnífico, de *Seara Nova* dedicado integralmente à figura e seus escritos do seu defunto amigo (como antes, em 1935, organizara outro número especial da mesma revista dedicado a Pondal com ocasião do centenário do seu nascimento):

Amizade com Castelao

Desde o mútuo conhecimento em 1932, Lapa manteve a amizade com Castelao, com quem se sentia irmão em ideias e atitudes. Quando Castelao faleceu, Lapa preparou um número extraordinário, verdadeiramente magnífico, de *Seara Nova* dedicado integralmente à figura e seus escritos do seu defunto amigo (como antes, em 1935, organizara outro número especial da mesma revista dedicado a Pondal com ocasião do centenário do seu nascimento):

"O que sentimos perante a cruel notícia foi o que sentiríamos pela morte dum irmão [...] Desde que o conhecemos pela primeira vez em Lugo, no mês de Junho de 1932, nunca mais pudemos esquecer aquele homem, os seus olhos doentes, banhados de ternura e fina ironia. Encontramo-nos por vezes em Lisboa [...]. Depois, com a guerra civil da Espanha, nunca mais nos tornámos a ver; mas seguimos sempre, cá de longe, com simpatia fraternal, a generosa aventura deste homem raro, espelho brilhante de cidadãos. Morreu longe da Terra, que ele tanto amou e pela qual lutou, como um paladino, até ao último alento da vida" ♦

Não é casualidade que tenha falecido sem receber da Galiza algum reconhecimento público, nem sequer um doutorado *honoris causa*, e de verdade que não será fácil achar um não galego que mais o mereça.

O tempo vai-lhe dando a razão

Como Castelao —que confessava desejar que galego e português se confundissem e sonhar no dia em que Galiza e Portugal voltariam a falar a mesma língua—, Lapa —que, sempre encantador na sua modéstia de sábio, citava com devoção essas afirmações de Castelao— sonhava para a Galiza um futuro lusófono:

"A Galiza amanhã terá a posse de si mesma; e uma civilização, a que cinco séculos de cesarismo político não conseguiram destruir o curioso indigenato, desentranhar-se-á em frutos de cul-

tura e poderá ainda exercer um papel considerável no xadrez variado da Península. Essa civilização terá como veículo expressivo uma língua que já nos encantou no verso indefinível de Rosalia e agora nos anda a deliciar na prosa romântica de Pedraio. Aprenderão os galegos o seu idioma oficialmente e aprenderão o castelhano por intermédio da sua língua materna. Vai haver pois necessidade de se resolver o seu problema ortográfico" (*As minbas razões*).

Como Castelao, Lapa viu bem que, num mundo de dimensões cosmopolitas como o presente, só poderemos seguir

sendo galegos se integrados dentro da área linguística portuguesa, que é a nossa. E, como Carvalho Calero, sabia que a pretensão de desmembrar a Galiza da área lusófona, pretendendo fazer da língua do território galego um idioma independente do português, seria, ademais de acientífico, uma aventura suicida.

Agora, passados já uns anos do falecimento de Lapa, o tempo vai-lhe dando —a ele e a Castelao e a Carvalho Calero e a tantos outros— cada vez mais a razão. Para muitos de nós cada vez se

torna mais claro que a língua da Galiza morrerá se não se integra no seu lar natural, que é o idioma que hoje o mundo conhece pelo nome de "português". Para que os falantes galegos não sigam abandonando massivamente a língua do país não basta que a nossa língua se lhes apresente como "a língua própria da Galiza"; é preciso, ademais, que se lhes transmita a consciência clara de que é um idioma "útil" —para retomar a palavra usada por Castelao—, de grande projecção demográfica e cultural e de radiante futuro. ♦



A NOSA TERRA
N.º 806 • 27 • NOVEMBRO • 1997

Urge fazer uma coisa há muito prometida e jamais cumprida: a aproximação positiva e fecunda dos dois povos, das duas línguas e das duas culturas

Rodrigues Lapa
Prefácio a
Estudos Galego-Portugueses

Manuel Rodrigues Lapa fala na sua vila natal de Anadia nun acto de apoio ao "25 de Abril".



Condição de galego

■ ISAAC ALONSO ESTRIVIZ

A primeira vez que via a Rodrigues Lapa foi no ano 1965 na apresentação do livro *Cantigas d'escambo e de mal dizer*. Naquela altura vendo-o rodeado por muita gente nem sequer me atrevim a falar com ele. Mas aquela imagem do Professor falando na Biblioteca Penzol ficou-me gravada para sempre.

Foi em Madrid ao realizar os meus estudos de licenciatura em Românicas quando comecei a ler parte da sua obra. Mas faltava ainda o contacto pessoal com ele. Foi nos começos de 1978 que ele me dirigiu uma carta a Moscovide para nos encontrarmos posteriormente. A partir de aí os nossos contactos epistolares e pessoais na Anadia e Caparica se multiplicaram.

O que mais admirei dele, além dos grandes conhecimentos e da sua paixão por tudo o que se referia a Galiza, era a sua grande sensibilidade. Era um homem muito sensível, sempre disposto a ouvir a todo o mundo e sempre falando bem dos seus amigos, mesmo de aqueles que se afastaram dos comuns princípios e enveredaram por outros caminhos. Para mim foi, como deixei escrito, "O Galego mais Galego de todos os Galegos".

A Galiza

Que era Galiza para ele? Desde que Rodrigues Lapa visitou por primeira vez a Galiza no ano 1932 para assistir à homenagem a Castelão e contactou com os galegos, até ao último momento da sua vida, a sua atitude foi inquebrantável: "Sempre considerei a Galiza, essa terra maravilhosa, desgraçada e incompreendida, como sendo a minha própria terra; e historicamente e geograficamente assim é, pois estou dentro dos limites da velha Galécia, que chegava pelo sul ao rio Mondego. Mas também lhe estou vinculado pelo coração, que apoia naturalmente todos os que defendem a sua liberdade e a sua cultura".

ra". No artigo que publica em *Seara Nova* à volta da Galiza "Castelão e a Galiza", diz: "Estou pasmado, parece-me estar em Portugal (...). Sentia como se fosse galego".

Numa conferência intitulada *A Galiza, o Galego e Portugal* pronunciada o 18 de Janeiro de 1971 em Coimbra e publicada posteriormente na revista *Biblos*, começa o Mestre assim: "A Galiza é para nós, portugueses, a velha irmã esquecida, que se conhece por ser parecida connosco, mas a quem se não dá, afora uma ou outra alusão de poetas, a importância que merece. (...) Portugal não pára nas margens do Minho; estende-se naturalmente, nos domínios da paisagem, da língua e da cultura, até às costas do Cantábri-co. O mesmo se pode dizer da Galiza: que não acaba no Minho, mas se prolonga, suavemente, até às margens do Mondego. Estando em Coimbra, estamos pois nos confins da velha Galécia, somos galegos daquém-Minho. Não importa que a Galiza dalém-Minho viva sob uma outra bandeira". Nesse artigo aduz Rodrigues Lapa toda uma série de citações de galegos para confirmar a sua tese. (...)

Mas ao mesmo tempo que sinala os limites da Galiza, vê na Galiza por ele sempre personificada muito mais do que um território ligado geograficamente a Portugal. Eis o que ele nos diz: "Terra do sim e do não, estranha e maravilhosa, esta velha Galiza ainda dará muito que falar de si mesma numa Espanha vindoura. Será que a teremos um dia como a luz da Ibéria, segundo os vaticínios de Pondal?". Insiste neste artigo que acabamos de mencionar, na mesma ideia da Galiza, valendo-se para isso do testemunho dos dous galegos: "Eduardo Pondal e o historiador Manuel Murguía foram os primeiros a compreender o drama galego, originado pela segregação das duas Galizas, a de além e a de aquém-Minho. E acreditaram que estas duas irmãs poderiam um dia voltar a unir os seus destinos". (...)

A ideia de uma Galiza em dous estados: a Galiza (dentro do estado espanhol) e a Galiza dentro de Portugal, foi uma constante em toda a sua vida. No 18 de Novembro de 1984, horas antes de se iniciar a Homenagem que a Câmara Municipal da Anadia lhe ia tributar, teve a gentileza de me conceder uma entrevista na que procurei gravar o seu pensamento. Só a mim me concedeu essa entrevista, pois os médicos não queriam que o importunassem os jornalistas por motivos de saúde, expôs muito claramente o que tinha dito através de toda a sua vida sobre a Galiza e os Galegos: a Galiza, repetiu uma e outra vez, chegava "udque ad Mondecum", até ao Mondego. Não sei se o Mestre sabia que a dous quilómetros e meio de Sada (Corunha) há uma paróquia chamada São Julião de Mondego e que um dos vários ribeiros que banham as suas terras leva o mesmo nome... Em carta ao escritor Xavier Alcalá de 31 de Maio de 1974, começa: "Recebi a sua crónica, *Portugal, tan perto*, que muito lhe agradeço. Está cheia de verdade e simpatia por esta Galiza daquém Minho, que vamos agora reconstruir na liberdade que nos foi oferecida pelos jovens capitães do nosso exército". (...)

Os Galegos

Sobre os galegos é muito o que deixou escrito procurando salientar sempre os aspectos positivos e tirando importância a textos tanto de galegos como de portugueses onde se pudesse ferir a sensibilidade de uns e outros. (...)

Mas ele sabe que pesa sobre o Galego uma tradição oprobriosa: "Uma tradição injuriosa fez do Galego, no conjunto ibérico, um ser moralmente inferior, tosco, inacabado". Lamenta profundamente o que diz Camões nos *Lusíadas* e tenta por todos os meios tirar-lhe o ferro ao sintagma "sórdidos galegos", procura dar-lhe a razão ao Padre Sarmiento ao tempo que põe outros portugueses como modelo de apreço, especialmente Herculano, que na sua História trata muito bem os Galegos e na novela *A Ilustração* assimila inteiramente o Galego ao Português.

Rodrigues Lapa depois de mencionar as características que os estudiosos lhe atribuem ao Galego, termina dizendo: "Somos ou não parecidos como duas folhas da mesma árvore, para não dizer como duas gotas de água?". No mesmo artigo diz novamente: "Ora o Galego, pelo retrato que "viram", tem uma pinta totalmente diversa da do Castelhan, tipo duro e altaneiro, que não vai com branduras e delicadezas. E aqui se originaram os doestos, sarcasmos e ditérios de que foi vítima o Galego, em que também tomamos parte, para nossa vergonha, pois não reparávamos que, rindo-nos dele, nos ríamos de nós próprios". E não satisfeito com o dito, acode à História apoiando-se em Julián Ribera: "No mercado de Córdova, o galego valia o dobro de qualquer outro escravo, e no de Toledo compravam-se quase exclusivamente galegos e galegas. Os Árabes admiravam a valentia desses homens, que reputavam superior à dos Francos. Sob a designação de "Galego", não consideravam apenas os habitantes da Galiza, mas toda a gente do Noroeste, incluindo, á se vê, os Portugueses".

Rodrigues Lapa nunca negou a sua condição de Galego. Já no ano 1933 na conferência pronunciada no salão da "Ilustração Portuguesa" em 15 de Fevereiro e repetida o 30 de Março de 1933, publicada posteriormente na revista *Seara Nova*, n.34 (1933) e ultimamente em *As minhas razões*, diz-nos: "Os nossos irmãos brasileiros, maiormente os que padecem da borbulha do nativismo, consideram-se donos do português, lançam-nos na balança o pesado argumento dos seus 43 milhões de habitantes e, quando recalcitramos, chamam-nos galegos, ignorando talvez o muito que há de verdade na suposta injúria". ♦

Texto tirado da intervenção de Alonso Estraviz no congresso sobre Lapa celebrado em Braga con motivo do seu centenário

Sejam francos e sinceros e não nos iludamos: utilizando uma expressão do nosso Eça de Queiroz, o Governo tolera, mas não promove. E isso é perfeitamente compreensível e até lógico, dado que o favor outorgado ao ensino das línguas nativas contradiria chocantemente a sua filosofia política, baseada num rígido conceito de unidade. Não se pode exigir o impossível dum Governo desse género.

Rodrigues Lapa
"A recuperação literária do galego", *Grial*, n. 41, 1973.



A NOSA TERRA
N.º 806 • 27 • NOVEMBRO • 1997

RODRIGUES LAPA

1897 - 1997

8

'Sou escritor e orgulho-me de ter sido algum tempo jornalista (...) Desde esse momento compreendi a trágica situação de muitos jornalistas (...) Por isso é aproveitar esta liberdade que nos concedem de muito má vontade, encher os pulmões de ar fresco e dizê-las das boas e bonitas".

Diário de Lisboa- 1949

Mod. 304 - 22.000 ex. - P&G - Albano T. dos Anjos, Lda. - 22726



LAPA - Manuel Rodrigues

Subscrito - Rua Newton - 3 - LISBOA -

Filho de António Martins Casado e de Maria da Conceição Lepe Casado, nascido a 22/4/1917, na freg. e conc. de Ruadim.

Preso em: 6/1/49 Proc.º n.º 15/49
Por denúncia contra o rio e secos nacional e injúrias ao governo da Nação, numa entrevista que concedeu ao

no "DIÁRIO DE LISBOA"

- Solto mediante Caução de 20.000\$000 em: 11/1/49

- Remetido ao Trib. Crim. de Lisboa em: 11/1/49

Pedido de captura C.º n.º 4/62

Preso em 23/12/62 Proc.º n.º 158/62-1-Dir
Solto na mesma data por ordem do Secção Central, por o pedido de captura publicado na D.º 4/62 ter deixado de interessar.

Ficha da PIDE na que se relacionam as duas detenções que sofreu. Numa delas acusado, como se pode ler, de "injúrias ao governo da nação numa entrevista".

Carta a Abelardo Moralejo

Lisboa, 13 de Outubro de 1940

Exmo Senhor Prof. Dr. Abelardo Moralejo

Foi para mim grata surpresa a carta de V. Ex.ª. Por ela soube que estava vivo um dos maiores valores literários da Galiza de hoje, o delicado poeta Bouza Brey, a quem desde já envio cordiais saudações. Alguns que conheci e amei na Galiza certamente andarão fugidos ou já estarão mortos, após aquilo a que V. Ex.ª chama "a Guerra da Libertação".

Agradeço-lhe penhoradamente a lembrança do meu nome para as conferências do Instituto de Estudos Portugueses. Creio porém que está insuficientemente informado a meu respeito. De contrário, talvez não tivesse a ideia de me convidar. Encontro-me há alguns anos demitido do lugar que ocupava na Faculdade de Letras de Lisboa, por motivos políticos. Sou contrário à actual situação política portuguesa, pelo meu amor do povo (sou filho de camponeses), da liberdade e da dignidade civil. Estas palavras, na minha Gramática, teem um valor muito concreto. Posto isto, escusado será declarar a V. Ex.ª que, na luta que ensanguentou a Espanha durante três anos, eu fui do lado dos vencidos. E tive, ai mesmo em Espanha, excelente companhia.

Presto a V. Ex.ª estes esclarecimentos para que não tenha a menor ilusão a meu respeito. Gostei sempre de me apresentar tal qual sou, sem tibiezas nem subterfúgios. Perdôe-me a franqueza, quâsi brutal. A vista destas declarações, suponho que não achará oportuna a ida dum homem como eu à Galiza, para fazer conferências na cidade do Apóstolo. Muito terei que fazer aí, visitar arquivos, colher da fonte viva o falar do povo e as suas tradições; mas quero ir em liberdade, não tildido por quaisquer peias de ordem política.

Remeto a V. Ex.ª alguns trabalhos meus; aqueles que maior prazer teria em lhe oferecer encontram-se esgotados, ou teria de os comprar. Sou um operário das letras e não me posso permitir êsse sacrificio. Mando-lhe o que tenho.

Mais uma vez lhe peço que apresente a Bouza-Brey os meus afectuosos cumprimentos. Gostaria de ter a sua direcção. Lembro-me com viva saudade das nossas tertúlias literárias na Estrada. Tempos felizes...

Reiterando-lhe os meus respeitos e o meu vivo agradecimento, peço-lhe que me creia seu muito atento e obrigado.

Manuel Rodrigues Lapa

Carta a Fermin Bouza-Brey

Lisboa, 11/11/936

Querido Amigo

Escrevo-lhe para saber de si e de muitos dos seus companheiros do galeguismo, que, por professas ideias apostas às dos actuais dominadores da Galiza, andam talvez fugidos ou desapareceram já. Peço-lhe pois muito encarecidamente que me diga qualquer coisa sobre si e sobre eles. Onde param Castela, Ánxel Casal, Sebastián González, etc?

Tenho pensado muito na pobre Galiza. A sua autonomia, o belo sonho que ia realizar-se, está agora muito seriamente comprometida. Se triunfam os nacionalistas, os homens de Espanha uma e indivisível nem pensar nisso. Se ganham os governamentais, receio que a pouca resistência dos galegos seja para eles atestado de incapacidade para serem livres. A liberdade, é necessário merece-la dirão eles. Qual é a sua opinião sobre o caso? Sei também que ha de ter pensado e bem amargamente sobre

tudo isto, que lhe é tão querido.

Conhece talvez as minhas opiniões de cidadão. Sou um homem das esquerdas, estruturalmente antifascista; mas sou um homem de ordem, que só sabe e pode viver dentro dum regime de liberdade e dignidade civil; por isso fui demitido do meu cargo de professor da Universidade. Creio que não pensa como eu, em matéria política. Isso não impede de comungarmos no mesmo amor pela Galiza. É em nome dêsse amor que lhe peço que me escreva, dando-me notícias suas e de todos aqueles que nos são queridos.

Minha mulher manda afectuosos cumprimentos.

Creia-me seu amigo muito certo e obrigado

Rodrigues Lapa

Rua Newton, 3

Bandas policiais actúan na Arxentina ao estilo mafioso

Dous millóns e medio de dólares por matar a oitenta e catro xudeus

♦ J.C. MARTÍNEZ BETELU
BUENOS AIRES

Juan José Ribelli, un dos máis altos funcionarios da temida policía da provincia de Buenos Aires, recibiu unha recompensa de 2,5 millóns de dólares pola súa participación no atentado criminal de 18 de Xullo de 1994 contra unha entidade xudea cun saldo de 84 mortos. Outros altos cargos están comprometidos en diversas actividades ilícitas. Nen o poder político nen a desacreditada xustiza puideron por límite a estes corpos de seguridade convertidos en verdadeiros escuadróns da morte.

Os feitos contradin a realidade primeiromundista que se empeña en proclamar Menem para a Arxentina. A concentración de poder económico en poucas mans produciu unha milagre da que o presidente non quer falar: Arxentina figura entre os once primeiros países do mundo en materia de corrupción. O 85% dos presos que habitan nos cárceres arxentinos foron condeados por delitos menores, mais centos de ladróns de luva branca gozan de absoluta impunidad.

Na Arxentina non existe a pena de morte, pero a Policía séguela aplicando de oficio como nos mellores tempos da ditadura militar. Nos primeiros seis meses deste ano, só na Capital Federal e no conurbano da provincia de Bós Aires, os uniformados mataron a noventa e oito civís —na súa maioría mozos— en tanto feriron a outro cento. As estatísticas elaboradas por organismos defensores de dereitos humanos son incompletas, pero aínda así expresan por si mesmas o desprezo que aquí existe pola vida humana. Calcúlase que entre 1993 e o primeiro semestre de 1997, nos mesmos distritos resistíronse máis de 1.400 vítimas civís da violencia policial. Unha estimación feita a nivel nacional sinala que desde 1993 a hoxe, o número de vítimas civís en todo o país ascendería a 2.600, unha cifra que supera en moito as baixas deste país na guerra das Malvinas.

Non hai datos precisos desde 1983 a 1993, pero sábese que nos primeiros vinteseis meses do goberno de Alfonsín a proporción de civís e policías mortos en enfrontamentos —xeralmente fraguados pola policía— era de vintedous a un na provincia de Buenos Aires, o que está indicando que as baixas fórono por obra do que aquí se chama "gatillo fácil", un eufemismo que ven ser o equivalente do fusilamento.

Desde se restaurou a democracia, dos milleiros de feitos denunciados só catrocentos casos de abuso policial ingresaron nos tribunais. As sentencias dadas totalizaron apenas 350 anos de reclusión para os res-



A corrupción na policía federal de Buenos Aires contrasta coa opinión de Menem de que é "a mellor policía do mundo".

ponsábeis, ou sexa menos dun ano por caso. Os aprémios ilegais non cesan, pero das 1.700 denuncias tan só catro chegaron á Xustiza. Dous foron absolutos e as dúas restantes aínda non foron resoltas polos xuíces, que teñen unha credibilidade mínima.

Policías implicados en atentado á sede xudea

A todo esta orxia de violencia hai que engadir o criminal atentado contra a sede da Asociación Mutual Israelita Arxentina (AMIA), na Capital Federal, feito ocorrido o 18 de Xullo de 1994 no que aparece involucrada a plana maior da Policía bonaerense. Hai uns días puido constatar que un dos máximos xerarcas —o comisario Juan José Ribelli— recibiu

dous millóns e medio de dólares polo atentado que custou a vida a 84 persoas. O novo millonario de uniforme planificou unha estratexia burda con vistas a xustificar a tenza de semellante fortuna, stimada agora en máis de quince millóns de dólares. Unha semana antes do atentado asinou unha acta nunha notaría portea na que constaba que seu pai, un xubilado ferroviario de 91 anos que cobra unha mísera xubilación, donáballe a el e a outros fillos os dous millóns e medio de dólares. Ribelli, detido desde hai un tempo, era a man dereita do até hai pouco xefe da Policía de Bos Aires, comisario Pedro Klodcyk, calificado polo actual gobernador xusticialista e aspirante á presidencia do país, Eduardo Duhalde, como "o mellor xefe de policía de toda a historia".

Tanto Ribelli como Klodcyk e outros membros da cúpula policial acadou unha espectacular prosperidade económica que afortala as sospeitas en torno da súa máis que presunta participación no atentado á sede xudea e na comisión doutros ilícitos que os transformou nos novos ricos da Arxentina.

Policías no crime de Cabezas

Ao tetrico cadro que ofrece a "mellor policía do mundo", ao dicir do propio presidente Menem, súmase o crime do fotógrafo José Luis Cabezas, morto a mans dun oficial de policía bonaerense o 25 de Xaneiro deste ano. Pero o executor non actuou si, contou cunha complicidade institucional que permitiu consumir o crime en médo dunha "zona liberada", como se desenvolvían os operativos desta índole na ditadura.

Non é casual que a manobra fose dirixida por Gregorio Ríos, un militar retirado con sobrada experiencia represiva durante os anos de chumbo. Ríos está preso, pero o sospeitado autor intelectual do crime —o multimillonario empresario Alfredo Yabrán, intimamente ligado ao poder militar e ao goberno de Menem— segue en liberdade apesar do cúmulo de evidencias e testemuñas que o comprometen de corpo inteiro.

Yabrán, un dos homes máis ricos da Arxentina, dirixe unha das máis importantes axencias de seguridade, na que desempeñan notorios asesinos e torturadores que actuaron na ditadura. Algunhas estimacións parlamentarias sosteñen que a suma de efectivos destas axencias —estimadas en 80.000 persoas— constitúen un verdadeiro exército paralelo sofisticadamente armado. A seguridade do estado arxentino ten un total de 170.000 persoas. ♦

Unhas fotos monstros ao mundo as torturas do exército indonésio ao povo de Timor

Unhas cen fotos difundidas polo movemento de liberación timorense deron á luz sobre as torturas que sofre a poboación timorense en mans do Exército indonésio. As cruas imaxes dunha moza espida e maltratada até a morte a coitelazos mostradas en moitos medios de comunicación arrepiaron e fixeron volver de novo a vista á ex-colonia portuguesa ocupada pola Indonésia desde o 1975.

As continuas masacres sufridas polos habitantes de Timor desde a invasión, moi pouco difundidas, acrecéntanse agora coas noticias de que o exército indonésio disparou a pasada semana de forma indiscriminada matando a decenas de persoas ademais de acusar as violacións e torturas que chegan até os máis pequenos. ♦

O goberno colombiano aproba a recuperación da extradición

O Parlamento colombiano ven de aprobar a recuperación da figura da extradición para delitos de narcotráfico, logo de 6 anos de suspensión pola grande presión que supuxo o terrorismo das máfias da droga. A nova lei non terá carácter de retroactividade dado o grande número de narcos arrependidos que aproveitaran o acordo. Sen embargo, as Forzas Armadas Revolucionarias Colombianas, acusan ao actual presidente, Ernesto Samper, de financiar a súa carreira política cos cartos do narcotráfico e aproveitar as leis de narcóticos para acabar coa oposición política. ♦

16 persoas morren en Venezuela nun incendio nun cárcere con 2000 presos

Un incendio cobrouse no cárcere de Sabaneta, en Maracaibo, a vida de 16 persoas e causou a outras 32 feridas de gravidade. O penal alberga a 2000 reclusos e forma parte do masificado sistema penitenciario venezolano que ten a 25.000 persoas presas nun espácio habilitado como moito para 15.000. Unha das mortes debeuse á calcinación mentras as outras foi causada pola asfísia. O penal venezolano sufriu xa outro incendio hai case cinco anos no que cen internos perderon a vida. O balance de vítimas re coñecidas dos últimos catro anos fala de dous mil reclusos mortos en prisión fóra de razóns de enfermidade— sendo o lume unha das causas de maior desgracia. ♦

M. VÉGA

O precipitado falecemento dun matón

A minoría hispana de Estados Unidos, formada por 40 millóns de persoas, non considera dos seus aos cubanos de Miami. Eles traballan de braceiros, de cocifeiros ou de peóns ilegais, con xornadas de doce e catorce horas. Os cubanos reciben casa ao chegar e facilidades para lograr emprego. Mas Canosa debe o seu poder a este grupo e este grupo debe a súa influencia nos Estados Unidos á guerra fría. Canosa tiña apenas vinte anos cando triunfou a revolución, aínda que o seu curriculum fala dun glorioso pasado de loitador contra Batista. A súa falta de escrúpulos nos negocios era tan sonada como o seu fanatismo político. Hai probas sobre a súa financiación de actividades terroristas como para encher un sumario de varios miles de páxinas que nunca foi aberto. Tamén financiou a campaña de Aznar. Din que lle regalarao Sintel a cambio e el pechou a empresa para quedarse co mercado. O goberno dos Estados Unidos non puido acabar con Cuba. Agora que a illa abre a súa economía aos investimentos exteriores, os empresarios norteamericanos —sobre todo os de Miami— odian quedar fora. Mas Canosa xa non era un embaixador, senon un atrabiliario matón de película, só respectado polo *Miami Herald* e por algúns méos de comunicación españois. Despois de tantos rodeos, a Washington non lle queda máis remedio que negociar directamente con Castro. Non é de extranar que a esclerose ósea de Mas Canosa tivese este precipitado desenlace. Os homes así molestan até en cadeira de rodas. ♦

Tínamos un problema e xa está solucionado

J.M. Osnar

Un estudante da Facultade madrileña de Publicidade afirma na televisión que el non quere clase de lingua — non serve para nada—, que o que lle interesa e aprender técnicas de **persuasión** — iso é o que lle vai ser útil—. O rapaz vai polo bon camiño. Chegará a doutor ou catedrático da complutense e xuntarase a licenciados en bolsa (aos que non lles interesa a economía) e a especialistas en inflamación de amígdalas (que desprezan a medicina por antiga).

O Mercedes, clase A, volcou nunha proba realizada a 60 quilómetros/hora. Un **Bravant,** da antiga República Democrática Alemana (motor de dous tempos, carroceira de fibra de vidro), pasou a mesma proba con éxito. Todos os **progres alemáns** de hoxe, que poden, fanse cun vello **Bravant.** É o último.

Resposta a X. Armada

Un pouco a voapluma e en horas cansadas — polo que xa pido desculpas de principio— quixera escribirlle ao amigo Armada Herbello da CNT que me pareceu fóra de ton a súa nota sobre a "apropiación" de Antonio Soto pola CIG.

Coido que tanto Manuel Mera como Luis Pérez Leira son ben capaces de se defenderen de acusacións emporcantes pero, na miña condición de armadanzas, considero, sen embargo, que debo intervir ao seu favor.

E direi: Primeiro, que cheguei a Río Gallegos logo de que ningún chegase alá desde territorio español en trinteito anos; e que me fun atopar coa memoria dún personaxe que transcendía ao anarquismo e fora capaz de quedar na conciencia colectiva.

Segundo, que voltei e escribín; que alá volví e fun a Punta Arenas e Isabel Soto díxome que fora o primeiro "ni argentino ni gringo" que lle viñera falar de seu pai; e escribín máis: non parvadas de inglés — como o propio Osvaldo Bayer considera as notas de Bruce Chatwin— senón verdades coma rochas que me contaron os galegos vellos, entre eles o derradeiro supervivente da xesta que dirixiu un ferrolán casualmente anarquista (liña sindical sobranceira daquela).

Terceiro, que a min veu moita xente con propostas de seguirmos na procura da historia de Soto Canalejo; de maneira que, por exemplo, un concelleiro e uns funcionarios do rexistro civil de Ferrol atoparon a partida de nacemento daquel fillo de suboficial da Armada que, imaxinamos, se formou no anarquismo da "ciudad departamental".

Cuarto, que xornalistas, historiadores e sindicalistas levan tempo a ouvir a miña malleira sobre a necesidade de que un pobo domado e castrado aproveite cantas ocasións teña de crear mitos para o axudaren a dicirse a si propio que existe. E tiveron paciencia, leron os meus libros, os meus artigos incitadores e puxéronse en marcha.

Quinto, que colaborei entusiasmado na preparación da homenaxe, xuntando vontades sen mirar se proviñan de esquerdas ou dereitas, na idea de que Antonio Soto foi un galego universal (que, insisto, xuvenil e casualmente, militou no anarquismo).

Sexto, que en Buenos Aires, no Teatro San Martín, vin moitos amigos anarquistas e fillos de anarquistas compañeiros de So-

Colaborei na homenaxe, xuntando vontades sen mirar se proviñan de esquerdas ou dereitas, na idea de que Antonio Soto foi un galego universal



to — como Antonio Pérez Prado— que andaban felices conosco, sen miraren o *pedigree* dos promotores do acto.

Sétimo e último, que comigo, aquí en Galicia, nunca ningún cenetista falou, e eu escribo para todo o mundo, coa estúpida paixón do vaidoso que espera ser lido e desexa conversar con quen lle leu as súas vaidades. En fin, amigo Armada: tarde piache.

Pero vouche dar unha oportunidade. Aínda fica por investigar a historia doutro membro galego da FORA con intervención crucial na resolución patagónica: Víctor Pérez Prego. Adiante, longo; fala comigo. E recibe unha aperta de admirador dos loitadores pola utopía sindical. ♦

XAVIER ALCALÁ

Carta a Gea Escolano

Estimado e ben querido Monseñor Don Xosé Gea Escolano:

Diríxome a vostede na presente carta para comunicarlle a miña renuncia a seguir pertencendo á diocese de Mondoñedo-Ferrol.

Os motivos de tal decisión son que non quero pertencer a un-

ha diocese de rebaños, de masas ou de xente non convertida.

Porque non quero pertencer a unha diocese importadora de línguas e culturas estrañas.

Porque non quero unha diocese illada e illante, asustada e asustadora.

Porque non quero unha diocese onde todo o esperemos do papa, dos bispos ou do crego, onde a comunidade siga sen personalidade, onde as cousas veñan de arriba para abaixo, onde o maxisterio controle e amedoñe.

E quero que saiba tamén que como consecuencia da miña decisión, expresada con anterioridade, vou apontarme a Partenia porque quero unha diocese onde a xerarquia se faga pequena e servidora, onde desaparezan os títulos e os honores mundanos.

Porque quero unha diocese máis humana, onde as relacións fraternais resplandezan, onde os funerais se convirten en días de esperanza e no desexo de compartir a leda e clara resurrección do señor.

Porque quero unha diocese que estea ao servizo do pobre e do débil.

Unha diocese así parecera menos formal, pero moito máis efectiva como testemuña viva do evanxélio e como luz no mundo.

Unha diocese así atrae a moitos homes e mulleres honestos que buscan a verdade e o sentido da vida, e que agora viven perdidos sen un ponte de referencia claro ao que acudir para

satisfacer as súas ansias de verdade.

Para despedirme gostariame recordarlle unhas palabras do Magnífico: Manifesta o poder do seu brazo desbaratando os plans dos sobérbios, derruba do seu trono aos poderosos e fai subir aos humildes; aos fementos cólmaos de bens, e aos ricos despideos baleiros.

Sen máis que engadir e esperando que atendese e enténdese o sentir das miñas palabras, despídome cun saúdo atento e respetuoso. ♦

XOSÉ CARLOS ENRÍQUEZ (FERROL)

Os aliados do plan das humanidades

Mellora das humanidades? Historia común? Empobrecemento intelectual? Mínimos contidos de lingua e literatura, formación persoal ("formación del espíritu nacional en valores eternos"), ...

Ou non?... Retórica e máis retórica. O conto está certo.

Baixo mil excusas: presentan unha situación caótica, artellan "inqueritos amañados", sen reparar en medios fan unha operación de promoción para buscar abeiros sociais, e aparte de iso, recurren a resesos postulados preconstitucionais para meter medo polas conspiracións xudeo-masónicas inimigas "da unidade de destinos en lo universal". E xa se sinten obrigados/as e con todo o dereito de esmagar de vez o acadado por consenso.

E así, cun decreto desprezan o consenso e enchen de democracia o seu diminuto corazón.

E quen son os abeiros do proxecto? Pois poño por caso a quen lle fervían as verzas por sumarse a magna cruzada, o señor Fraga.

Este aprendiz de ditador reprimido, amosa o seu respecto pola valía dunha persoa, ollando para o seu escote.

Fraga mide a capacidade dunha muller segundo saiba empregar os seus atributos físicos, non lle cabe na cabeza que unha muller poida estar á altura dun home por intelixencia ou competencia profesional.

Tendo en conta a súa inxenuidade pola xeografía física, non é raro que declare que está de acordo co *Proxecto Aguirre*, xa que afirma que é "español até as cachas". Así remataron por nomealo doctor Honoris-Causa, o que fica claro é que tería que ser en anatomía.

FE DE ERROS

Na entrevista a Hebe de Bonafini, publicada no número 804, indicábase que visitou Galiza para manter unha reunión con representantes do BNG no Parlamento galego. No seu lugar debería dicir que visitou Galiza convidada polo COSAL para dar unha conferencia, aínda que aproveitando a súa visita tamén se entrevistou con representantes do BNG. ♦

Que opina da polémica sobre o vídeo do director de *El Mundo*?



Xoán Carlos
Estudiante




Antia
Estudiante



Emilia
Parada



Lourdes
Profesora



António
Xubilado

Os meios de comunicación méntense demasiado na vida privada aínda que tamén é certo que se fose un personaxe normal como calquera de nós non falarían tanto del. É o mercado o que manda, sacar cartos, interesa máis que nada o cotilleo das persoas públicas. Non sei que haberá detrás diso se están actuando ou non forzas políticas pero seguro que o que si hai é un montón de intereses funcionando. ♦

Máis ben é unha trama política na que están metidos PP e PSOE. Ademais ven todo polo caso de Prisa. Parece unha aberración que se metan na intimidade das persoas porque cada un é libre de facer o que queira na súa vida privada, como se quere vestir de muller. Tamén por el ter falado de moitas persoas no seu xornal pode ser devolverlle a patada, pero de todas maneiras non me importa o que faga na súa casa. ♦

Non vin o vídeo nin coñezo ben o caso. Creo que teñen que falar de cousas máis importantes, a Seguridade Social ou o desemprego. Non somos tontos. Á xuventude non nos poden vir con iso, é unha pena que pensen que falando só de fútbol poden conseguir que non nos demos conta de como vai todo. Tiñan que sacar máis sobre políticos, para que se vexa que son normais pero non da súa vida privada. ♦

Estou feita un lio e non sei quen ten a razón. Páreceme mal que aireen a vida privada porque só lle interesa a un mesmo. Aínda que eu fose unha persoa pública non me gustaría que estivese por aí reflexada. Din que investigaron pero non sei se chegaron ao fondo, se é certo que se está facendo chantaxe. Se hai máis vídeos poderemos pensar que hai unha trama. Penso que isto non é bon para a vida política. ♦

Se resulta que é mentira o do vídeo debe defenderse, claro. Creo que a intimidade dunha persoa é sagrada e ningún debe nin ten dereito a fugar nela. Nesta historia non se sabe quen di a verdade, din que si hai máis vídeos pero se é certo pode ser nefasto para o normal desenvolto da vida política. Tamén a imaxe que estamos dando cara ao exterior con temas coma este é negativa. ♦

Andrés De Blas Guerrero, catedrático de teoría do Estado, reclama en *El País* "un Estado nacional aberto ao recoñecemento das nacionalidades e rexións". Tanto recoveco para evitar a expresión *estado plurinacional*.

Non hai polo de agora nengun dato que o confirme, pero a morte do líder do exilio cubano, Mas Canosa, ben podería ter sido provocada. Canosa era partidario da revancha, pero, unha vez rematada a guerra fría, convertiuse nun ostáculo. As empresas norteamericanas están a ver como se lle escapa un mercado potencial a trinta quilómetros das súas costas. Mentres canadinos e europeos tiran proveito da cerrazón ianqui.

Radio Habana transmite para América central e do sul a partir das dez da noite (hora local) até a madrugada, en ondas de 16, 19, 25, 31, 41 e 49 metros. A emisión é moi popular. A proba é que desde Florida emiten ao mesmo tempo bruido para estorbar a

Sendo galegas/os é lóxico querer comprender o mundo desde Galiza con orgullo de sermos un povo que contribuímos ao desenvolto da humanidade coa mesma aportazón que calquera outro povo. ♦

XESUS LOPES GALEGO
(O PORRIÑO)

O mal galego da RTVG

Transcorridos xa longos anos desde o inicio das emisións en rádio e televisión de Galiza, penso que xa é hora de lles exixir aos locutores que nelas gañan o sustento se esmeraren no aperfeizoamento da súa ferramenta de traballo que é a palabra. Sabemos que a imensa maioría deste persoal foi educado en español e polo tanto o coñecemento do léxico galego non

era todo o idóneo que as circunstancias requirían, pero hoxe hai gramáticas e dicionarios como para -téndolle cariño, respecto e amor á lingua- adquirir maior dominio dela.

Rato en galego é un pequeno mamífero roedor que non ten nada a ver cunha fracción de tempo.

A raíz dos artigos da profesora García Negro, publicados en números anteriores, ocórrese dar a coñecer unha pequena lista de desatinos que se poden escoitar con demasiada frecuencia. Vexamos algúns: *convinte* en vez de *conveniente*; *unha couce* en vez de *un escena*; *escea* en vez de *escena*; *patrona* en vez de *patroa*; *tódala* en vez de *toda a*; *do auga* en

vez de *da auga*; *no aula* en vez de *na aula*; *castaño* en vez de *castiñeiro* ou *castiro*; *olvidar* en vez de *esquecer*; *gañas* en vez de *ganar*; *ganar* en vez de *gañar*; *sono* en vez de *soño*; *cortas* en vez de *curtas*; *curtar* en vez de *cortar*; *largo* en vez de *longo*; *fai un rato* en vez de *hai un pouco*; *hai un momento*, *hai un pedazo*; *un ponte* en vez de *unha ponte*; *viga* en vez de *trabe*; *esgrevio* en vez de *egrexio*; *tódala rede* en vez de *toda a rede*; *entonces* en vez de *entón*. Esta relación pódese alargar moito máis, aínda que penso que é unha mostra moi elocuente do desamor e desinterese dos funcionarios da nosa Rádio e Televisión pola lingua.

Para os de *fai un rato*, *pasar un rato*, *hai un rato*, é ben que saiban que rato en galego é un pequeno mamífero roedor que non ten nada a ver cunha fracción de tempo. Pero como di un

meu amigo a todo hai quen gañe nesta vida e como exemplo cita a un tal Abel que andou por aí esbardallando, converténdose no Caín asasino da lingua galega. ♦

BIEITO FERNÁNDEZ
(LUGO)

Do campo á cidade

Vou contar unha historia, por que chove, por que podería ser certa ou tal vez non, porque por desgracia pode ser certa, ou tal vez non, e porque ademais na televisión están a botar un partido da Selección de España.

Hai un par de anos Bernardino Gómez, un labrego e pequeno gandeiro da aldea de Vilela en Lugo, recibiu unha carta da Consellería de Agricultura co membrete da Xunta e todo, para asistir a unha reunión xunto a outros gandeiros cun representante da Administración Autonómica con fin de presentar-lles as subvencións para deixar de producir leite, reducir o número de explotacións e facelas máis competitivas. Ademais, o pago destas subvencións sería ao contado.

Na casa falárono moito, tiñan vinte vacas, pero o certo é que ese ano terían que pagar a supertaxa por exceso de produción. Ademais, as centrais leiteiras negociaban entre elas para baixar os prezos e pagaban o leite como querían.

Un primo da muller era xefe de persoal nun centro comercial de Vigo, e non habería problema para arranxarlle un posto ao Bernardino, a muller faría as cousas da casa e cuidaría a súa nai, que tiña unha pensión



audición. É o mesmo que facía Franco coas emisións de *Radio España Independiente*, a emisora do PC que transmitía desde Bucaresti.

O inquerito publicado no pasado número deste periódico sobre o posíbel bombardeo de Iraq demostra o poder relativo da televisión. Horas e horas de lavado de cerebro non serven para barrer de todo o sentido común. O ser humano, independentement e da súa clase social, nacionalidade ou relixión, está dotado de **intelixencia**. É unha constatación quizá molesta para os actuais planificadores do mundo. Algunha argallada xenética podería no futuro resolver esta fonte de disidencias.

Lina está amolada. É instaladora de gas e conta coa cualificación regulamentaria, pero non encontra traballo. "Por que? Porque son **muller**, claro. Para esta profisión non nos queren". "O mundo segue a ser dos homes", afirma, con rabiá. ♦

de viudedade coa que tamén poderían ir tirando. O certo é que firmaron un papelíño e cobraron os cartos. Pouco a pouco venderon todas as vacas. Cada vez que viña o camión dos tratantes a cargar, a muller tiña que pecharse dentro da casa coa nai para que non vise como levaban o gando, ao Bernardino proialle a alma.

Ao mes de vender a última cabeza o Bernardino firmou o contrato, o primeiro contrato da súa vida. Viuse para Vigo a traballar como carretilleiro no almacén, e os Venres á tarde voltaba para a aldea.

A primeira das desgracias foi a morte da sogra, que se produciu ao pouco de empezar a tra-

ballar. Ademais, o pobre do home non se daba tanto tempo fora da casa, toda a semana en Vigo, durmindo na casa do primo que estaba casado cunha señora *bien* que sempre o mirou por enriba do homebreiro. Na empresa, sempre tiña que andar de uniforme e con aqueles zapatos que metían auga en canto caían catro pingueiras. Como botaba de menos aquelas tamancas cas que levaba

Os seus ollos voltáranse profundos e tristes, como os das vacas que tivera que vender.

as vacas aos pastos.

Polas mañás tiña que picar unha ficha a hora de entrada e a de saída, cando viñan os encargados e os directivos tiña que estar todo o día baixándolle os produtos das estanterías e voltar despois a colocalos. Non se entendía con estes homes, el que estaba acostumado a guiar as vacas con dous asubios cando tiñan que ir para a corte, ou cando as quería levar a beber, tiña que obedecer agora a estes tipos engarabados que nen tan siquera o miraban os ollos.

Aos dous anos Bernardino enfermou, os médicos detectáronlle unha fonda depresión e dérono de baixa por *stress*. Ao

recuperarse intentou voltar ao traballo pero foi inútil, recaiu e tivo un accidente laboral, pasou ao paro e despois arranxou unha paga por incapacidade. Voltou a aldea pero xa nada foi igual, os seus ollos voltáranse profundos e tristes, como os das vacas que tivera que vender. A súa familia sempre vivira da terra e do gando, o seu avó xa tivera vacas, el mesmo herdara a explotación do seu pai. E agora todo estaba perdido, e que hai cousas que se levan no sangue, esas pequenas cousas que nacen con un e están no máis fondo da alma. Esas cousas, non se poden subvencionar. ♦

FELICIANO ROMERO LORENZO
(MOSENDE)

A NOSA TERRA

oferécelle aos lectores os mellores viños galegos cun 20% de desconto.

ELABORACIÓN TRADICIONAL

Albariño Illó 1996.

CATA: Cor amarela dourada con leves reflexos verdosos. Arrecendos complexos de froita madura, delicados e francos, propios da variedade albariña. En boca ten corpo e armazón con padal suave onde se mastiga a uva. Viño con longa persistencia que se identifica coa elaboración artesanal.

A adega foi fundada en 1970. Quince anos despois empréndense as primeiras reformas e plántanse os novos viñedos, incorporándose á denominación de orixe *Rías Baixas* en 1990.

Sin renunciar aos métodos tradicionais, como a maceración das uvas unha vez desgarabulladas e a fermentación maloláctica, nas súas instalacións danse cita os novos avances tecnolóxicos que conviven a carón da máis pura tradición. Desde o estricto control dos viñedos, nos que non se utilizan tratamentos agresivos coa natureza, ata os procesos na adega, na que están desterradas as levaduras foráneas, dan como resultado este viño de embotellado serodio e que se distingue pola súa baixa acidez e delicado sabor.

CAIXA DE 12 BOTELLAS: 9.000 PTA.

CAIXA DE 6 BOTELLAS: 4.500 PTA.

PREZO DE VENDA CO IVA E TRANSPORTE INCLUIDO. DESCONTO XA APLICADO.

OS PEDIMENTOS PARA FORA DE GALIZA TERÁN UN INCREMENTO DE 500 PTA./CAIXA.

DE TER ALGUNHA DÚBIDA, CHÁMENOS POR TELÉFONO E ATENDERÉMOLO GUSTOSAMENTE.



TARXETA DE PEDIMENTO

Enviar a Adegas Hnos. Silva Suciros S.L.
Broullón 8 - Telfs (986) 74 74 47
XIL - 36968 MEAÑO (Pontevedra)

| | |
|----------------------|--------------------------|
| Albariño Illó 96 | Cant. |
| Caixa de 12 botellas | <input type="checkbox"/> |
| Caixa de 6 botellas | <input type="checkbox"/> |

NOME APELLIDOS

ENDEREZO POVOACIÓN

TELÉFONO

Forma de pagamento: Talón bancario adxunto (A nome de ADEGAS HNOS SILVA SUCIROS S.L.) Ao recibo do pedimento Pago domiciliado^o

(1) Para pagamento domiciliado en banco ou caixa cubrir os seguintes datos:

BANCO / CAIXA Nº DE CONTA / LIBRETA

TITULAR DA CONTA OU LIBRETA

Nº SUCURSAL POVOACIÓN

PROVINCIA DATA

Atentamente: (Sinatura)

As Brigadas en Defensa do Património Chairego revolucionan a cultura da comarca

Colectivos de Sárria e a Mariña poderían recoller a experiencia

♦ PAULA BERGANTIÑOS

Hai pouco máis dun ano un pequeno grupo de mozos chairegos deciden sacar adiante "unha asociación cultural atípica coa que tentar por freo á parálise cultural que se estaba a dar na Terra Cha". Da man de Fernán López e Anxo Valín naceron daquela as *Brigadas en Defensa do Património Chairego*, unha asociación cultural que conta con máis de sesenta membros e que a través de diferentes asembleas fai cultura nos 13 concellos da comarca.

"Nunha tertulia que tivemos co o escritor Lois Diéguez algunha xente da asociación cultural do Val do Neira e outra que se movía de forma independente pola Terra Cha —explica Fernán López, un dos fundadores— analizamos que non existía unha dinámica cultural a nivel institucional e que as asociacións culturais que actuaban na nosa comarca, ou ben xa desapareceran, ou ben estaban a piques de desaparecer ou simplemente pervivían gracias ao voluntarismo de tres ou catro persoas". Segundo sinala "iamos camiño dunha parálise total, culturalmente falando, e decidimos crear unha agrupación que desde o asociacionismo de base puidera cambiar esta realidade".

Unha das súas primeiras actuacións foi a do intento de recuperación da Torre da Caldaloba e en menos dun ano xa tiñan presentadas 135 denuncias por agresións ao patrimonio. "Utilizamos como bandeira a Caldaloba porque ten unhas connotacións que traspasan o puramente patrimonial ou físico —sinala Fernán—. Non é a morte do Mariscal Pardo de Cela o último feito da *doma e castración de Galiza*, senón que foi o episodio protagonizado pola súa filla Constanza de Castro alí na Torre da Caldaloba, once meses despois".

Frear a parálise cultural

"A nosa intención inicial era fomentar un debate social, que a xente se posicionase e que volve xermolar a vida cultural", explica. "En pouco tempo conseguimos varias cousas. Puxemos de manifesto a desastrosa situación na que se atopa o patrimonio chairego e deixamos en evidencia que as administracións —concellos, Deputación e Xunta— tiñan totalmente abandonada a cultura e que incluso estaban a deturpar. As asociacións culturais sentíronse involucradas nunha nova dinámica e como proba diso aparece, cinco meses despois da nosa constitución, a *Federación de Asociacións Culturais da Terra Cha*. Moitas asociacións culturais que estaban desaparecidas, como é o caso de *A Chaira* de Rábade, reflataron



Homenaxe a Antón Moreda, a quen vemos na foto xunto con Manuel María, que organizaron as *Brigadas* e a *Asociación Cultural Os Zoelas* o Sábado 22.

e volveron a funcionar". Na conversa Fernán recolle as palabras de Darío Xohán Cabana: "perdeuse máis patrimonio na Chaira nos dez últimos anos que no resto da Historia".

"Cando falamos de Patrimonio —explica Fernán Mourenza, o novo voceiro das Brigadas— non só estamos a referirnos ao físico ou ao arquitectónico, tamén nos remitimos ao etnográfico e a todo o que está desaparecendo en prol dunha cultura importada". "Tamén nos interesa recuperar —engade Fernán López— o concepto Terra Chá como comarca ben diferenciada xeográfica e culturalmente. Somos trece concellos e non ese plano que ten a Xunta e que di que Outeiro de Rei non é chairego, que é como dicir que non o é Manuel María".

Antón Moreda homenaxeado en Castro de Lea

"Cheguei da Galiza ideal que había naquela época". Con estas palabras quixo referirse Antón Moreda a Buenos Aires, a cidade á que emigrou con dezaseis anos e que o acolleu até a súa volta ao país en 1960. O seu fogar desde hai arredor de trinta anos, Castro de Ribeiros de Lea, convertiuse o Sábado 22, no cenario escollido pola asociación cultural *Os Zoelas* e as *Brigadas en Defensa do Património Chairego* para homenaxearlo. Desde a Residencial San Rafael, nesta vila, segue a facer un importante traballo cultural dirixindo a revista *Gaiola Aberta* e a publicación dos centros psiquiátricos de Galiza, *Falemos*.

Durante o acto Manuel María dirixiuse a el como "parte do patrimonio chairego, do patrimonio de Galiza e un dos anacos vivos da nosa historia". "A nosa amiza-

Reforzar e renovar a organización

Na súa segunda asemblea celebrada o pasado 8 de Novembro en Vilalba as *Brigadas* cambiaron a súa estratexia e estableceron como prioritario a entrada de novos membros e a renovación directiva. "Preocupábanos moito caer no erro no que caen moitas asociacións, e isto é unha crítica —sinala o seu voceiro—, que non fan un esforzo para que exista unha continuidade no traballo. Na maioría dos casos nacen porque unha persoa ten inquietude e desaparece cando esta cansa".

Unha das actividades que teñen previstas de aquí a fin de ano é a edición do Nº 3 do seu boletín. "A nosa publicación, que permite facer público o noso traballo sen

deturpacións, —explica Fernán López— creouse para concienciar á xente de que tiña unha cultura propia na súa comarca, para fomentar o debate cultural e para dar a coñecer a moitas persoas que estaban traballando pola cultura da Terra Cha e que non tiñan un soporte para darse a coñecer". Outra das actividades que se organizan anualmente é a concesión dos galardóns *Brigadista Caldaloba* e *Dona Constanza de Castro*, para premiar a aqueles homes, colectivos ou institucións —no primeiro caso— e mulleres no segundo, que destaquen pola súa relevancia cultural ou social. Nas vindeiras semanas as *Brigadas* manterán reunións con xente doutras zonas, como Sárria ou A Mariña porque, segundo o seu voceiro, o seu modelo pode ser exportado". ♦

de —comentou— naceu aló polos anos 60, cando Moreda volveu de Buenos Aires. Os que eramos entón mozos xa tiñamos noticia del polos voceiros que nos chegaban desde a Galiza do exilio".

"Ao chegar —engadiu o escritor— faise representante comercial de Galaxia. Toma contacto co grupo Brais Pinto e empeza a falarse entre a mocidade da posguerra da creación dunha organización totalmente galeguista. Os de Galaxia, fundamentalmente Ramón Piñeiro que controlaba todo dun xeito minucioso, empezou a profanar por aí en diante que o Partido Comunista mandara un axente seu desde o extranxeiro pagado polo ouro de Moscú coa misión de desfacer todo o galeguismo e foi cando empezou o drama, o calvario, as dificultades e a loita contra a vida e contra a

adversidade de Antón Moreda".

Comezou entón a súa marxinaación en todos os sentidos, "aínda que tivese algúns amigos que lle foran fieis e que incluso o redescubrirían anos máis tarde. É o caso de Margarita Ledo Andión que sendo directora de *A Nosa Terra* nunha memorábel conversa publicada volveu outra vez a reivindicar e a coñecer a figura que en todos os sentidos é exemplar".

Nun momento da súa intervención Antón Moreda lembrou aos vellos galeguistas que nalgún momento decidiron acabar coa súa vida e sinalou a importancia que tiña para el "sentir e loitar", engadindo para rematar "eu loito pola miña vida, porque non é so miña que lle pertence a moita xente". ♦

LOIS DIÉGUEZ

No mes de setembro cumpriu-se o centenario do nacemento de Eduardo Blanco Amor. Non somos nós amigos de lembranza ocasionais, desas que, na práctica, se converten nunha lousa máis sobre a tumba de quen se intenta recordar. As obras, os traballos dos homes e mulleres dignos de destacar, deben ser unha parte do noso traballo diario. A Blanco Amor haberá que le-lo arreo, falar del nesta e naquela ocasión, te-lo presente ali onde o libro ocupa un espazo, na Auria que tanto cantou e universalizou. Será este, logo, o traballo normalizado fóra de rito que máis que mover, adornece.

Os estudantes de Filoloxía de Compostela, organizados nos CAF, fixeron unha longa e completa programación sobre a figura e obra de Blanco Amor. Tocou-nos a nós analizar a escrita en español, centrando-se esta en "Los Miedos" e "La catedral y en Niño". A primeira, realmente, na súa versión inicial, foi escrita en galego, segundo conta Valentin Paz Andrade no Extra 3 que lle adicou este semanario. Queimou-na, logo pola aldraxe que, ao parecer, recibiu de alguén, chegando o autor, como noutro momento fixera Rosalía, a dicir que nunca máis escribiría en galego. Paz Andrade teimou en que a reescrebese e mandase ao premio Nadal, e por estas razóns a obra foi, finalmente, publicada en español en 1963, pouco antes de ser reintegrar el ao seu País. Mais a sorte non a acompañou, pois a cena que posiblemente escandalizara a "alguén" (supoño que a masturbación de Crespiño), tamén foi motivo para que a administración franquista (Fraga portanto), prohibise calquer comentario ou propaganda sobre a mesma.

"La Catedral y el Niño" foi publicada en 1948 en Bos Aires, portanto ven ser a súa primeira obra narrativa longa, o ensaio que vai dar lugar a outras máis completas en galego, "A Esmorja" e "Xente ao Lonxe". Estaba, o noso admirado autor, integrado noutra cultura e noutro idioma dos que dependía, e non tiña aínda perspectivas firmes de regresar a Galiza. É a historia da Auria de finais de século e principios deste, a da desfeita final da fidalguía, a da brutal españolaización que se botou sobre este País. Mais soa rara a frase, o seu xiro, e ás veces até parece un pouco rebuscada ou cursi. Non pasa isto, curiosamente, cando escribe en galego, que é cando mostra toda a súa forza e naturalidade. Mais isto non quere quitar-lle tampouco, o grande valor e calidade ás obras que mentamos.

Pertencen as dúas novelas, atendo-nos ao idioma en que saíron, á Literatura Española, mais coas aclaracións arriba indicadas, e resulta triste pensa que seguen, despois de tantos anos, sen reeditar. As novas xeracións non as poden coñecer. Así que insistimos nós, teimudos, na necesidade urxente desa reedición, pois se agardamos a que tome esta bandeira quen realmente debere, quizabes o odioso silencio sobre elas continúe. Oh, se Blanco Amor escribese só en español, seguramente isto non aconteceria. Tamén é iso unha lição da nosa historia. ♦

■ O catalán José Luis Guerin gaña o OFF de Ourense coa fita *Tren de sombras*

O director catalán José Luis Guerin foi o gañador do Premio do Xuri do Festival de Cinema Independente de Ourense coa súa película *Tren de Sombras*, tal como se deu a coñecer o día 22 de Novembro. Tamén recibiu unha mención especial a alemá *Winterblume*, de Kadir Sözen. O xuri estivo formado polo cubano Juan Carlos Tabío, o realizador televisivo Rafael Casenave, Xosé A. Coira, o guionista Miguel Anxo Murado e o profesor de cine Xosé Luis Castro de Paz.

En canto ao premio do público, a gañadora foi *Decaf*, de Greg Huson aínda que o número de votos dos asistentes, tamén respaldou a *Mamá es boba*, dirixida por Santiago Lorenzo e protagonizada por Cristina Marcos, *George B.*, *Young men discovering* e *Not a love song*. O festival, que foi inaugurado o día 16 por Manuel Fraga contou coa presenza do director de *George B.*, Pascuale Scimeca e do actor principal Vincenzo Urbanese. Tamén presentou o seu último proxecto en Ourense Alejandro Amenábar, cuxa primeira obra foi *Tesis*. Os asistentes puideron coñecer algunhas das chaves de *Abre los ojos*, segunda fita do director. Outro proxecto presentado foi o de José Luis Cuerda, a quen se lle rendeu homenaxe; o director ten pensado rodar unha película baseada no relato *A lingua das volboretas*, de Manuel Rivas e incluído no volume *Que me queres, amor?* Con guión de Rafael Azcona, Cuerda comeza a gravar en primavera na vila de Allariz.

A actriz Maria Casal tamén pasou por Ourense nestes días para participar na homenaxe ao seu pai, Antonio Casal, compostelán que protagonizou moitas das fitas españolas dos anos corenta e cincuenta. Presentouse con tal motivo o libro *Antonio Casal. Comichidade e Melancolía*, escrito, entre outros, polo profesor Xosé Luis Castro de Paz. ♦

■ Na estrea de *Hércules* peden a dobraxe en galego

A estrea na Coruña o Venres 21 da última fita de Walt Disney, *Hércules*, contou coa presenza de membros da Mocidade pola Normalización Lingüística, que informaban aos asistentes da negativa da Xunta a dobrar a película ao galego. A Generalitat si chegou a un acordo para traducir ao catalán *Hércules*. A Mocidade pola Normalización está entregando vintecinco instancias diarias no rexistro da Xunta para que se use o galego no cinema. ♦

■ Música contra a intolerancia en Pontevedra

O Venres 28 a partir das oito do serán ten lugar na Biblioteca Pública de Pontevedra un colóquio sobre a marxinación e a intolerancia no que participan asistentes sociais, afectados polo virus da Sida e

traballadores estranxeiros. O colóquio remata con música que corre da man do grupo xitano *Potros* de Monteporreiro. Ao día seguinte, e tamén enmarcado na semana de actividades da Plataforma contra a

Marxinación e a Intolerancia de Pontevedra, celébrase un concerto na discoteca *Dafnis* e *Cloe* de Poio cos grupos folk e rock *Birimbo*, *As Ruliñas*, *Potros*, *Debuxos Reanimados*, *Self*, *Necrozofilia* e *Os Guampud*. ♦



■ O centro etnográfico *A Buxaina* de Vigo homenaxea aos gaiteiros

Co fin de "agradecer a súa paciencia e o seu ensino a aquelas persoas maiores que adicaron parte da súa vida ao divertimento dos seus paisanos", o centro etnográfico *A Buxaina* celebra o Sábado día 29 de Novembro en Vigo a IX edición da "Homenaxe ao gaiteiro". O acto, que ten lugar no Centro Cultural *Caixavigo* culmina a actividade desenvolvida ao longo do ano na provincia de Pontevedra na busca de persoas que se significaran na cultura tradicional, tanto na gaita como no canto ou no baile coa fin tamén de que non se perdan os seus coñecementos. Despois da elección por parte da *Buxaina* dos homenaxeados, o acto de Vigo servirá para a valorización do labor dos escollidos. A celebración consistirá na lembranza a meio dun video de Xulio Alonso, gaiteiro de Coruxo finado, a actuación dos grupos *Xendra*, *Os Teixugos*, *Os Trazantes* de Tenorio, *Os Carunchos*, a Asociación Musical de Taboadelo e os homenaxeados do Rancho de Reis de Coruxo. ♦

■ 75 aniversario dos mártires de Sobredo

O 28 de Novembro de 1922 morrían en Sobredo, pertencente a Guillarei-Tui, tres labregos: Cándida Rodríguez González, Venancio González Romero e Xaquín Estévez Mesada. Participaban nunha manifestación que foi disolta a tiros pola Garda Civil. O motivo da protesta, convocada polas sociedades agrarias da comarca, era a abolición dos foros e a solidariedade cun viciño, que por non poder pagalos, ía ser embargado. Ali foi levantado un monumento de Camilo Nogueira no ano 1932, cando as mortes cumprían dez anos. En 1936, o monumento sería botado abaixo polos militares ao tempo que desaparecían as sociedades agrarias.

Este ano cumprese o 75 aniversario destes feitos que,



desde os anos oitenta foron recuperados e asumidos polo movemento viciñal.

A homenaxe deste ano ten lugar o Domingo 30 de Novembro a partires das dez e media da mañá. Os viciños e viciñas participantes xúntanse na carballeira de San Xurxo para subir ao lugar no que está instalado o monumento. Presenta o acto o xornalista Diego Pérez, un membro da coordinadora e intervén

Xesus Alonso Montero. Posteriormente, celebran unha oferta diante do monumento e len uns textos ex alumnos do coléxio de Parde-rubias. ♦

■ A Asociación de Escritores trae a debate a crítica literaria

O profesor da Universidade da Coruña e crítico literario, Carlos Paulo Martínez Pereiro foi o encargado co relatório "Iniciación aos canibais (Ao que vulgo: arredor da crítica na literatura galega)" de poñer o punto de saída ás *Xornadas Galegas de Crítica Literaria* programadas o Mércores día 26 e o Xoves 27 na Coruña pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. O catalán Alex Broch encargouse de analizar a situación da crítica en Catalunya, Jon Kortazar fixo o propio co País Basco mentras Francisco Rodríguez reflexionou sobre "A crítica literaria e os clásicos da literatura galega". Nestas primeiras xornadas sobre a crítica participaron tamén Carlos López Bernárdez, Manuel Vieites e Dolores Vilavedra. Da análise da situación nos medios de comunicación encargáronse Vicente Aragus, Silvia Gaspar, Francisco Martínez Bouzas e Ramón Nicolás. ♦

■ Premios dos certames *Música Folk e Canción* no Concerto *Xuventude 97*

No Concerto *Xuventude 97* que se celebra na discoteca Nova Olimpia de Vigo o vindeiro Venres 28 de Novembro daranse a coñecer os gañadores dos certames *Música Folk e Canción* que convoca a consellaría de Familia, Muller e Xuventude. No mesmo acto, no que actuará o grupo *Os Piratas*, presentaranse os CD do grupo *Valigai*, do solista Alberto Pardo López -finalistas no apartado de canción- e de *Terrabieita*, *Charabisca* e *Almorfe*, seleccionados para o premio de música folk. ♦

■ Xornadas sobre Castelao en Santiago

Os CAF de Filoloxía de Compostela teñen proxectado realizar a comezos de Decembro unhas xornadas nas que se reflexionará sobre Castelao e nas que persiguen "abrir a súa figura e obra á comunidade universitaria e á sociedade en xeral nun intre no que persoas e institucións están a manipular e terxiversar a súa figura e pensamento". O día 2 de Decembro Manuel Rei Romeo e Eduardo Gutiérrez darán comezo ás xornadas cunha conferencia sobre o Castelao político, o día 3 Elvira Souto falará do conflito lingüístico no *Sempre en Galiza*. Manuel Rosales encargárase o 4 da face literaria mentras que Xosé Lois "O Carrabouxo" pechará o programa o día 9 cunha charla sobre o seu papel como humorista. Os relatórios e debates terán lugar na Facultade de Filoloxía ás 20:30 horas. ♦

Leituras

Teatro,
bulimia e
anorexia


Título: Teatro Para Se Comer.
Autor: João Guisán Seixas.
Editorial: Edicións Laiovento.

Mas esta é una obra escrita por un encenador (fracassado, se se quer), por un cenógrafo (frustrado, se se quer), por un actor (retrado, se se quer) e por un sonhador com experiencia e solvencia acreditadas. (...) Afinal este «teatro para se comer» vai resultar ser, no fondo, un teatro para se pensar, para se imaginar, para se sonhar. Por isso recomendo ao lector que o leia de forma tridimensional e nunca plana. (...) Pensa que a tua lectura é una estreia, una representación única e irrepitível, e que nada pode falhar. (...) Este é un libro que trata das relacións entre o culinario e o dramático, entre o gástrico e o trágico, nessa confusom inevitable entre a cena e a ceia.

[João Guisán: «Prólogo Para Se Ler (Contém Instruções de Uso)»]

Hai por veces —demasiadas ao que xulgo— obras que pasan desapercibidas no espazo escrito da anoréxica crítica galega, reducidas a un silencio mediador por motivos, aínda que facilmente comprensíbeis e por case todos coñecidos, non sempre confesábeis e moito menos asumíbeis na súa intención 'apagadora' desde o establecido.

Non sei se este será o caso do Teatro Para Se Comer de João Guisán só referido (até onde nós sabemos) en termos positivos nunha columna xornalística polo escritor Alfredo Conde. Relativo silencio, pois, que, se couber, resulta máis gritante e gravoso cando confrontado coa novidade, co atrevimento, coa lucidez e co rigor dos contidos e das propostas teatrais e li-



terarias que neste libro xacen.

Non é un completo descoñecido quen agora nos propón esta peza teatral excesiva e xenial na cocíña das varias veces laureado autor e na dixestión do lector-espectador. De feito moitas das liñas-mestras que, como condimentos, estruturan este complexo alimento mental xa estaban embrionariamente presentes nalgunhas das anteriores publicacións deste actor, director e home de teatro: a portentosa imaxinación e a feliz capacidade de transfiguración do real xa aparecían, por exemplo, nas deliciosas narracións da Orixe certa do Faro de Alexandria e outros contos (1980); a lucidez analítica e a capacidade de comprensión crítica a respecto do teatro xa se manifestaran no excelente ensaio «A negrura de Mourença» (1984), sobre a obra de Cotarelo Valledor así intitulada; a dilución e o esvaimento dos actuais límites convencionais do teatro, así como a fusión da cenografía coa «persona» dramática e o inserimento desta «máscara» na discursividade dun referente anedótico real-burgués e dun

magma literario dos amplos territorios do sarcasmo e do absurdo, xa presidían a concepción da breve e impactante peza Um Cenário Chamado Frederico (1985).

Ben é verdade que a toda a súa escrita anterior lle faltaba a desmedida e aventurada ambición que destilan as instrucións do «Prólogo Para Se Ler» e, especialmente, a poética do exceso na desmesurada 'representación cerebral' a que nos convidan os tres excelentes pratos cocinados en mollo do mellor teatro, que en Maio pasado vían a luz no menú das librarías deste país.

Non é menos certo —desculpe o

Moitas das liñas mestras xa estaban embrionariamente nalgunhas das anteriores publicacións deste home de teatro

xeneroso lector a rotundidade dos asertos— que os seus textos narrativos e dramáticos previos carecían do grau de amarga ironía e da intensidade de sarcástico humor do corrosivo alimento teatral agora tornado público, a pesar de este se remontar na súa xénese a unha década atrás.

Só dúas escritas no espazo literario galego participan, en diferente medida e con claras diferenzas de teor e de intencións, dun rigor e dunha lucidez irónicas equivalentes —quizais, avisado lector, debese adxectivar, máis axeitada e xeométricamente, de 'perpendiculares'— ou dun paralelo aproveitamento ferinte das potencialidades do humor: Alfonso Álvarez Cacán na sardónica ficción O espírito de Broustenac (1996) e na magnífica sección, tamén de literatura comestíbel, «As receitas de Alfonso KKM» da feroz revista satírica Xo! A voz que para as bestas —de quen non me resisto, paciente lector, a recomendar moi especialmente a inxestión da «Menestra de Cultura» no último e excelente número 'eleitoral' deste «Semanario de Humor Platónico», e outro colaborador da mesma como humorista gráfico, Pereiro, na súa excelente recolla ficcional Amálgama de desquiciados (1992) ou na súa máis recente publicación, a premiada narrativa breve «As últimas vontades dunha muller de Grixalba» (1997).

Pois ben, situada aproximadamente a traballadísima obra que nos ocupa nas coordenadas xenéticas autorais e fixada nas discutíbeis —por excesiva e propositadamente particulares— asociacións literarias de quen isto escribe, pode ter chegado a hora de tentar explicar algunha das 'razóns' da avaliación altamente positiva que

na súa globalidade me merece e da adxectivación hiperbólica que con consciencia lle aplico.

Hai poucos días Manuel Lourenzo, con motivo do 'Premio Nacional (≈ Estatal) de Literatura Dramática' outorgado á súa obra Veladas Indecentes, desexaba nunha entrevista que este servise para empezar a pensar no teatro do futuro. Neste sentido, aínda que acho que a súa predición e proxección dese porvir teatral seguramente irá noutra moi interesante dirección, non podo hoxe deixar de pensar que o Teatro Para Se Comer poidese ser unha das liñas posíbeis para concretar e atinxir unha futura realidade que só se pode conceber plural. Guisán contempla, na súa competencia múltipla, á vez unha práctica de escrita dramática e unha práctica de representación, isto é, abor da na súa integridade a heteroxénea complexidade do teatro, cando sobre o papel desenha unha realidade literaria e cando desde o papel a prolonga como acontecemento espectacular («Este libro constitúe en si propio una representación»), usando como paradigma o «Teatro Negro de Praga, a Lanterna Mágica».


Paradoxalmente, como o autor nos relata no acedo, fascinante, voluntarista e preciso 'prólogo', por motivos de censura sobre o 'proxecto teatral' representado, este mudou en 'proxecto literario' escrito, de tal maneira que «non deva nunca ser representado», «nom por falta de elementos teatrais, mas por exceso».

É obvio para min que un condicionado e rocambolesco proceso como o sintetizado no parágrafo anterior trouxo consigo parte dos desequilibrios da obra, ao se accentaren até tal extremo as disposicións cénicas e as minuciosas descrições que acabaron por ocultar parcialmente a acción dramática, provocando por veces un certo cansazo na bulimia de lectura exixida (especialmente nos «Aperitivos e Entremeses» apendiculares, de cinema mudo e gastronómico, concebidos para «inserir, entre prato e prato, umas "histórias comestíveis"»). Mais tamén resulta certa a constatación de que esta «obra de teatro do género caracol» gañou en estranxeza, ao esvaír as fronteiras dos clásicos modelos xenéricos e ao acaparar toda a teatralidade posíbel, encaixando harmonicamente a imaxe retiniana e a imaxe mental, facilitando o transvasamento entre ambas e permitindo unha apropiación complexa, da parte do lector-espectador, da totalidade representábel e representada.

De todas as maneiras, o elemento basilar da obra radica ora na continuidade entre os campos da realidade teatral e da realidade alimentaria, ora na fusión por analogía dunha nova realidade híbrida (re)presentada e (re)construída na nosa mente e captada polos nosos ollos, tanto desde a páxina escrita como desde as suxestivas e significativas ilustracións que abren simbolicamente as cenas-pratos ou que reproducen, na inicial-primeiro, un onírico baile de

NARRATIVA


A nosa mellor literatura




CALZADOS LOLA
Suso de Toro
PREMIO BLANCO AMOR 1997

Un libro que conta, coa sensibilidade de hoxe, historias tan bellas coma a xente. Unha viaxe á orixe, unha escapada. O odio e o amor, a morte e a resurrección. Unha novela atlántica.

NA MESMA COLECCIÓN



ORALMENTE POLA BOCA
Xosé Cid Cabido



UN XOGO DE APÓCRIFOS
Xosé Carlos Caneiro
PREMIO TORRENTE BALLESTER, 1996



conta de libros



Máis aventuras de Asterix en galego

Xa fan dez os títulos de Asterix verquidos ao galego por Galaxia e traducidos por Antonio Pichel. Os catro últimos en aparecer nas librerías son: *Os loureiros do César*, *Asterix e Cleopatra*, aventura na que os escravos exipcios van probar a pócima de Panoramix, *Asterix en Hispania*, onde teñen que devolver a un pequeno refén dos romanos á Península Ibérica e *Asterix e os bretóns*, no que se nos relata como a Gran Bretaña cae baixo o dominio de Xúlio César. As creacións de Goscinny e Uderzo gañan en diversión co paso dos anos. ♦

Poesía desde unha nada de Isidro Novo

Dentro da colección de poesía Eusebio Lorenzo Baleiron, de Edicións do Castro, aparece o libro gañador do último premio que leva ese nome e que se convoca anualmente no concello de Dodro. *Desde unha nada núa* é o título que Isidro Novo pon aos seus versos. Xa escribera antes outras obras como *Por unha presa de machacantes e Carne de Can*. Novo divide os estados da súa poesía en caída, crise e renacemento xa que "talvez é preciso intentar/ que o compás deixe de tremmer/ para que o norte naza firme/ nese eido inalcanzable". ♦

Introducción ao teatro

Edicións Liovento presenta o volume *Teoría e técnica teatral*. (Unha introducción), coordinado por Manuel F. Vieites e no que colaboran entre outros Eduardo Alonso, Anxeles Cuña, Manuel Guede, Manuel Lourenzo, Ricard Salvat i Ferrer, Manuela Rivera e o Seminario Permanente de Expresión Dramática "Pita cega". Manuel F. Vieites, quen preside o Instituto Galego de Estudos e Investigacións Teatrais, parte neste libro do feito de que a teoría teatral tivo moi pouco desenvolvemento e sinala que "é hora de que na Galiza saibamos producir coñecemento desde, sobre, por e para o teatro". ♦

Contos da terra mozambicana

O escritor de Mozambique, Mia Couto ofrécenos *Contos do Nascer da Terra* o novo libro de relatos que afonda na liña que ven desde *Vozes Anoticias*, *Cada homem é uma raça* ou *Cronicando*. Mia Couto, xornalista e escritor, converteuse nos últimos anos nun dos máis populares escritores africanos en lingua portuguesa, coma el di, para sorpresa da cultura europea. O novo libro está editado en Caminho na colección "Uma terra sem amos". ♦



(Ven da páxina anterior) legumes e/ou máscaras. A fluencia analóxica entre o comer e o teatralizar é indiciado pola contínua utilización de expresións comparativas («como...», «igual que...», etc.), na minuciosidade das precisións representadoras que, na súa acumulación obsidiana e na súa extensión fantaseadora, desatan unha axfisiante mecánica diabólica de aproximación, de transformación e de confluencia dos ingredientes alimentares e dos elementos teatrais.

Para alén do prólogo e do apéndice referidos, esta peza teatral está dividida nun lixeiro e 'vodevilésco' «Primeiro Prato [Sopa de Legumes con Ciúmes]», nun substancial e amoroso «Segundo prato [Dous Corações em Molho de Lua (...e Outras Delfcias à Carta)]» e na levemente indixesta e irreverente «Sobremesa [Frutas doutro Tempo]». Todos e cada un dos actos —e circularmente os tres entre si— empregan no seu desenvolvemento unha precisa e enxeñosísima arquitectura dramática que, a partir do inicial e exterior mundo da encenação, se vai trasladando de vagar para un híbrido e interiorizado mundo alimentar coa progresiva metamorfose de todos os campos en que se 'cociña' a 'cousa' teatral, mantendo, iso si, o referente da realidade, elaborada polo «metteur en scène», de que partiu a transformación.

Non querería «cair na censurável práctica de adiantar cousas que só debes descubrir tu», como tamén non quixo o autor no prólogo, polo que, ao dirixirme a lectores que xa devoraron este libro, mais, especialmente, a aqueles a quen quero convidar a saziar a súa fame con este delicioso xantar teatral, non pretendo re(a)sumir os seus contidos, seguindo a actuar por aproximación abstracta nesta miña dificultosa abordaxe parcelar. Non entanto, si querría sinalar, a título de simples exemplos, dous bocados delicados e esquisitos —cada un deles auténtico «boccone da prete»— que, con certeza, se erixen en deliciosos (¿e anametizados?) pecados de gula lectora.

En primeiro lugar, chamaría a atención para as trinta e tres notas acrescentadas polo autor como discurso, segundo e complementar, dez anos despois da xénese do texto («Este libro foi escrito por un autor dez anos mais novo do que eu, tirando as notas ao pé de páxina que foram algo assim como o prezo de prazer que eu cobrei por lhe passar o original a limpo»). Estas notas de rodapé, para alén de relegaren a escrita dos territorios da negra angustia e de aprofundaren nalgúns casos a precisión representadora, son, na súa maior parte, suxeridoras historias extravagantes, distorcidas anedotas estrafalarias ou condensadas ficcións inventivamente explicativas. No seu conxunto, están peneiradas en modo amabel por un apuradísimo humorismo verbal e permanecen solidamente alicerzadas nunha intencional equivocidade de continuidade e de contigüidade baralladas ou de anacrónicos pasado e presente distorcidos.

Leituras

Ecologismo e cristianismo

Título: Do teu verdor cinguido.
Autor: Victorino Pérez Prieto.
Editorial: Espiral Maior. A Coruña, 1977.

O ecologismo estase a converter nunha das preocupacións dos teólogos católicos máis fronteizos, v. g. de L. Boff, autor de *Ecología grida da terra*, *grido dos pobres*; de Panikkar, R., *La nueva inocencia*. O tema non é alleo aos nosos teólogos, Chao, Queiruga, Miguelé; pero é V. Pérez quen lle acaba de dar forma coa obra "Do teu verdor cinguido", *Ecologismo e cristianismo*.

V. Pérez é coñecido pola súa marcada aposta a prol da inculturación da fe na cultura galega; dúas obras acredítano como experto nesta dirección: *A xeración Nós. Galeguismo e relixión* (1988), *Cristián e galeguista* (1995). Titula a súa obra sobre Ecologismo e cristianismo cunha frase do himno galego. Con este tratado V. Pérez súmase ao ensaio teolóxico galego, presente sempre no seu traballo xornalístico.

En sete capítulos desenvolve o senso do ecologismo, as súas relacións co cristianismo e o impacto no eixo determinante deste, a saber as formas de coñecemento de Deus. Os capítulos 2 e 3 abordan os problemas ecolóxicos e a toma de conciencia para a que tanto significou a obra de Lovelock (1979) *Gaia*. A realidade impónse e hoxe "o compromiso ecologista é unha consecuencia máis dunha maneira auténtica de vivir a identidade cristiá" (p. 38). Para chegar á devandita afirmación, Victorino recorre as páxinas da Biblia, trae ante nós a vida de tres místicos da Igrexa, Francisco de Asís, Xoan da Cruz e T. de Chardin e monstra así que o cris-

tianismo e o xudaísmo poden e deben ser ecologistas. Certo que hai nestas relixións e máis aínda na Ilustración europea escollos e deficiencias a corrixir.

O derradeiro capítulo "a nova conciencia chama a unha nova maneira de concebir a Deus e a relación con el" logra fondura, nivel de auténtico quefacer teolóxico: "Unha das posibles metáforas sobre Deus é falar do mundo como corpo de Deus, como autoexpresión material de Deus, como sacramento de Deus; non algo extraño fronte a el, senón expresión do seu mesmo ser. Utilizando unha imaxe maternal Sallie McFragu-we non teme dicir que "O universo é a encarnación de Deus, expresión do seu verdadeiro ser. Non algo extraño ou alleo a Deus, senón que procede da súa mesma matriz, formado mediante unha xestación". Abrese camiño un novo concepto o de *panenteísmo*, *Deus en todo e todo en Deus*; Deus intimamente mergullado no proceso cosmológico, aínda que sen perderse nel.

Victorino ensaia todos os intentos de pensar sobre Deus, como painai, como compañeiro, amigo e remata co tan definitivo na teoloxía da liberación, o pobre como revelación de Deus, como corpo de Deus. É preciso ler esta obra densa, quente de amor á natureza, aos seres humanos, ao país galego ao que dedica a derradeira expresión: "Vivat, floreat Natio Galaica et Universa". ♦

FRANCISCO CARBALLO

En segundo lugar, salientaría como un requintado regalo para o padal, todo o desenvolvemento do 'segundo prato' en que a 'Amada Defunta, o 'Poeta Enamorado' e o 'Carteiro faminto' conforman un triángulo amoroso-deglutidor impar, onde a un ritmo freneticamente contido acompañamos, cun sorriso sobrecollido, a devoración do convencional relacionamento e da estereotipada literatura amorosa, da cenografía (im)posíbel e até da propia amada, nunha delirante amalgama omnívora de parodia, intertextualidade, antropofaxia, canibalismo, etc.

En fin, gostaríamos de finalizar reiterando o carácter xenial e excesivo desta intrépida obra que, sen deixar os sendeiros coñecidos do teatro contemporáneo, avanza polas selvaxes vías da ilusión e do pracer consentidos, mostrando ás claras a fragilidade sedante e narcotizante de calquer convención criativa establecida. Non se trata só dunha peza teatral hipnótica ou rara, trátase de 'algo' desmesurado que, contraditoriamente, satisface unha certa fame e estimula unha salutar e intranquila lectura bulfímica.

Estimado lector, sendo consciente de que a pretensión anterior de me aproximar a Teatro Para se Comer nestas pobres e escasas liñas, equivale —gardando todas as distancias que a medida exige— á redución de Hamlet a unha simple obra sobre a sucesión da monarquía danesa ou á explicación da Demanda do Santo Graal como a procura dunha desaparecida copa, só me resta convidalo á afervorada deglución deste espectáculo literario que João Guisan tivo o atrevimento de nos cociñar e Edicións Liovento tivo a ousadía de nos servir.

Bon proveito. ♦

C.P. MARTÍNEZ PEREIRO

conta de discos

Música e literatura por Jabier Muguruza

Título: Aise.
Autor: Javier Muguruza.
Editorial: Elkar.

Javier é o membro máis descoñecido fóra de Euskadi da familia Muguruza (artífice, entre outras iniciativas, de *Kortatu*, *Negu Gorriak* e *Esan Ozenki Records*) pero as súas incursións na música e na literatura non son novas.



Segundo coa tendencia *minimalista* dos seus dous anteriores discos, grava agora *Aise*, no que os libros e as melodías van da man. Histórias cotiás, reflexións e textos literarios convertense nunha chamada de atención sobre os sentimentos dos homes e das mulleres; sobre a soedade da vellez, a incompreensión de facerse adulto ou a dureza dos conceptos como *dinheiro*, *pátria* ou *beleza*. Lembrando de lonxe a Albert Pla nalguns dos seus temas así como no xeito intimista de cantar, Jabier Muguruza desenvolve o recital nunha atmosfera criada polo *harmón*, un baixo, percusión e acordeón, que el mesmo toca. As voces, ademais da del, pónenas Marisol Blanco, Benat e Garazi Muguruza, Alberto Garcés e o escritor Bernardo Atxaga, quen recita un texto de Baudelaire titulado *O extranxeiro*. ♦



Carey Bell.

Artistas de xiras pequenas

Título: Giras Pequeño Formato.
Autor: Vários.
Editorial: Serrano.

Tamén desde Euskadi chega a proposta da promotora *Serrano*, de Urduliz en Bizkaia, que inclue nun disco quince temas doutros tantos artistas que visitarán o País Basco entre este ano e o que ven. Hai cortes que pertencen ao folclore ou se mesturan con outros estilos, como os interpretados por *Bigig*, *Eleanor Shanley*, *Flook!*, o escocés Phil Cunningham ou *The Cast*; hai figuras de rock acostumados a traballar os escenarios como Elliot Murphy, en cuxo último disco canta con Bruce Springsteen, Martin Stephenson, ou Wilko Johnson co seu trio, que xa pasaron pola Galiza en varias ocasións nos últimos anos e, neste disco, non falta o jazz e o blues con Carey Bell ou Rory McLeod. ♦

Bernardo Atxaga

'En Euskadi non hai discusións literarias porque a situación política arrasa con todo'

ESTAR APRESENTANDO O ULTIMO LIBRO DE RELATOS PARA CINCO MINUTOS DESPOIS, PARTICIPAR NUN ACTO DE APOIO DOCUMENTO DE ELKARRI NON É UNHA SITUACION IDEAL PARA BERNARDO ATXAGA. "PERO O COMPROMISO É ENFERMAR AO LADO DA XENTE DO TEU POVO", DI O AUTOR DE

OBABAKOAK E O HOME SO. VEN DE PARTICIPAR NO CICLO ARTE E POESIA DO CGAC EN SANTIAGO NO QUE AMOSOU A NECESIDADE DE REFLEXIONAR SOBRE A LITERATURA DO SEU PAIS. "HAI QUE PENSAR MAIS NO QUE SE PUBLICA E NON CENTRARSE EN CHEGAR A MIL TITULOS EN EUSKERA AO ANO", SINALA.

♦ ARANTXA ESTÉVEZ

Que pasa en Euskadi coa poesía?

As inundacións do pasado ano anegaron os armacéns de todas as editoriais bascas. A auga levouse toda a literatura basca no sentido literal. Por exemplo, o meu libro *Obabakoak* hai que reeditalo porque se perdeu. Agora hai unha oportunidade de ordear os catálogos, de separar o gran da palla. A poesía se estaba a facer con criterios lingüísticos estritamente e para desenvolver a forma subxuntiva do verbo. As dúas editoriais máis fortes de Euskadi, que publican perto de trescentos títulos, están comezando a facer o seu catálogo de novo. É unha oportunidade para empezar. Simbolicamente representa o que está pasar no País Basco. É unha crise nos mellores dos momentos posibles. Hai autores, hai editoriais, hai lectores, hai poesía de acción, moitos escritores novos, polo tanto hai que reformular o que facer. É un momento crítico, por un lado, estamos os escritores maiores e, polo outro, os máis novos que, ademais, teñen outras perspectivas. Cando eu comecei nunca pensei escribir noutra lingua que non fora o euskera. Agora é imaxinábel ser lidos noutras linguas.

É non lle importa que se traduzan rápido as suas obras?

A xente en Euskadi que le os meus libros vai escoller o libro en euskera aínda que exista a tradución ao castelán. Eu favorezo



que exista iso. De calquer maneira, é bon non perder o control. Estou un pouco farto do automatismo de escribir en euskera e

que mo traduzan aos tres meses. Estoume plantexando que o próximo libro de relatos sexa en euskera e catalán antes que en ne-

gun outro idioma. A literatura en euskera ten un público seguro.

Cando sinala que hai que reflexionar sobre a literatura basca, refírese a que se publica sen criterio?

Se hai unha liña de actuación estritamente nacionalista, o político fala en nome da diferenza e os escritores son os que detentan esa diferenza. Desde ese punto de vista, o que importa é que haxa moito, non bon. O que se busca é poder pasar dos mil títulos anuais en euskera cando o político que o proclama que non leu nengun. Desde o punto de vista dunha persoa sensible á literatura pergúntome, non funcionaria mellor con cincocentos títulos ao ano? Pense que si. Importa que a sociedade absorba a súa literatura e non convertela nun concurso no que o único que prima é a cantidade.

Antes referíase a unha nova xeración de autores bascos. Beneficiase da experiencia de escritores como vostede?

Non hai unha ruptura entre xeracións porque por riba da situación da literatura estritamente falando estivera a situación política que, nestes momentos, é decisoria no País Basco. Pola mesma razón que non hai ladróns de automóbiles, non hai debate interxeracional: as únicas rupturas veñen polo pensamento político. Un poeta de dezaoito anos pode estar perto de min porque a situación política arrasa coa discusión literaria como arrasa con todo. Ate tal punto que ás veces sinteste mal porque a política ocupa grande parte das miñas entrevistas, das miñas comidas con amigos e dos meus proxectos. É máis fácil describir o panorama literario en función de cal é a postura de cadaquen no problema dos mortos.

Está a opción do escritor que non é de nengun sitio, que algúns propugnan.

Iso é imposible. Eu son moi lóxico; non hai posibilidade de non ser de nengun sitio. Somentes se pode "non participar" ou ser alleo ao que acontece ao teu redor se vives en grandes cidades ou en grandes unidades culturais, por exemplo en Estados Unidos. Pero en Alava é moi difícil reti-

rarte do mundo. A min non me gusta a miña situación, non teño nengun consolo e criame certo complexo de sen sentido, do absurdo. Pero o afecto que teñen pola miña comunidade é o que me leva ao compromiso, e o compromiso non é máis que enfermarse con quen tes á tua beira.

En Madrid descubriron as literaturas autonómicas e vostede é o representante da basca. Síntese cómodo?

Non atopo outro xeito de encarar esta situación que desdóbrandome, non como unha contradición. Agora, por unha parte, vivo de cara á miña comunidade de partida pero, por outra, estou en Madrid con outro público. Sempre hai algo bon; no meu oficio é importante atopar interlocutores que entendan as miñas palabras, que falen de literatura. É evidente que hai quen te quere levar á horta e que te pases ao castelán pero non acepto case nada do que me propoñen. Non teño porque ter unha columna diaria en nengun periódico.

Vostede apoia a alternativa apresentada por *Elkarri*. Por que?

Deféndoa hai tempo e coñezo o seu contido. Non creo que sexa unha proposta sólida porque ese tempo xa pasou. Agora temos que amañarnos con algo tan pouco consistente como o fio dunha araña. O documento de *Elkarri* é só un intento de atopar un elemento comun: en troques de dicir dereito de autodeterminación fóra da Constitución, di "dereito de autodeterminación sen violentar a Constitución". Quen o redactou caíu na conta de que era unha mágoa así, que habería que formular propostas máis sólidas pero como non hai posibilidade porque os primeiros que deberian, os representantes políticos, non o fan. Nós temos que intentar unha vía lingüística, moi fráxil porque moitos dos problemas veñen de utilizar tal ou cal palabra. Fálase de "independencia" pero de que vale ter a mil funcionarios nunha fronteira mentres en Radio Euskadi soa Michael Jackson? Hai que ser fortes culturalmente para construír unha sociedade. En xeral, a proposta tivo unha boa acollida, agás para HB, PP e os xornalistas. ♦

Letras de Cal publica dous novos títulos de poesía

Esgotaron os exemplares dos primeiros libros publicados

♦ P.C.

A aposta da editorial *Amata*, que naceu como canle de expresión para novos poetas ven de asentarse coa publicación de dous novos títulos da colección *Letras de Cal*, *Ruido de motos*, de Kiko Neves e *Quen nos defende a nós dos idiotas?*, de Igor Lúgris. Segundo os responsábeis da editorial o nivel de vendas e a cantidade de orixinais recibidos satisfai as previsións e demostra que "ocupou o seu lugar no mercado". Os dous primeiros títulos xa se esgotaron, o que permitirá manter o ritmo de publicacións previsto.

"Os primeiros libros vendéronse e esgotáronse en catro meses. Eso está ben pero non é xenial porque estabamos certos de que ia ser así", asegura Eduardo Estévez. Ao seu entender a rapidez das vendas resposta ao grande movemento que se lle deu aos libros, con numerosos recitais ao longo da xeografía galega, que permitiron achegar ao público os poemarios.

Pero a resposta non só foi boa por parte do público, senón tamén por parte dos poetas e mesmo das outras editoriais. Estévez sinala que no Congreso de Poesía de Vilagarcía, máis non estar convidados á mesa redonda, os

próprios ponentes fixeron referencia a *Letras de Cal*, o que indicaría "a grande repercusión que tivo o proxecto". O mesmo acontece cos poetas, que cada vez en maior número, optan por enviar os seus orixinais a esta editorial, á busca dunha posibilidade para publicar os seus traballos. "A calidade do material que recibimos é moi boa e cremos que seguirá mellorando", asegura.

Ruido de motos de Kiko Neves recolle poemas centrados na temática urbana nos que propón "defenderse contra o modelo social imperante representado polas cidades e contra o seu xeito

de vida. Un modelo que impón un ritmo ás pequenas vilas e comarcas que aspiran a converterse en grandes urbes ao tempo que perden a súa identidade". Aínda así, o autor recoñece que se trata dunha aposta individualista, na que dá por perdida a loita e na que non queda máis alternativa que "a fuxida".

Pola súa banda, *Quen nos defende a nós dos idiotas?*, de Igor Lúgris, recolle fragmentos da súa experiencia persoal como militante de distintas organizacións políticas e sociais "que loitan por cambiar esta sociedade ou derrubala", ao igual que os seus

poemas. Lúgris insiste na necesidade de ofrecer unha visión positiva porque "é posible cambiar o mundo". O propio autor defínese comprometido "coa idea de transformar a realidade, a poesía e a propia literatura".

En todo caso, ambos autores considéranse militantes dunha poesía comprometida, pero tamén recoñecen nos lectores de *Letras de Cal* e mesmo en todos aqueles que asisten aos recitais a un público militante que acredita na idea de que hai que cambiar os vellos modelos de produción literaria e abrir camiño ás novas xeracións. ♦



Sen nome de Paz Antón. Á dereita Muller paxaro de Lis Méndez.



AO LADO DE GRANELL, BOSCO CARIDE; Á BEIRA DE QUESSADA, ISAAC PÉREZ VICENTE; PERTO DE ÁLVAREZ BASSO, CUQUI PIÑEIRO. SON PINTORES E PINTORAS; ALGUNS VIVEN DA SUA ARTE E OUTROS AINDA NON, PERO TODOS CÉDENA PARA CONSTRUIR UN MONUMENTO ÁS VÍTIMAS DO 36 EN TUI. DESDE MEDIO MILLÓN A 25.000 PESETAS, PÓDENSE ADQUIRIR AS SUAS PINTURAS O 6 DE DECEMBRO, DATA NA QUE SE CELEBRA A SUBHASTA NA QUE O DIÑEIRO, EXCEPCIONALMENTE, COMBATIRÁ O ESQUECIMENTO DA HISTÓRIA.

Vintecinco pintores pola memoria histórica

En Tui subhastan cadros para recadar fondos e erguer un monumento aos represaliados do 36

♦ ARANTXA ESTÉVEZ

Familiares e amigos dos represaliados en 1936 en Tui ademais de viciños e viciñas da vila reuníronse o pasado 22 de Novembro nunha especial inauguración. As pinturas que penduran nas paredes do sala do Hotel Colon están destinadas a contribuir a un monumento tamén especial: o que a Comisión pola Verdade do 36 na vila quere erixir aos represaliados. Artistas galegos, moitos da comarca, emprestan as súas obras para que sexan subhastadas e sirvan como axuda para este monumento. É unha aportación en forma de cadro para recuperar a memoria colectiva, obxectivo da comisión formada o pasado ano para que unha vila castigada nos primeiros momentos da sublevación militar non se esquecera nen dos mortos nen dos vivos que sufriron o castigo por apoiar á República.

Visitar a exposición non ten só a intención de solidarizarse coa causa da comisión; ademais pódense contemplar as obras de talentos máis que recoñecidos, outros de renome no arte galego e os que, sen fama, adócense á pintura "por amor ao arte". "A carta escondida" é o título do cadro de Uxio F. Granell, o que conta cun prezo de saída máis caro na poxa: medio millón de pesetas. O cadro foi pintado hai oito anos por Granell sendo unha obra fidel ao estilo do artista, tamén escritor, nacido na Coruña hai oitenta e cinco anos. A súa contribución a esta causa ten paralelismo coa súa vida: loitou cos republicanos e exiliouse á Franza para despois vivir en República Dominicana, Guatemala, Porto Rico e Estados Unidos. Á súa beira, o precioso cadro "O paxaro do amor", de Mário, o seu irmán, quen padeceu un consello de guerra por republicano e foi condeado ao cárcere.

E un pouco máis alá, Cachy Granell, filla de Mário, quen cede a súa particular visión dun picador de touros seguindo a pegada surrealista do seu pai e do seu tío.

Cadros de grande formato e de pequeno conviven como tamén prezos diferentes para a poxa. Chama a atención que pinturas dalguns artistas recoñecidos no que se denomina "mercado da arte" teñan prezos máis que asequíbeis. É a oportunidade de achegarse á arte nun acto de xenerosidade dos pintores. Anxel Huete cede á comisión a súa "Paella de alto bordo", de 25.000 pesetas, Jorge Barbi presenta unha obra da súa serie *Galegos* co mesmo prezo e Isaac Pérez Vicente, un nome que comeza a ter o seu sitio, empresta a súa "Marca de Auga", apacíbel serigrafía, por 15.000 pesetas de partida. Motivo acuático teñen tamén os "Peixes" de Cuqui Pi-

ñeiro e os retratos de mulleres osn os escollidos por Alicia Alonso, Xosé Luis de Dios, Lis Méndez, e por outro renomeado no arte e membro dunha familia ligada ao lenzo, Xaime Quessada, cuxa "Figura" sae por 250.000 pesetas.

As olladas á paisaxe e á comarca son reflexadas por Anton Abreu Bastos, Xermán Rey, Xavier Pousa, Mário Rodríguez, Xulio Garcia Rivas ou Xu Alvarez. Ao seu lado, Bosco Caride e Elsa Pérez Vicente. Descubrirente é a litografía "A concubina da morte" de Enrique Ortiz e misterioso o xogo "sen nome" proposto por Paz Antón, membro do grupo musical do Porriño *Na Lua*. Da mesma familia e tamén vencellada aos represaliados en Tui, aparecen dúas figuras da nova pintura galega: Berta Álvarez Cáccamo, presente ao mesmo tempo no Dobre Espazo do CGAC, e Da-

rio Álvarez Basso, cuxa obra tamén habita as paredes do centro compostelán.

Os membros da Comisión pola Verdade do 36 teñen moitas esperanzas postas na subasta, da que pode saír unha boa cantidade de cartos para esa obra para a que levan traballado durante todo o ano e que xa ten un sitio en Tui: a Alameda da vila. O 6 de Decembro a subasta comeza ás oito menos curto da tarde esperan a asistencia de habituais da compra de arte atraídos por cadros de sinaturas prestixiosas e novos valores. Ao tempo, axudan a unha iniciativa para a cal que se organizaron conferencias, presentacións de libros e venda duns bonos de cen pesos e mil pesetas. O porque teno a comisión pola verdade: "para que o sacrificio absurdo dos que morreron non sexa inútil, para recordar sempre a súa vida e agradecer a súa obra". ♦

Trebón, un novo selo musical da man de Suso Vaamonde

♦ P. BERGANTIÑOS

Despois de trinta anos nos cenários, o cantautor Suso Vaamonde ven de presentar o novo selo discográfico *Trebón*. Trátase dunha iniciativa empresarial que xa ten editado 3 CD e 5 cassetes e que se suma ao mercado coa intención de apostar por grupos novos, cal-

quer que sexa o tipo de música coa que traballen.

Compostela, mar de pedras, do propio Vaamonde é un dos traballos musicais cos que se estreará este selo. Neste caso o cantautor escolle para musicar e por voz as letras de poetas como Avelino Abuin, Ramón Cabanillas, Celso Emilio Ferreiro, Bernardino

Graña e Xosé Neira Cruz. *Laura, ollos de auga* de Paco Campos e o grupo *Chaira* e outro dos traballos musicais editado en CD e en cassette.

Tamén gravaron en *Trebón* o seu primeiro CD o grupo tradicional de Vigo *Louleada*, un traballo que leva o nome de *Trubisqueira* e no que as cinco mo-

zas e os dous mozos que forman a agrupación presentan o resultado dunha recolleita de pezas tradicionais.

Outros dos grupos que escolleu *Trebón* para darse a coñecer son os ourensáns *Bios*. O seu traballo de música *new age* leva o nome de *Sons do interior*. A *Charanga NBA (Non bebemos auga)* da

Coruña, co seu traballo *Son Rumores*, pecha esta primeira entrega de *Trebón*. Nembargantes nun breve espazo de tempo saíran á venda *Aí queda iso* de *Salterium*, un grupo de folk-rock vigués, e un repertorio do Coro de Soutomaior que leva o nome *Por eso meu carro canta* -unha canción de *Fuxan Os Ventos* que aparecerá versionada neste CD. ♦

A Académia elixe presidente procurando evitar o desprestíxio da institución

Posíbel consenso con Del Riego como presidente e Constantino Garcia como secretario

♦ X.C.

Despois de seis meses de interinidade, Antón Fraguas dará paso a unha nova persoa á fronte da institución criada polos emigrados na Habana, e que tivo a Manuel Murguía como primeiro presidente. A Académia Galega terá que elixir este sábado 29 de Novembro un novo primeiro rector, cargo que posibelmente asumirá Francisco Fernández del Riego.

O proceso de elección nunha institución deste tipo xoga aos consensos prévios e na procura de evitar fortes discusións que podan trascender. En declaracións dun académico a este xornal "xa abonda a mala percepción que ten a sociedade da RAG como para que nós contribuísemos a un meirande desprestíxio".

Nesa dirección encamiñáranse os esforzos dirixidos a desactivar a pugna prevista entre dúas candidaturas, procurando que a síntese se sustancie elixindo a Francisco Fernández del Riego como presidente e a Constantino Garcia como secretario. Non



semella con posibilidades unha terceira vía con Andrés Torres Queiruga de presidente.

Del Riego ten un perfil indiscutido no que a única pexa sería a da idade. Fronte a iso Constantino Garcia exhibe unha acumulación de cargos, moitos deles ligados directamente a política de intervencionismo do PP-Fraga (Centro Ramón Piñeiro), xogando tamén á súa contra as declaracións públicas antigalegas efectuadas a O Correo Galego cando dimitiu Garcia Sabell. (ver nº 783 de A Nosa Terra).

Unha institución sen renovar

A elección do día 29 será unha máis de transición toda vez que a Académia arrastra desde hai décadas unha esclerotización da que só tentou sair hai poucos anos, pero sen acadar unha renovación suficiente. A nómina actual de 19 académicos (Garcia Sabell, Marino Dónega, Meixide-Pardo, Gil Merino, Antón Fraguas, Torres Queiruga, Constantino Garcia, Rio Barxa, Manuel Gonzalez, Garcia-Bodaño, Alonso Montero,

Paco del Riego, Carlos Casares, Xulio F. Ogando, Mons. Arauxo, Olga Gallego, Ferro Ruibal, Luz Pozo e Xosé Ramón Barrei-



Francisco Fernández del Riego.

ro) non é abondo representativa dunha sociedade cultural moito máis plural.

A renovación viuse asemade dificultada pola sedimentación desde 1936 dunha mancha de incrustacións reaccionarias, sen vencellos coa cultura do país, que foron convertindo a institución nun símbolo contrario ao concebido polos seus fundadores, apesar dos meritorios esforzos dalgun dos seus presidentes, como Sebastián Martínez-Risco.

O entrismo promovido polo grupo Galaxia tivo uns resultados limitados, e houbo renúncias relevantes a tomar posesión, como foi o caso de Xosé Manuel Beiras, ficando aínda pendentes do trámite imprescindíbel da lectura do discurso de entrada Ramón Lourenzo, Francisco Fernández Rey, Antón Santamarina, Xesus Franco Grande, Andrés Fernández Albalat e Xaime Isla Couto.

O balance da presidencia de Garcia-Sabell, apesar de reactivarse nos últimos 8 anos algúns servizos como a biblioteca -antano semipechada, desorde-

nada e de acceso prohibido-, ficou marcada pola duplicidade co cargo de Delegado do Goberno e o recurso de inconstitucionalidade que apresentou contra a Lei de Normalización Lingüística.

Neste semestre de interinidade sucedéronse os pronunciamentos, en xeral sen concreción de nomes, pero apuntando na necesidade de renovación, como foi o asinado polos escritores X.L. Méndez Ferrín, Manuel Rivas e Suso de Toro.

A Mesa pola Normalización Lingüística foi a última en sumar a súa voz a esta esixencia, "a nova presidencia debe supor un cambio total de orientación dunha RAG con escasa incidencia social, que vive totalmente allea ao proceso de normalización, chegando até o extremo de non ser quen de incorporar o uso do galego con normalidade nen sequer nas súas actividades; así, seguen a utilizar o topónimo españolizado La Coruña nalgunhas das súas publicacións e correspondencia e resulta frecuente o uso do español na atención ao público". ♦

OPINIÓN

UNHA ACADÉMIA GALEGA REAL

A "proxenitora" deste semanario, A Nosa Terra editada na emigración, publicaba, en Xullo de 1963, un editorial intitulado "Autocrítica e autodeterminación", no que se facía a seguinte crítica, a propósito do Congreso da Emigración:

"É mester enxuciar a ese "galeguismo" que amolece sin pena nin gloria, cando máis debía arrexar. Esmorecente nun círculo vicioso de rutina e conformismo, cheo de lagoas paralizantes e tópicos negativos. Un "galeguismo" en permanente idilio coa Terra, ben reflexado nos periódicos da nosa coleditividade rexidos por persoaxes imbuídos desas ideas, de dudoso gosto patriótico e insufríbel cursilería. Abondoso de hiperbolismo adxetival: "a Terra sagra". Esa cecais sexa unha verdade de carácter sentimentalóide. Nós sabemos que non hai terras sagras. E aínda menos a nosa, secularmente escamecida, desditada e dorida, por asoballada, empobrecida e reducida á mínima expresión(...) Aconsellamos, pois, aos teorizadores da nosa cultura conscentes da personalidade diferencial do seu país, o sacrificio en certo modo -llembramos o exemplo de Castelao- das súas vocacións íntimas e poñer a súa intelixencia ó servizo da liberdade de Galiza. Porque é no ámbito da liberdade onde poderá florecer a nosa cultura, verdadeira, transcendente".

Leamos estas palabras non como retrato -para non ofendermos susceptibilidade nengunhasenón como diagnóstico do evitábel nos tempos hoxe. Á que fora fundada, en 1906, como "Real Academia Galega" pouco lle falta para cumprir cen anos de existencia. É, pois, como este mesmo semanario (fundado en 1907), das institucións, conservadas, máis vellas do país. Non coidamos que a iclonocástica acia ben a unha nación como a Galiza, tan precisada de (re)construción interna, de institucionalización ao servizo da sociedade, de organizacións megafónicas de si propia, de proxección digna, en-

MARIA PILAR
GARCIA NEGRO

Orzamentos dignos, sí; dependéncia da Comunidade Autónoma galega, sí; mais, tamén: pluralismo ideolóxico; "sano" intervencionismo nos asuntos e importancia na saúde do idioma; modernización".

fin, do idioma e da cultura do país. Por unha vía ou por outra algo disto reclamaron escritores e escritoras en artigos e debates recentes, que tamén incidían na necesidade de orzamentos adecuados para atender as súas necesidades. Pensamos que o fundamental segue sendo pór, dunha vez, a institución ao servizo do país, orientar a súa función ao coñecemento e difusión dos tesouros documentais, bibliográficos e artísticos que encerra e converté-la nun foro dinámico e actualizador da cultura galega. Deitarei primeiro algunhas preguntas, por se algún tiver a ben deter-se a pensar nelas:

a) ¿Non lles chama a atención aos académicos actuais o ostracismo que a institución practicou no seu día con D. Ricardo Carballo Calero, non sendo capaz nen sequer de estar á altura das circunstancias cando o ilustre profesor e escritor faleceu, en Marzo de 1990? ¿Non resulta sintomática, a seguir, a dimisión de D. Jenaro Marínhas del Valle?

b) A renúncia a ocupar o seu escano de personalidades como Xosé Manuel Beiras Torrado, os versos dun Manuel María, de 1979 ("Xace eiquí unha Academia. / De nena atacouna a anemia / i acometeulle a diglosia. / Sempre foi inmovilista / e, ¡como non! bilinguista. / Viviu en pura ortodosia / de costas pró seu país. / ¡Sufriu arteroesclerose / e morreu dun parálisis...!") habemos considerá-las veleidades, "licenzas" poéticas?

c) Tendo fixada a súa sede na Coruña (a ben poucos metros, por certo, do palácio municipal), ¿non é chamativo tanto silencio cúmplice sobre a aberrante belixerancia contra o idioma galego e a súa cultura do goberno municipal coruñés? ¿Non tería sido ben positivo ue a "Real Academia Gallega" "abrise a boca", enviase algun escrito, fíxese algun pronunciamento... sobre a inxustísima erradicación da titulación de

Filoxía Galega da Universidade da Coruña?

d) ¿Convocou algunha vez a RAG a entidades pedagóxicas, departamentos universitarios... para, en virtude das facultades que a lei 3/1983, de normalización lingüística, lle confere, proceder a actualizar, acordar ou simplemente, dialogar sobre a normativa para o galego?

e) ¿Fixo algunha chamada de atención, ás autoridades autonómicas, sobre o cambio de rumbo imperioso que necesita a política lingüística oficial, a teor dos datos de uso do galego dimanados de estudos 'ad hoc' publicados pola mesma Academia?

f) Outramente, como diría Fole: ¿é normal que investigadores, estudosos, estudantes... da literatura galega tivésemos, durante anos, dificultades abondadas para consultar fondos de grande valor e, agora, nos inteiremos pola prensa de que a familia do finado D. Xoan Naia vende á Deputación da Coruña cadros e correspondencia do legado de Rosalía de Castro? ¿Para cando imos ter inventariado, clasificado e a consulta pública -con todas as cauteles necesarias- toda a riquísima documentación histórica e literaria que a Academia alberga?

Portanto: orzamentos dignos, sí; dependéncia da Comunidade Autónoma galega, sí; mais, tamén: pluralismo ideolóxico na súa composición; democracia de xénero (¡hai unha académica!), apertura; "sano" intervencionismo nos asuntos e importancia na saúde do idioma, da literatura, da historia do país; modernización; papel activo de colaboración co resto das institucións culturais do país. Todos estes votos facemos pra que se convirta nunha vella anovada, para que pase de "Real Academia Gallega" a Academia Galega real, coa cabeza e coa voz no país. ♦

Mª PILAR GARCIA NEGRO é sociolingüista e deputada do BNG.

ANACOS

A cátedra de Ramón Luís Acuña

BOROBÓ

A personalidade de Ramón Luís Acuña destaca entre as de todos nós, os xornalistas madrigalegos. Non só pola súa estatura física que é descomunal, senón tamén polo seu cráneo verdadeiramente previlixiado. Tiven a honra de que fose un dos meus sucesores na dirección de *La Noche*, denantes de que o meu inesquecible xornal fose dinamitado. Non en balde Ramón Luís é o fillo intelixentísimo do mestre depurado Manuel Acuña, o inspirado poeta ourensán que compuxo *Firgoas*, con algúns dos máis nidos versos da súa martirizada xeneración.

¡Cantos poetas, cantos escritores, cantos intelectuais de agora, son fillos de bos e xenerosos escolantes! Nesta nómina inxel ha de incurirse meritariamente ao actual sudirector da Axencia Efe, admirábel e ecuánime comentarista internacional, quen inda sendo viciño meu na Cidade dos Periodistas, é asesor xornalista da dirección da UNESCO, con sede en París, onde resideu Ramón Luís longos anos e casou cunha culta dona francesa, profesora hoxe do Liceo Francés de Ma-

drid. E, claro está, pegouse ao noso colega o mellor do pensamento galo, ata o punto de que o goberno da V República considerou capaz de levar dignamente o botón da Lexión de Honor no oxal da súa solapa. ¡O único dos intelectuais galegos que tan galardón napoleónico!

Dois ben, ao ser creada a *Cátedra UNESCO*, na Facultade de Ciencias da Información, da Universidade Complutense, nada máis natural que Acuña fose nomeado director dela. A súa brillante traxectoria profesional avalábo, así como o seu profundo coñecemento, nación por nación, desta aldea global, onde parece ser que habitamos. Dous libros excelentes confirman esta aseveración: *Como los dientes de una sierra* (Francia-España de 1975 a 1985, unha década) e *Las tribus de Europa*, subtítulo "Reportaxe de actualidade sobre o rebrote nacionalista no vello continente", no que entrevistou previamente pra compoñelo a Pujol, Arzalluz, Havel, Raymond Aron, Jorge Luís Borges e algunhas máis, mentres escrarecidas ou guieiras de pobos.

Polo tanto, neste intre de eclisión dos nacionalismos, no que semella ser a bicha de tantos políticos centripetos e alarmistas, poucos escritores están tan documentados nesta cuestión palpitante, coma Ramón Luís Acuña. E cecais ningún ourensán, e tal vez ningún galego, que e saiba, tratouna con tal amplitude, dende o tempo no que Vicente Risco escribiu a *Teoría do nacionalismo galego*.

Dada esta sapiencia era lóxico que o noso paisano e viciño e colega fose escollido pra dirixir a *Cátedra Unesco*, adicada fundamentalmente ao estudo das *Minorías, nacionalismos e culturas transnacionais*. Mais, as leccións que normalmente vaia dar nela o seu director serán complementadas coas extraordinarias disertacións dos mellores persoeiros ou expositores dos diversos nacionalismos europeos. Neste curso, pra comezar, disertarán líderes e profesores de máis alá dos Pirineos; se ben, no próximo, sentarán nesta cátedra, sucesivamente, os principais teóricos e pragmáticos dos nacionalismos peninsulares.

Supoño que entón terá lecer Xosé Manuel Beiras pra expor aos alumnos da Complutense a súa innata e orixinal concepción do nacionalismo noso. E de que Fernando González Laxe mostre ali as conclusións dos seus comprometidos traballos, que agora empezan, acerca da compatibilidade do socialismo co galeguismo, e as sofisticadas distincións entre esta ideoloxía e o do nacionalismo galego. Anque tamén confío en que Xerardo Estévez ou Rodríguez Pardo, verbigracia, expliquen a aqueles rapaces os achados da Fundación Xaime Quinanilla nos próximos meses. Que dun xeito castizo, máis que enxebre, acaso empece proclamando que a nosa socialdemocracia non debe ser *chicha ni limoná*, por onde ha de caber integramente nò Bloque Nacionalista Galego.

Esperdoen, porque deixándome levar desta teima miña, non me reste espacio pra resumir o que disertou Ramón Luís Acuña, na súa espléndida lección inaugural da *Cátedra Unesco*, a propósito de *Europa, una tela de retazos*; que eu máis ben chamaría *Europa, una manta ruana*. ♦



Aníbal C. Malvar

'Con quince anos hai que ler a Dostoievski'

Estou lendo *L.A. Confidencial* de James Ellroy, unha novela negra moi apropiada para as viaxes. Gosto do xénero aínda que cômpre seleccionar, non todo o que aparece como negro é bon.

Que recomenda ler?

A obra de Miguel Anxo Murado *Ruido* é moi recomendábel, cun estilo ben definido, sólido e intelixente. Gañou xunto coa Xunto coa miña novela *Unha noite con Carla* o premio Arcebispo San Clemente. Murado busca a humanidade en situacións extremas como foi o conflito na ex-Lugoslavia que, lamentablemente foi moi utilizado contra os nacionalismos. Interesa ademais porque temos unha tendencia a non saír do noso entorno que rompe *Ruido* dando unha visión propia dun tema fundamental da historia recente. Inevitábelmente e polas circunstancias nas que se deu, a literatura galega centrouse en si mesma e é bo tamén o contacto con xente de fóra e a apertura.

Gañou un premio outorgado por xente nova, son os seus lectores fieis?

Teño un público fiel tanto en xente nova como adulta. De todas maneiras non me gusta falar de literatura xuvenil porque agora, con ese nome, quérense facer libros para *parvos*. Con quince anos hai que ler a Dostoievski ou a Xúlio Verne e non literatura de ma calidade. As editoriais tiran novas coleccións para vender ao público máis novo e semella como se para eles servise calquer cousa.

Cal é o seu próximo proxecto editorial?

En Xaneiro sairá unha nova novela miña que se vai titular *Á de mosca*, a cocaina cristalizada que toma a conciencia de á de insecto. Insírese dentro da novela negra e trata do final do tardofranquismo co golpe do 23 de Febreiro nunha trama na que entra tamén no narcotráfico. Fai unha análise do que foi a ilusión do goberno dos socialistas e a desilusión posterior coa cultura do pelotazo.

Os lectores galegos reciben ben a novela negra?

A literatura negra que se fai aquí é distinta á americana. En Norteamérica as miñas obras non estarían inseridas no xénero negro. ♦

Escritor: A Coruña, 1964.

Obras: *Sono do violinista*, *Un home que xaceu aquí*, *A man dereita*, *Unha noite con Carla*.

CAMIÑO VELLO CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

A obrigada peregrinación

Hai santos que, polos egoístas castigos que imponen a quen non fai o que eles mandan, deberían estar no inferno. E que me perdoen.

¿Quen pode ver con bos ollos que, por non ir a Teixido en vida, un paisano teña que ir de morto transformado en lagarto ou algo semellante? Desculpade cando neste xuízo de valor digo que, con tal actitude, o santo pórtase como un daqueles deuses dos pagáns, famosos por facer recolección de vicios e, sobre todo, polo interese con que presidían cada un dos seus actos.

Era de supoñer que os apóstolos funcionaban coma un equipo de abnegados, no que todos se axudaban e complementaban; pero polo visto non foi así. Entre eles tamén hai certos ciúmes, como queda demostrado cando san Andrés lle deu a Xesús aquela queixa nada máis chegar a Teixido.

— Vaia preferencias tes cos teus discípulos, ti que nos fixeche predicar a igualdade. De maneira que a Santiago polo nunha catedral que recibe peregrinos de toda a terra e a Pedro no centro da cristiandade, e aos demais acantónados, como se non fóssemos máis que vultos que andasen polo mundo a velas vir.

— Non te preocupes Andrés, que quen non veña verche de vivo virá de morto, -din que lle dixo o Mestre.

A verdade é que os apóstolos éranvos de carne e aoso coma calquera de nós, e despois dun labor tan duro, que lles levou a quedar por parvos e acabar martirizados por predicar algo que cae de caixón, tamén esixían, ademais dun lugar no ceo, algún privilexio na terra.

Despois, a lenda non fala nada do asunto da transformación en animais repugnantes, así que non sei a quen se lle puido ocorrer tan noxento castigo. O que si é certo é que non foi san Andrés o primeiro que obrigou aos penitentes a peregrinar ao seu santuario

—Tende coidado de non facerlle mal. Eses lagartos son as almas dos heroes que peregrinan para render culto aos deuses.

Tamén o escritor de orixe polaco, Andrei Zaniesski, fala dos miles de ratas que hai no templo Karai Ma en Bihanera, nas indias, que veñen sendo, nin máis nin menos que poetas mortos, agardando a chegada da resurrección.

Pero xa o "Libro dos Mortos", dos exipcios, narraba como a al-



ma dos defuntos se reconverte en animais; e segundo fose a estada do defunto neste mundo, podía transformarse en paxariño piador, admirado e contemplado por todos, ou no máis noxento réptil, asemade, rexeitado e maltratado por todos.

¿De quen copiou tan odioso castigo un santo como san Andrés? Calquera sabe. O certo é que as maldades axiña encontran aposento nas máis santas

mentes, ata ir reconvertingo este "Bendito mes, que empeza con Todos os Santos e remata con san Andrés", nunha especie de dexeñación do culto aos mortos. Porque o asunto é que, novembro comeza coa festa do defunto, ao veciño que se desprende da vida (¿un vivo?), e acaba cos mortos que volven ao mundo transformados en animais pouco atractivos, (¿un defunto ou un castigado?).

Hai quen comenta que, como o topónimo Teixido descomposto en grego clásico ven a dicir algo así como "consagrado ao deus Hades" que era o deus das profundidades, e do reino dos mortos, ao mellor as almas xa tiñan por costume vir, por metempsicose, a algún santuario primitivo neste extremo da costa da morte, antes de que o apóstolo atacara, coa súa barquiña de pedra neste cantil.

Pero aínda no cristianismo, este san Andrés noso ten semellantes polo mundo adiante, como o santuario de Saint Anne Le Palud, na fisterra bretona, do que fala Martínez Oca en "Violantet", a onde tamén vai de morto quen non foi de vivo. ♦

Baiona

EXPOSICIÓNS

A TORTURA DA INQUISICIÓ

Instrumentos de tortura da Inquisición no edificio do antigo concello até o 31 de Decembro.

Bueu

CINEMA

CINE DE OUTONO

O ciclo de cine organizado polo *Colectivo Rebolo* finaliza Novembro ca proxección de *Priscila a Rainha do Deserto*. O Venres 28 na casa da Cultura ás 22 h. Entrada de Balde.

Fotograma de *O cambio de Ignacio Vilar* que proxecta o CGAI na CORUNA.



Burela

LEITURAS

A ZARANDA

O Xoves 27 de Novembro ás 21,30 h. Apresentará *A Rutina e o Deber de Toda as Criaturas* de Manolo Cor-

tés (Edicións Positivas) e *Afasia* de Xavier Cordal (Bahía Edicións).

Carballo

TEATRO

CIRCUÍTO DE TEATRO

Organizado polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e o concello de Carballo, levará para o mes de Decembro ao grupo *Falcatrúa* con *O inspector conspiración*, o Mércores 3, o 4 *Teatro Buratini* representará a *Gaita que facía a todas bailar*, para o 5 *Xalgarete* representará *D. Gueiro Carameleiro*, o 19 *Ministros pola cara da man* de *Encuadre Produccións* e o día 26 *Nano* polo *Teatro do Adro*. Máis información nos teléfonos (981) 57 71 28/34.

A Coruña

CINEMA

GALEGOS NO CINE

O Centro de Artes da Imaxe, pecha o ciclo de cine que proxectou durante o mes de Novembro, con tres películas: o Xoves 27 *The Brothers McMullen* de Edward Burns (USA 1994. 35 mim. 95 min), o Venres 28 *O Cambio de Ignacio Vilar* (Galiza 1997. 35 mim. 21 min) e o Sábado 29 repetición de *Os Irmans McMullen*. O horario é de Martes a Ven-

res de 20,15 h. os Sábados ás 18,30 h. Na sala de proxeccións do CGAI. O prezo da entrada é de 200 pta.

EXPOSICIÓNS

EL PASO

Exposición en homenaxe ao grupo *El Paso*, aos corenta anos do seu nacemento, o colectivo é unha actividade que pretende crear un novo estado do espírito dentro do mundo artístico do estado español. *El Paso* nasce como consecuencia da agrupación de varios pintores e escritores: *Rafael Canogar*, *Marín Chirino*, *Luis Feito* e *Manuel Rivera* (xa falecido) entre outros. Durante Novembro e Decembro na Fundación Pedro Barrié da Maza.

MÚSICA

KEPA JUNQUERA

O Xoves 27 de Novembro, organizado pola A. C. Alexandre Bóveda, tocará no Teatro Rosalía de Castro. Entrada: 1500 pta. e 1000 pta para socios.

SINFÓNICA DA GALIZA

Tamén o Xoves 27 de Novembro, na Fundación Barrié, continúan co ciclo de concertos adicados a Brahms / Schubert. Do primeiro, a Sinfónica da Galiza interpretará *Obertura trágica*, Op. 81 e a *Primeira Sinfonía en Do menor*, Op. 68. De Schubert a *Cuarto*

O Trinque

Cardoso e Lobo Antunes

Os autores portugueses Cardoso Pires e Lobo Antunes xa figuran nos trinques galegos na súa lingua orixinal. É bon apurar a collelos porque nalgunhas librerías xa están esgotados. A

feliz distribución da literatura viciña é o resultado da colaboración entre a editora lisboeta *Dom Quixote* e máis a galega *Edicións Xerais*, ambas pertencentes ao grupo *Anaya*. ♦



Schubert.

Sinfonía en Do menor "Trágica". Dirixe Uve Mund.

TEATRO

VELADAS INDECENTES

O Xoves 4 de Decembro ás 12,30 h. no Salón de Graos da Facultade de Filoloxía, a Biblioteca Arquivo Francisco Pillado Mayor presenta a obra de *Manuel Lourenzo*, Premio Nacional de Literatura Dramática 1997.

Ferrol

TEATRO

MINISTROS POLA CARA

O grupo teatral *Encuadre Produccións* presenta a súa obra no Teatro Jofre para o 4 de Decembro.

Lugo

XORNADAS

IV XORNADAS DE NACIONALISMO

Organizadas polos CAF, do

12 de Novembro ao 4 de Decembro, no salón de actos da Escola Universitaria de Ma-xisterio a partir das oito do serán. Para esta semana: o Xoves 27, *Outros nacionalismos: a visión específica de Cuba* na que falará *Luis Felipe Vázquez Vázquez* cónsul de Cuba na Galiza, Martes 2 de Decembro, *O asocialismo xuvenil na Galiza*: ERGA, 25 aniversario, falará *Alfredo Suarez Canal*, deputado do BNG no parlamento galego e ex-membro de ERGA. O Xoves 3 de Decembro *Unha aproximación á influencia do cinema na transformación socio-económica da Galiza* na que falará *Carlos López Piñeiro*, escritor e director de cinema e o 11 de Decembro clausurárase a xornada cun recital poético a cargo do *Batallón Literario da Costa da Morte* e a actuación do grupo de música tradicional *Liñaceira* no Clube Clavicebalo, a partir da 22 h.

presentará esta peza o Sábado 29 de Novembro no Cine Veiga ás 22,30 h.

Ordes

XORNADAS



CON XOSÉ NEIRA VILAS

A Asociación Cultural *Obradoiro da Historia* organiza unha serie de actos que conmemoran ao autor galego para o Venres 28 de Novembro na Casa da Cultura. Ás 17 h, abren a exposición e venda de libros de X. Neira Vilas e de Anísia Miranda. Ás 19,30 h, os autores asinarán exemplares das súas obras. Ás 20 h, Xosé Neira Vilas falará sobre *A Galicia Emigrante*. E ás 21 h. actúa o grupo de música tradicional *Ruote*.

Xornadas literarias con Anísia Miranda e Xosé Neira Vilas, a quen vemos nun debuxo de Seoane, en ORDES.

Moaña

CINEMA

CINE CLUBE ALEXANDRE CRIBEIRO

O Venres 28 ás 22,30 h, Cine Clube Alexandre Cribeiro, pasará no Cine Veiga, Teño unha Casa de Mónica Laguna.

TEATRO

DANI E ROBERTA

O grupo *Balea Branca* re-

Ortigueira

TEATRO

CIRCUÍTO DE TEATRO

Convocado polo IGAEM e o concello de Ortigueira, presenta para o 5 de Decembro a *Encuadre Produccións* con *Ministros pola Cara* e o día 26 do mesmo mes o grupo *Sarabela* representará *A Esmorga*. Máis información no teléfono: (981) 57 71 28.

Ourense

EXPOSICIÓNS



UNHA PELÍCULA NA PEL, DE MULLER

Olga Adelantado, Helena Almeida, Anne Delaporte, Ana Fernández e Montserrat Soto abriron a súa exposición o pasado día 4 na galería *Marisa Marimon*. A

Fotografía de Ana Fernández.

Carteleira

IN& OUT Kevin Kline protagoniza esta película contra a hipocresía social sobre a homosexualidade. Comedia amábel que escandalizou nos Estados Unidos, e cunha escena de baile do protagonista da que se gardará memoria.

DUAS RAPAZAS DE HOXE. O director Mike Leigh (*Secretos e mentiras*) dirixe este retrato de dúas mulleres que se reúnen en Londres anos despois de rematar os estudos. O Londres post-thatcheriano nun cine ben construído no que só renxe a doblaxe.

PERSEGUINDO A AMY. Película para xóvenes, con bons chistes e exceso de tacos. O lesbianismo e a parella vistos desde unha perspectiva pedagóxica. Mensaxe conservadora, ampliada coa estética dos noventa.

A CAMAREIRA DO TITANIC. Bigas Luna acada un dos cúmicos da súa carreira con este filme intelixente que acaba sendo unha homenaxe á profesión de actor. O mellor filme español da temporada.

PERDITA DURANGO. A experiencia mexicana de Alex de la Iglesia resólvese con éxito. Filme na liña cínica de Tarantino que renova o xénero norteamericano de violencia. Nada novo no fondo, pero fresca nas maneiras.

NADA QUE PERDER. Comedia de Tim Robbins que se ve con agrado, aínda que non deixará apenas pegada no espectador. Un executivo branco e un delincuente negro fan parella durante a fin de semana.

UNHA HISTORIA DIFERENTE. Filme norteamericano que sigue a pegada de *Transpotting*, dedicado so-

bre todo a exhibir a xuventude de Cameron Diaz. Comedia pretendidamente anovadora, onde o humor non pasa de infantil.

A VODA DO MEU MELLOR AMIGO. Julia Roberts e a actriz de moda nos Estados Unidos, Cameron Diaz compiten polo mesmo home nun filme doce que non destaca pola súa orixinalidade.

MIMIC. Unha morea de seres metade insectos metade humanos sobreviven nos sumidoiros da cidade listos para atacar. Intencionadas semellanzas con *Alien* pero nada que ver. Só entretida.

THE FULL MONTY. Un grupo de obreiros en paro deciden exhibirse espidos nun espectáculo para mulleres como único modo de obter diñeiro. Película inglesa con moito humor, boa factura e crítica social.

CARNE TRÉMULA. Almodovar demostra outra vez a súa habilidade para dirixir actores e a súa impotencia ante os guións enguedellados. Sobran algunhas imaxes tóxicas nesta película con altos e baixos.

COP LAND (Polilándia). Os policías de Nova Iorque fanse cun bairro para vivir só eles, sen medo á delincuencia, pero descúbrense que pactaron coa máfia. Interpretes: Silvestre Stallone, Hervey Keitel, Robert de Niro.

MARTIN (HACHE). O arxentino Adolfo Aristain volvese a poñer a cabeza das fitas de calidade na carteleira. Película, protagonizada polo sempre cautivador Federico Luppi, con diálogos enriquecedores e unha trama case teatral. Magníficas tamén as interpretacións de Eusebio Poncela e Cecilia Roth. ♦



Os instrumentos de tortura da Inquisición pódense ollar en BAIONA. Na imaxe, unha cadeira para a que fose menester.

terceira entrega da série da galería *Unha película da pel* abre até o próximo 5 de Decembro.

■ TEATRO

NANO

Teatro do Adro, pon en cena *Nano* a partir de textos de Suso de Toro, durante os días 4 e 5 de Decembro no Teatro Principal. Máis información nos teléfonos: (981) 57 71 28/34.

As Pontes

■ CONFERENCIAS

A SITUACIÓN DA LINGUA HOXE

A Mesa pola Normalización Lingüística organiza a conferencia que terá lugar o Venres 28 de Novembro ás 21 h. na Casa Dopeso. Como invitada estará Pilar García Negro, natural de Lugo, Licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa e Hipánica e Doutora en Filoloxía Romanica. Profesora da Universidade da Coruña. Autora de varios libros relacionados co problema da Lingua Galega, e deputada do BNG no parlamento de Galiza.

Santiago

■ CINEMA

CINEUROPA/97

Organizado polo concello e co patrocinio de Caixa Galicia, desenvolverase durante todo este mes no Teatro Principal, onde se poden comprar as entradas a partir das 15 h ao prezo de 400 pta. por sesión ou un abono de 3000 pta. para dez películas. Fan cinco pases diários: ás 16, 18, 20,30, 23 e 1 h. Esta última semana poderemos ollar: O Xoves 27, Colpo di Luna de Alberto Simone, Fire de Deepa Mehta, ¡Salut Cousin! de Merzak Allouache, En la Puta Calle de Enrique Gabriel e O Che de Maurice Dugowson, o Venres 30, Pink Flamingos de Jhon Waters, Alto, Bajo, Frágil de Jacques Rivette, Quien puede matar a un niño de Narciso Ibañez Serrador, Fire e En la Puta Calle, o Sábado 29 La Belle Noiseuse de Jacques Rivette, En la Puta Calle, ¡Salut Cousin!, Pink

Convocatorias

IV CONCURSO GALEGO PARA CARICATURISTAS NOVEIS

O Clube Cultural Alexandre Bóveda e a Concellería de Cultura de Ourense organizan este concurso de acordo cas seguintes bases: participantes galegos e residentes na Galiza que comprendan entre 14 e 30 anos. Cada autor poderá presentar o número de caricaturas que dexese, orixinais e inéditas. Tamaños: mínimo DIN-A4 (210x297 mm.), máximo DIN-A3 (297x420 mm.). Técnica e tema libre, aínda que se valorarán especialmente os motivos de ámbito cultural, social ou político de Galiza. Os traballos deberán ser entregados, antes do 15 de Decembro, na Casa da Xuventude, rúa Celso Emilio Ferreiro, 27.32004 Ourense. As obras traerán ao dorso o título e un lema, e virán acompañadas dun sobre pechado no que figurará o mesmo lema no exterior, e dentro o título ou relación deles presentados, os adtos do autor e fotocopia do DNI así como un teléfono de contacto. O premio a mellor colección (6 caricaturas) será de 100.000 pta. e catro premios ás mellores caricaturas de 25.000 pta. Cos premios e unha selección das obras presentadas farase unha exposición que se mostrará durante o mes de Marzo de 1998, despois da exposición as obras seran devoltas nun prazo de tres meses.

CURSO PARA A FORMACIÓN DE TÉCNICOS DE ILUMINACIÓN

Baltasar Patiño, iluminador e escenógrafo impartirá un curso para a formación de técnicos de iluminación durante 12 días, entre o 6 e o 23 de Decembro. O curso impartirase no teatro galán dirixido a futuros técnicos como a aqueles profesionais que queiran perfeccionar os seus coñecementos, tanto técnicos como actores. Máis información no teléfono (981) 58 51 66.

CURSO DE PERFECCIONAMENTO FOTOGRÁFICO

A Asociación Cultural Aula K xa abriu o prazo da matrícula. O curso terá lugar do 4 ao 18 de Decembro, de 19 a 22 h, na Escola de Imaxen e Son. Máis información no teléfono: (981) 13 41 24.

INTERESE SOCIAL

A Deputación Provincial de A Coruña convoca o 1º premio Concepción Arenal a temas de interese social. O premio poderase conceder tanto a un traballo concreto de investigación no campo do benestar social, relacionando coa provincia da Coruña como ao labor dunha persoa ou colectivo que desenvolvan dun xeito exemplarizante o seu

traballo nese ámbito. As obras deberán presentar por duplicado en DIN A4 mecanografiadas a dobre espazo. O prazo e até o vindeiro 28 de febreiro. A dotación será un único premio de 100.000 pta. Máis información na Deputación Provincial da Coruña, rúa Alférez Provisional, s/n. 15006 a Coruña.

VIÑOS GALEGOS NO NOVO MILENIO

A área de ciencias agrarias do Seminario de Estudos Galegos, artella para finais de Novembro, dúas xornadas sobre a situación dos viños galegos ao remate do milenio. Pra matinar sobre os nosos viños convidaron 10 especialistas en distintos temas de vitivinicultura a falar sobre actualidade e condicionantes futuros. A Área de Ciencias Agrarias do Seminario organizou as súas primeiras xornadas en 1983, sobre Recursos básicos da agricultura galega, despois aínda viñeron seis xuntanzas máis, o resultado recóllese nos 8 volumes dos *Cadernos* da área de ciencias agrarias que representan un dos conxuntos máis importantes de publicacións específicas adicadas ao agro galego. Nas últimas xornadas, en 1994, tratouse sobre as mudanzas de distintos sectores entre 1983 e 1994. Desta volta as xornadas serán os días 28 e 29 de Novembro no Instituto Galego de Información (Santiago), cunha matrícula que vai de

10.000 a 5.000 pta. segundo se teña traballo ou non. Informan nos teléfonos (981) 58 64 77 e 58 65 12. O sitio web: <http://www.nseg.org/xornadas.html>.

CONCURSO NACIONAL DE POESIA

O Facho, agrupación cultural, xa convoca o décimo-noveno concurso nacional de poesía para autores noveis. Recollen un máximo de 5 poemas por participante, que teñen que chegar antes do 15 de Febreiro de 1998, a duple espazo e por triplicado, con lema e baixo plica, a O Facho: Federico Tápia, 12-1º. Apartado de Correos 46. A Coruña. O premio é de 40.000 pta.

ENCONTRO DE SOLIDARIDADE CON CUBA

Os días 6, 7 e 8 de Decembro celebrábase en Santiago de Compostela e Oleiros o IV Encontro de Solidariedade con Cuba. Ademais de sesións de traballo haberá actividades festivas e culturais de irmandade co povo cubano. Aquelas persoas ou organizacións sociais solidarias interesadas en participar, poden informarse en Comité Universitario de Solidariedade con Cuba "Praia Girón". Local de Alumnos - Facultade de Ciencias. Universidade de Vigo. Lagoas, Marcosende, Vigo. Telf/Fax. (986) 81 25 58. ♦

Alberto Datas, participante no *Atlántico*, mostra unha interesante escolma de toda a súa obra no CGAC de SANTIAGO.



Flamingos e o Domingo 30, Murel's Wedding de P. J. Hogan, Wolf de Mike Nichols, ¡Quien puede matar a un niño, Killing Zoe de Roger Avary, Pink Flamingos, Les Amants du Pont-Neuf de Leos Carax e Un lugar en el Mundo de Adolfo Aristarain.

■ EXPOSICIÓN

ALBERTO DATAS

O pasado día 21 de Novembro inaugurouse no C. Galego de Arte Contemporánea, a exposición de Alberto Datas. A mostra presentase como unha cuidada e retrospectiva do traballo do artista desde finais dos sesenta até a actualidade, traxectoria na que se percibe a evolución desde un certo obxectualismo pictórico inicial cara unha progresiva descomposición figurativa, reivindicando en todo momento a pintura como vehículo expresivo de enorme potencialidade. A súa inclusión na primeira exposición de *Atlántico*, sitúo como un dos máis importantes renovadores da plástica galega. Aberto até Febreiro de Martes a Sábado de 11 a 20 h. e Domingos e festivos de 11 a 14 h.

M. BROODTHAERS. CINEMA

O Centro Galego de Arte Contemporáneo presenta, o Venres 28 de Novembro ás 20 h., a exposición producida pola Fundación Antoni Tàpies do belga Marcel Broodthalers. A mostra

acolle as dúas vertentes concibidas polo artista: o cinema propiamente dito e o cinema coma exposición.



De Martes a Sábado, de 11 a 20 h, Domingos e Festivos, de 11 a 14 h.

CURRO ULZURRUM

Até o 13 de Decembro na Sala Trinta (rúa Nova 30-2º). A mostra contará con máis dunha vintena de pezas recentes do artista realizadas en pedra de pequeno e mediano formato.

CENTRO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

A maiores do indicado arriba, o centro comprende a mostra da pintora Berta Cáccamo, premiada, becada e con exposicións por todo o mundo, que abriron a finais de Outubro na sala de instalacións *Dobre Espazo*. A proposta de Cáccamo comprende deseños de finais dos oitenta. Tamén no centro pódese visitar a súa mostra permanente de arte galega con obras de 1980 até hoxe, e a Colección da Fundación ARCO, e as fotografías. Abre de Martes a Sábado de

11 a 20 h. e Domingo de 11 a 14 h. Abre de 11 a 20 h, de Martes a Sábado, e de 11 a 14 Domingos e festivos.

Publicacións

IRIMIA

A revista *quincenal de crentes galegos*, editada pola Irimia, ven de sacar o seu número máis recente para a primeira quincena de 3 ao 16 de Novembro. Con 16 páxinas e un prezo de vintecinco pesos, contén artigos de todo tipo de cuestións. En política hai un estudo da *resaca* das eleccións na Galiza. Tres páxinas ocupa Jacques Gaillot, bispo católico volcado contra as inxusticias humanas, e atacado polo vaticano. En *O Noso Taboleiro*, María Victoria Becerra Sueiro, expon o problema da SIDA como unha praga que mata aos xoves. Tamén en historia San Trecón nas terras de Tui, remontada ao século XIII contan o que lle pasou a San Trecón que nunca chegou a ser santo oficialmente. Na última páxina a resposta do Subcomandante Marcos á oferta de apoio do E.R.P. (Ejército Revolucionario do Povo). Irimia conta con unha subscripción ordinaria de 2.500 pta, unha real de 3.000 pta. e unha de apio de 5.000 pta. Maior información no Apartado 980 de Santiago. Teléfono: (981) 59 01 42. ♦



Tui

■ EXPOSICIÓN

E. PÉREZ VICENTE

A galería de arte Trisquel e Medúlio expón a obra da argentina até o vindeiro día 13 de Decembro. Abre de 18,30 a 21,30 h.

Vigo

■ CINEMA

CINE CLUBE LUMIERE

O Xoves 27 pasarán Get

A pintora argentina Elsa Pérez Vicente mostra a súa obra en TUI.



O escudo da Galiza deseñado por Castelao en insígnia ou chaveiro

Chaveiro: Prezo 500 pta + 160 pta de gastos de envío

Insígnia: Prezo 200 pta
Pagamento a meio de selos de correos ou ingreso na conta de Caixa Galicia 2091 0501 683040001024
Solicita a cantidade que desexas ao Apdo. 1371, 36200 de Vigo.



Anúncios de balde

■ **Oferécese Técnica de Laboratorio con experiencia** (rama Química), para traballar pola zona de Vigo. Telf. 907 324 301

■ **Precisase mestre/a para formar grupo de cantadeiras.** Teléfono: (986) 70 85 92.

■ **Mercaría ordenador de segunda man** con CD Rom, a poder ser con impresora. Tlf. 908 084 117.

■ **Aluga-se cuarto en piso compartido** (12.000 pta.). Rúa do Home Santo 17, 2º. Compostela.

■ **Regalo gatiño** fillo de nai exipcia e pai siamés, se o queres chama ao teléfono (986) 20 95 72 ou ao 47 02 03.

■ Os CAF de Compostela peden a todas aquelas persoas que deixaran algun libro no desaparecido centro de recursos para estudantes MANCOMUN e queiran recuperalo que pasen polo local dos CAF (no COIE) antes do 1 de Decembro.

■ **Merco piso en Vigo,** preferentemente un primeiro. Sobre 10.000.000. (981) 46 05 67 e 929 02 43 48.

■ **Tradutora e interprete de galego,** francés, inglés e castelán. Fanse todo tipo de textos. Mari Fé no teléfono (986) 46 95 90.

■ **Abisinia.** Desexa colaboradores para revista cáustica. Os traballos serán en galego (calquera Versión). Prégase ironía e bo humor en: artigos, viñetas, contos, notas de prensa, collage, etc. Enviar cos datos persoais (fotocopia D.º.I. e teléfono). Celia López Otero, Avda. de Vigo, 20 B. 36640 Pontecesures (Pontevedra). Teléfono e fax: (986) 55 71 96.

■ **Merco ou alugo casa nos arredores de Pontevedra,** teléfono (982) 56 29 53.

■ **O Clube de adictos a Deep Purple de Vigo ven de sacar a revista Hush Magazine** adicada á Saga Deep Purple e ao rock dos 70. Á venda en Elepé, La Columna, Virgin e nos pubs Carpe Diem e Hagar 77, tamen na cafetería Diseño. 400pts.

■ **Merco cancionero de Casto Sampedro.** T. Buceta. Länggensstrass, 6. 8184 Bachenbühlach. Suíza.

■ **Vendo gatos persas, azuis e negros.** Desparasitados. Nados o 7 de Agosto de 1997. Teléfono 907 95 22 70 e (981) 56 37 25.

■ **Alúgase praza de garaxe en Vigo,** na Avda. Alcalde Portanet, 20. Teléfono (986) 20 24 69.

■ **Merco temário, para as próximas oposicións a enxeñeiros técnicos agrícolas, da Xunta.** Traballo e por tal motivo, non podo asistir a nengunha academia. Chamar de 9 a 13 h, e de 15,30 a 19,30 h, ao (981) 36 34 72, perguntar por Xosé António Silveira.

■ **Véndese guitarra acústica GIBSON EPIPHONE con equalizador e volume incorporado.** Estuche e amplificador Yamaha AR 25 wátios. Ten saída para mesa de mesturas e para caixa de ritmos, todo novo. 80.000 pta. Teléfono (988) 21 27 08, perguntar por Richar.

■ **Gralha, publicación informativa bimestral** no N.º 18. Outubro-Novembro, inclúe unha reportagem sobre o XIV Festival Mundial da Juventude em Cuba, outro de "Caravane", o grande festival que no 98 visitará Compostela, entrevista a Ramon Lopes-Suevos, etc. Envío gratuito solicitando-a no Apto. 678 - 32080 Ourense.

■ **Axudanos a encher Galiza de árbores.** Merca os *bono-árbore* de Xevalle. Por cincocentas pesetas plantamos no teu nome un teixo e un acivro na Serra do Faro e Ribeira Sacra. Envíanos un xiro postal ou talón nominativo a Xevalle. Apto. 35. 27500 Chantada.

■ **Vendo piso en Ponteareas (95 m²).** Todo exterior. Tres cuartos, dous baños, garaxe e trasteiro. Tamén o cambio por outro en Vigo. (986) 66 04 33. Perguntar por Esteban de 20 a 21 h.

■ **Oferécese para traballos de reparación** alvaneis, azulexo, plaquete, etc. Presuposto sen compromiso. Teléfono (986) 26 30 00.

■ **Necesitase odontólogo para clínica en Pontevedra.** Enviar curriculum vitae ao apartado 2.006 Pontevedra.

■ **Entendes e queres compartir andar en Compostela?** Se es tio sério, compartó apartamento con salón-comedor, cocifna, baño e aseo. Zona

Ensanche. Só entendidos. Teléfono 909 44 32 20.

■ **Buscamos a unha moza ou mozo para compartir piso en Vigo.** Podes chamarnos de Luns a Xoves a partir das 22 horas ao telf. 939 751 187.

■ **Vendo amplificador Marshall JCM 800 para baixo eléctrico.** Potencia cabezal 100 W. potencia altavoces 300 W. 100.000 pta. Se te interesa chama ao (981) 24 17 59, e deixa o teu nome e número de teléfono.

■ **Vendese piso en Meicende,** estrada a Arteixo, 5 cuartos, cocifna, baño e tendedeiro. Moi perto da parada do bus. 8.500.000 Telf. (981) 26 36 17.

■ **Merco casa con terreo nos arredores de Vigo.** Perguntar por Raquel no (986) 42 04 88, en horas de oficina.

■ **Música: preparación de oposicións, ensino primario e secundario.** Clases en Vigo e Santiago. Información no telf (986) 23 54 72.

■ **Acaba de nacer un novo grupo en Ourense, que luta pola igualdade entre homosexuais e heterosexuais.** As persoas que desexarem tomar contacto con o **Grupo Liberación Homosexual** ou solicitar información, poderán escribir para o Apartado dos Correos 343. 32080 Ourense.

■ **Lingua Nacional,** n.º 8. Boletim de Información Lingüística editado polo Movemento de Defensa da Lingua: Análise do Mapa Sociolingüístico Galego; Galiza Terra Única?; Ebonyx; Ichteria; Carvana ao Curdistán... **Agora 12 páxinas con novos conteúdos: Curso de introducción e alfabetización no galego correcto** (1ª parte). Inclui material para se autofinanciar: libros de lingua e literatura, camisetas, bandeiras, autocolantes, etc. **Envío gratuito.** Encomendas no Apto 570 de Ferrol.

■ **Por traslado traspasa-se perruquería** semi-esquina na Rúa Barcelona da Coruña. Teléfono (981) 26 54 22.

■ **Afeizoados e coleccionistas, vendo selos de puro e os seus derivados.** Interesados escribir ao apartado 43. 08840 Viladecans. Catalunya.♦

Encrucillada

XOAN COSTA

| | | | | | | | |
|----|----|----|----|----|----|----|----|
| 1 | 2 | | 3 | 4 | 5 | 6 | |
| 7 | | | 8 | 9 | | | 10 |
| 11 | | | | 12 | | | |
| 13 | | | 14 | | | 15 | |
| | | | 16 | | 17 | 18 | |
| 19 | 20 | | 21 | | | | 22 |
| 23 | | 24 | | | 25 | | |
| 26 | | | | | 27 | | |
| | 28 | | | | | | 29 |

Horizontais

1. Parte final do brazo 3. Letras de rosa 7. Ao revés, nota musical 9. Pasta de arxila e area que se utiliza para material de construción, unha vez cocida 11. Valo feito con vexetais 12. Primeira letra do alfabeto grego 13. Ao revés, símbolo do sodio 14. Posúe 15. Pasa a vista sobre un texto 16. Contracción do pronome persoal 17. Ao revés, pronome persoal de terceira persoa no feminino 19. En números romanos quince 21. Referido ao falo 23. Barra que une as rodas dun vehículo 25. Falte ás aulas 26. Acrecentar, xuntar 27. Reces 28. No plural, garantía, crédito 29. Ao revés, preposición.

Verticais

1. Mistura de fariña con auga 2. Máis alá 4. Regalos, obsequios 5. Letras de loro 6. Reflexan 8. Alegoría 10. Pasa de dentro para fóra 18. Ao revés, cada unha das barras de ferro sobre as que circula o tren 19. Formase xeada 20. Tempo que transcorre desde o nacemento á morte 22. Escóitase En números romanos, catorce.♦

Para a inclusión de información nestas páxinas do Lecer pregámosvos nolas fagades chegar antes dos Luns. Pódese facer a través do correo, Apto. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., (986) 22 24 05 ou por Fax (986) 22 31 01



O Outono teatral nos bairros convoca a varias compañías, coma Fulano, Mengano & Citano e Teatro Avento a VIGO.

on the Bus de Spike Lee. A sesión comeza ás oito e media do serán no Cine Ronsel (rúa Ecuador 84), cunha entrada que custa 400 pesetas.

CONFERENCIAS

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA

Durante os días 27, 28 e 29 deste mes na sala de conferencias do centro Caixavigo, convocan a XII Conferencia da Unión Internacional dos Sindicatos da Construción, Madeira e Materiais de Construción.

EXPOSICIÓNS

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Ven de inaugurar a exposición sobre as vicisitudes do Seminario de Estudos Galegos.

ARTISTAS DE VANGARDA

Cinquenta artistas novos de todo o estado expoñen a súa obra na Casa das Artes. A mostra contara con persoas como Francisco Leiros, Ignacio Basallo, Txomin Badiola, Broto, Campano e Eva Lootz en-

tre outros. Abriu o Martes 25 de Novembro e estará exposta durante un mes.

MÚSICA

KTULU

O Venres 28 actuarán na Iguana Club. A entrada val 1.000 pta, 800 se se merca anticipada.

HOMENAXE AO GAITEIRO

As 19,30 h. o Sábado 29 no centro Caixavigo, organizado polo Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo,

TEATRO

OS CÓMICOS NOS BAIRROS

Máscara Producións presenta *Máis se perdeu en Cuba* o Venres 28 ás 22 horas en Beade, o Sábado 29 ás 22,30 en Valadares e o 5 de Decembro en Bembrive. Fulano, Mengano & Citano representarán *Cheiro de estrelas* o Sábado 29 en Beade ás 22 horas e o Domingo 30 en Matamá ás 19 horas. O Teatro Avento fará o propio con *Quen matou a Mari Lauri?*, o Sábado 29 en Candán ás 19 e o Domingo na Salgueira ás 19,30.♦

Caldo de letras

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Z | Q | R | F | C | H | Z | E | F | Ñ | F | G |
| O | S | E | R | I | A | S | O | N | E | U | B |
| S | A | N | T | O | D | O | M | I | N | G | O |
| I | I | T | O | T | C | K | M | I | I | E | G |
| Q | L | C | L | I | M | A | X | B | D | L | A |
| O | I | R | O | U | C | R | R | I | Ñ | T | I |
| L | S | R | Z | Q | G | N | V | A | O | U | T |
| N | A | S | P | U | A | E | U | G | C | K | N |
| M | R | P | I | Z | T | L | O | S | G | A | A |
| B | B | A | A | N | A | B | A | H | A | L | S |
| X | A | N | O | Z | Z | A | B | Ñ | A | O | Z |
| Z | X | M | B | I | X | X | Z | A | L | N | E |

Unha dúcea de capitais de países latinoamericanos.


SOLUCIONS A ENCRUCILLADA

LIAR 19, XEA 20, VI-DA 22, OESE 24, XIV-TAFORA 10, SAE 18, 6. REFLECTEN 8, ME-AGASALLOS 5, ORL- I. MASA 2, ALEN 4

SOLUCIONS AO CALDO DE LETRAS

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Z | Q | R | F | C | H | Z | E | F | Ñ | F | G |
| O | S | E | R | I | A | S | O | N | E | U | B |
| S | A | N | T | O | D | O | M | I | N | G | O |
| I | I | T | O | T | C | K | M | I | I | E | G |
| Q | L | C | L | I | M | A | X | B | D | L | A |
| O | I | R | O | U | C | R | R | I | Ñ | T | I |
| L | S | R | Z | Q | G | N | V | A | O | U | T |
| N | A | S | P | U | A | E | U | G | C | K | N |
| M | R | P | I | Z | T | L | O | S | G | A | A |
| B | B | A | A | N | A | B | A | H | A | L | S |
| X | A | N | O | Z | Z | A | B | Ñ | A | O | Z |
| Z | X | M | B | I | X | X | Z | A | L | N | E |

Verticals
I. MAN 3, SAOR 7, AL 9, GRES 11, SEBE 12, ALFA 13, AN 14, TES 15, LE 16, MA 17, ALE 19, XV 21, FALICO 23, EIXO 25, LATE 26, ADIR 27, ORES 28, AVAIS 29, NE.



O Carrabouxo estrela da televisión

En Decembro aprésentanse os debuxos animados que protagoniza o personaxe creado por Xosé Lois

♦ PAULA BERGANTIÑOS

Tres pequenas historias de debuxos animados cunha duración de 40 segundos e que protagoniza *O Carrabouxo* aprésentanse o vindeiro 13 de Decembro no Liceo de Ourense. Da man dunha equipa de máis de 30 persoas dirixidas por Lhosca Arias, estes tres capítulos piloto pretenden ser o comezo dunha serie de 26 episodios que consoliden como estrela da televisión ao popular personaxe creado por Xosé Lois.

Lhosca Arias, director do proxecto, xa tiña traballado en animación con plastilina. Despois de facer un curso de post-producción na escola de Imaxe e Son da Coruña, colabora coa produtora vasca *Lotura* na elaboración dunha longametraxe de debuxos animados e volta

ao país coa idea de facer unha serie animada.

"Escollimos ao *Carrabouxo* -explica- porque era un personaxe familiar, non demasiado complexo e plenamente identificado coa cultura do país. Nos guións desenvolvemos viñetas orixinais

de Xosé Lois e procuramos que o personaxe, na súa adaptación á estética do debuxo animado, non perda a personalidade que deseñou o seu creador".

Para a realización dos tres capítulos piloto do *Carrabouxo* a Escola de Imaxe e Son da Coruña cedeulles un espazo. Ali, os quince debuxantes que foron seleccionados para formar parte da equipa, escomezaron a súa andaina participando dun curso de adaptación á técnica do debuxo animado. "Tivemos que partir desde cero e traballar cuns médios moi básicos porque aquí en Galiza no hai practicamente ningunha experién-

cia neste campo -explica-. Na Escola de Imaxe e Son había unhas mesas de debuxo que reciclamos colocándolles unha pantalla con luz. Para a animación informática, utilizamos o meu ordenador e outro que nos cedeu unha asociación cultural á que estaba vinculada xente da Escola". "Estes aparatos non son os que crean o movemento -engade- utilízanse para unir as imaxes e colorealas".

Coa subvención de 2 millóns e medio de pesetas que lles ven de conceder a Xunta de Galiza poderán cubrir os gastos destes tres capítulos piloto. Nembargantes para poder materializar a serie de 26 capítulos necesitan vender o seu proxecto a unha televisión. De conseguir un comprador antes de que remate o ano, a serie podería estar rematada e lista para emitir en tres ou catro meses.

"A dificultade máis grande coa que nos atopamos é conseguir que a xente crea que no propio país tamén poden facerse cousas realmente boas -sinala Lhosca-. No caso da animación, plantexámonos demostralo e penso que o conseguimos". Segundo el, unha vez elaborados os capítulos piloto non vai ser fácil vender o proxecto. "A televisión saelle moito máis barato mercar un paquete con produtos que cheguen de fóra -explica-. O importante é conseguir que se aposte polo feito aquí e que se axude a crear infraestruturas para desenvolver unha animación propia".

Apesar da subvención que lles concedeu a Xunta de Galiza, Lhosca non deixa de ser crítico coa política de axudas da Consellería. "Nos non podemos queixarnos -sinala- pero en comparación con outras, a partida que a Consellería adica ao audiovisual non deixa de ser ridícula. Non existe unha aposta decidida por este sector".

Despois da presentación pública o día 13 de Decembro ás oito da tarde no Liceo de Ourense, estes tres capítulos piloto, nos que o propio Xosé Lois fai a doblaxe do *Carrabouxo*, proxecciónanse no *Centro Galego das Artes de Imaxe* do 15 ao 20 de Setembro ás 20:15 horas. ♦

O fusilamento mediático do Che

XOSÉ RAMÓN POUSA

A este paso, o ano do Che vai rematar cunha das máis carismáticas figuras deste século. A forza de dúcias de biografías, filmes e documentais de todo tipo que reinterpretan a biografía do médico arxentino ata convertelo en pasto do mercantilismo comunicativo. Trinta anos despois do asasinato de La Higuera, asistimos ao fusilamento mediático dunhas das celebridades que, coa súa ciruxía social, o romanticismo da súa figura e o magnetismo da súa personalidade, cargou de ilusión e da utopía necesaria as baterías de millóns de xoves que queriamos cambiar o mundo. Nos anos sesenta e setenta, atopamos no rostro do Che a imaxe precisa para contraponer ao inmobilismo dunha sociedade ancorada no pasado.

En trinta anos a ollada impávida do Che ten estado presente en todos os recunchos. Dende as paredes das habitacións estudiantís, deica ás camisetas sudadas dos traballadores portuarios. A figura do revolucionario latinoamericano que chegou a firmar os billetes do Banco nacional de Cuba foi a viva imaxe do inconformismo. A súa representación internacional en forma dunha figura romántica que enlazaba coa mitoloxía clásica.

Agora é outra cousa. A forza de tanta disección, de tanta autopsia, de tanta aparente obxetividade, de tanta iconografía desprovista de contexto histórico, o Che semella un monigote que se movía entre os intereses do estado soviético e dos personalismos de Fidel. Un produto estético do que poucos saben o seu verdadeiro significado.

E certo que, nestas tres décadas teñen mudado moitas cousas, incluso por camiños distintos os inicialmente imaxinados, téñense conseguido algunhas das velas ambicións dos xoves dos 60. Así e todo, a figura do Che sigue representando a vixencia dun espírito combativo que nunca debe morrer. Que ninguén destrúa os nosos mitos. ♦

VOLVER AO REGO

O grupo mixto do parlamento galego ten outorgadas 500 mil pesetas para gastos de funcionamento. A Anxel Guerreiro párecelle pouco e ven de pedir 800 mil. Como se poña rabudo, *Geluco* é capaz de superar en traballo parlamentario ao PSoE, cuxos deputados teñen ultimamente rozadas as mangas de tanto se arrimar ás paredes. A esquerda estatal parece cada día máis dividida. O que antes decían dos nacionalistas. ♦

• SUPER OFERTA • SUPER OFERTA • SUPER OFERTA •

| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| VALIDEZ 6 MESES 01/10/97 A 30/11/97 | VALIDEZ 6 MESES 01/10/97 A 30/11/97 | VALIDEZ 6 MESES 01/10/97 A 30/11/97 | VALIDEZ 6 MESES 01/10/97 A 30/11/97 | VALIDEZ 6 MESES 01/10/97 A 30/11/97 |
| RIO DE JANEIRO | SÃO PAULO | BUENOS AIRES | NEW YORK | BANG KOK |
| 96.000 Pta. | 96.000 Pta. | 120.000 | 74.000 Pta. | 118.000 |

MINHO EXPRESSO VIAGENS
SAIDAS DO PORTO

Servizo personalizado con transporte ao aeroporto e asistencia embarque sen cargo.

TELF. (07 - 35151) 82 01 300 - FAX 82 01 309 VALENÇA DO MINHO